

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 23

SESION EXTRAORDINARIA DE 30 DE DECEMBRO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Mariño, Ventura
Couto Pérez, José Manuel	Polo Lima, María Soledad
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e seis minutos do día trinta de decembro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(332) PROPOSTA PARA A APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO PARA A REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de decembro de 2004, o Xerente Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

"No 20 de outubro de 2000 o Pleno municipal acordou por unanimidade, previa proposta do Sr. alcalde, proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

No 24 de setembro de 2001 o Pleno municipal adxudicoulle o concurso selectivo do contrato de consultoría e asistencia técnica para a revisión do PXOM á entidade mercantil "Consultora Galega SL".

O 8 de novembro de 2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar o programa de traballo do PXOM, presentado por "Consultora Galega SL".

En data 27 de maio de 2002 o Pleno municipal acordou aprobar o documento de información, análise, diagnose, obxectivos, criterios e primeiras propostas, correspondente ás fases 2ª e 3ª do prego de condicións e programa de traballo.

A documentación da Fase 4ª (Avance de Planeamento), datada en xuño de 2002, presentóuselle ó Consello Sectorial de Urbanismo no 10 de xullo de 2002, con entrega de copias ós seus membros.

No 29 de xullo de 2002 o Pleno municipal acordou tomar coñecemento do avance do PXOM e abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, publicándose os correspondentes anuncios, con remisión de varios exemplares a diversas administracións públicas.

No período de información pública interpuxéronse 3.409 escritos de suxerencias. Tamén se emitiron informes polas administracións públicas interesadas.

No 6 de maio de 2003 a entidade "Consultora Galega SL" presentou nesta administración municipal, un exemplar da Fase 5ª do traballo da revisión (doc. para aprobación inicial), que completouse posteriormente no 14 de xullo de 2003 con novos exemplares.

No 15 de xullo de 2003 presentouse no Rexistro da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) o proxecto de PXOM para un primeiro coñecemento da Comisión mixta de seguimento establecida no Convenio de Colaboración suscrito entre ambas Administracións.

En data 3 de maio de 2004, o equipo técnico redactor da revisión entregou dous exemplares completos do proxecto revisado de PXOM. No mesmo día a Xunta de Goberno Local acordou remitir a dita documentación á Xunta de Galicia a fin de que emitise o seu informe previo á aprobación inicial.

No 9 de xuño de 2004 entregáronse varias copias do proxecto de PXOM a todos os grupos municipais e pouco despois ós servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo.

No mes de xullo de 2004 solicitáronse os informes sectoriais das Administracións de estradas, costas, aeroportos e ferrocarrís.

En datas respectivas 28 de xullo, 5 de agosto, 12 de agosto, 13 de setembro e outubro de 2004 emitíronse os informes do director xeral de urbanismo da CPTOPV, aeroportos, estradas do Estado, costas do Estado e Consellería de Asuntos Marítimos.

No 19 de novembro de 2004 o equipo redactor da revisión do PXOM entregou no rexistro da Xerencia o documento da ordenación detallada de 36 ámbitos distintos, en cumprimento da ampliación do contrato de asistencia técnica acordada polo Consello da Xerencia de Urbanismo no 10 de marzo de 2004.

Finalmente, no día 7 de decembro de 2004 a entidade "Consultora Galega SL" presentou nesta Administración municipal, a versión completa e corrixida do proxecto de novo PXOM, para a súa aprobación inicial.

No 15/12/2004 o arquitecto xefe e o técnico de administración da oficina municipal de Planeamento emitiron un informe descritivo da documentación presentada e dos pasos a seguir. Informe que aquí se dá integramente por reproducido.

En datas respectivas 20.12.2004 e 21.12.2004 o secretario do Pleno e a interventora municipal emitiron senllos informes sobre o proxecto de PXOM.

No 21.12.2004 o equipo redactor da entidade "Consultora Galega" fixo entrega dunha documentación complementaria, en subsanación dos erros e omisións detectados na documentación presentada o pasado día 7 de decembro, trala súa revisión polos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo e polo propio equipo redactor. A relación dos ditos documentos presentados figura no expediente, xunto co escrito de presentación no Rexistro."

Polo anteriormente exposto no informe transcrito, o xerente municipal de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 27 de decembro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta. A Xunta de Goberno Local, en sesión do mesmo día 27 de decembro, acordou aprobar como proxecto normativo e urbanístico a documentación presentada polo equipo redactor e informada favorablemente polo Consello da Xerencia, así como elevar o mesmo ó Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Hoxe é un día importante para a cidade porque se trae ó Pleno da Corporación o documento que vai planificar a cidade para os próximos anos. Por iso quería comezar facendo un pouco de historia

porque, aínda que todos a coñecemos, sempre e bo facer un repaso á historia de cómo se produce a elaboración deste documento.

Os traballos comezan aproximadamente o 20 de outubro do ano 2000 cun acordo de elaboración do Plan Xeral aprobado nun Pleno por unanimidade de todos os membros desta Corporación.

O 16 de novembro de 2000, faise un protocolo de colaboración entre a COTOP e o Concello para o seguimento e redacción deste documento, comisión de seguimento máis un compromiso de financiamento.

O 29 de xaneiro de 2001, o Consello Sectorial de Urbanismo dá ó visto e prace ó prego de prescricións técnicas. Lembrarei que ese prego se acordou por consenso e todos os grupos políticos fixemos as nosas aportacións. O 26 de abril de 2001 faise a aprobación en Pleno tamén por unanimidade deste prego de prescricións técnicas.

O 9 de xuño de 2001, ratifícase o compromiso de convenio coa COTOP para o financiamento do seguimento da redacción do documento. O 24 de setembro do mesmo ano faise a adxudicación do traballo a Consultora Galega, onde todos os grupos tamén participamos.

O 8 de novembro de 2001 apróbase a primeira fase do programa de traballo no Consello da Xerencia tamén por unanimidade. O 27 de maio de 2001 faise a aprobación das fases 2 e 3, propostas que se fan no Consello da Xerencia e no Pleno, tamén por acordo de todos os grupos políticos.

O 29 de xullo de 2002 elévase o avance deste documento que tamén se aproba por unanimidade no Pleno desta Corporación.

A partir daí, pasamos durante seis meses a outro Goberno en que se paralizaron os traballos deste documento e se recuperan cun novo Goberno do Partido Popular o 22 de decembro de 2003, onde se formula unha proposta dun programa de traballo nunha comisión delegada da Xunta de Voceiros e a partir daí tamén ten o seguinte percorrido: o 3 de maio de 2004 o equipo técnico redactor entregou dous exemplares completos do proxecto de revisión do PXOU a todos os grupos políticos.

O 9 de xullo de 2004 fanse tamén outras entregas a maiores logo de varias xuntanzas onde tivemos todos a oportunidade de participar neste documento.

Xa o 19 de novembro de 2004 o equipo redactor do PXOM entregou no Rexistro da Xerencia o documento de ordenación detallada de 36 ámbitos distintos que discutimos tamén na Xunta de Voceiros.

Finalmente o 7 de decembro de 2004 a empresa Consultora Galega, encargada da redacción deste documento, presentou a versión completa e corrixida do proxecto do novo Plan Xeral que hoxe traemos a aprobación inicial.

Quero facer todo este recordatorio porque, como vostedes poden analizar en todos os documentos que están enriba da mesa, este foi un traballo que se fixo por unanimidade e co consenso de todos os grupos políticos que participamos dun xeito decisivo, que nos implicamos, tanto estando no Goberno coma na oposición, dende o ano 2000, polo tanto estamos a falar de catro anos de traballo neste documento.

Tamén tivemos a colaboración de axentes externos; nesa comisión que se constituíu con moi bo acerto no seu día, o Consello Sectorial de Urbanismo, onde participan os colexios profesionais, sindicatos, asociacións empresariais, partidos políticos, Federación de veciños, é dicir, unha ampla representación da colectividade cidadá desta cidade.

Ó mesmo tempo durante todo este intervalo de tempo realizáronse centenaes de xuntanzas con asociacións de todo tipo, colectivos, debates cidadáns, uns nos medios de comunicación, outros en foros a propostas de asociacións empresariais, de colectivos veciñais, etc.

Coido que durante os anos 2002 e 2003 houbo centenaes de xuntanzas en toda a cidade e iso logo trasladouse a un debate público, cidadán, onde todos podemos ir coñecendo pouco a pouco as propostas que presentaba naquel intre o avance, as suxestións que se ían facendo e as posicións de cada un dos grupos políticos.

Unha primeira valoración que se fai dende o Goberno nestes momentos é que durante estes catro anos houbo unha grande participación cidadá, coido que é difícil que haxa algún colectivo que teña descoñecemento do que é este documento e mesmo ó detalle, algúns coñecen perfectamente o que hoxe imos aprobar con todo o tipo de información que se lles facilitou a través deses debates, a través da Xerencia de Urbanismo, de Consultora Galega, de partidos políticos, federación de veciños, houbo CDs por toda a cidade, etc.

Coido que a grande participación e información que se deu deste documento está enriba da mesa.

Logo de case que tres anos de traballo, cando este Goberno chega no mes de decembro de 2003 a representar a esta cidade, nós tiñamos dúas posibles alternativas. Unha era empezar de novo a redacción deste documento ou ben continuar cos traballos iniciados debido a ese consenso e sobre todo a algo moi especial: que o noso grupo participou e se lle deu a oportunidade de facer todas aquelas propostas durante estes tres anos para enriquecer este documento. Por tanto e evidentemente por un sentido de responsabilidade política, adoptamos a segunda alternativa que é continuar co documento coas

liñas que se marcaran, coas directrices que elaboramos dende o inicio para continuar co traballo. Evidentemente porque nós tamén fixeramos a nosa valoración dos traballos que se realizaran e era altamente positiva e sobre todo e dun xeito especial porque o noso grupo tamén participara con suxestións e propostas dende a elaboración do prego de condicións técnicas, ata a adxudicación, pasando polo avance e por todos os procesos que veño de relatar.

Comezamos unha nova etapa recuperando esas comisións, a Xunta de Voceiros, delegacións, comisión sectorial de Urbanismo ata chegar ó día de hoxe en que se trae a aprobación inicial este documento que consideramos que é importante para o futuro da nosa cidade.

Agora si que xa imos entrar no que pretende este plan e cáles son os seus obxectivos. Por suposto un obxectivo primordial e coido que xa no avance todos estabamos de acordo, era mellorar a calidade de vida de todos os cidadáns. Cando se fai un documento destas características o primeiro que temos que buscar é o beneficio e a mellora do benestar de todos os que vivimos nesta cidade.

Para iso hai uns obxectivos claros e estratéxicos que están perfectamente definidos no documento e que se elaboraron ó longo de todos estes anos, isto non é froito de que apareza unha persoa e redacte un plan estratéxico. Aquí si que houbo participación de todos, de colectivos veciñais, empresariais, sociais, políticos, para marcar estes obxectivos porque cando foi o procedemento do avance estabamos todos de acordo nas liñas que tiñamos que marcar como obxectivos estratéxicos.

O primeiro obxectivo estratéxico que marca este plan é a consecución dun equilibrio harmónico entre o medio natural e o desenvolvemento urbano, coido que isto é fundamental para o desenvolvemento da nosa cidade. Non podemos esquecernos do medio natural, de preservar aquelas condicións medioambientais importantes para o desenvolvemento da nosa cidade.

Neste apartado os que se leron o documento e teñen coñecemento del ven que reflicte perfectamente cáles son os asuntos máis salientables. Aí está recollido o sistema xeral do Lagares, coido que para todos o Lagares, dende o seu nacemento ata a súa desembocadura, é un elemento estruturante da nosa cidade, básico e iso está perfectamente recollido no documento do avance do Plan Xeral.

Por suposto tampouco podía fallar a mellora do espazo litoral non portuario. Accións de enorme calado, de recuperacións, complexas, coido que

hai un exemplo claro coas dunas de Samil, Oia, Saians e todo o que está proposto neste documento.

Por suposto que tamén a recuperación doutro espazo público fundamental e importante como é a Xunqueira do Vao. Coido que hai propostas concretas para a recuperación da Xunqueira do Vao, outro dos espazos públicos desta cidade.

Tamén a conversión en sistema xeral verde de todo o fronte litoral que aínda non está afectado por urbanizacións. Neste documento tamén se recolle que temos a oportunidade de que todas aquelas zonas do fronte litoral da nosa competencia que non están afectadas por urbanizacións, teñen unha resposta clara para preservar, manter e revitalizar.

Tamén a conversión nun corredor verde dotacional da vía de acceso á Universidade e todo o contorno da Universidade. Coido que tamén é outro punto estratéxico fundamental.

Así como a potenciación do sistema xeral de espazos libres. Ven recollido perfectamente no Plan a unión peonil do parque do Castro coa Praza de España e os espazos libres de beiramar; a unión do parque da Praza de Compostela, os xardíns do Areal e a praza da Estrela; a unión dos xardíns de Coia co novo parque de Samil pola Avenida de Europa que é unha cuestión na que o Sr. Iglesias sempre fai fincapé dun xeito especial porque é un proxecto que leva el persoalmente e tamén está recollido neste documento. Así como a unión dos xardíns de Coia....

Neste intre, persoas presentes no salón de Plenos interrompen ó Sr. Figueroa Vila con berros, pedindo silencio a Presidencia en reiteradas ocasións.

SR. PEREZ MARIÑO: Co permiso da Presidencia eu queredría pedirlle que á vista da cantidade de xente que parece que hai fóra e a importancia que este Pleno ten para a cidade e para os cidadáns, que traslade este acto ó salón de Plenos.

A PRESIDENCIA: Non nos imos trasladar, o Pleno continuará aquí. Sr. Pérez Mariño, iste é o Salón de Plenos e non nos imos traladar.

SR. PEREZ MARIÑO: Pola importancia do Pleno e a necesaria transparencia que debe ter non debe obviarse que poida entrar todo o mundo que o desexe habendo outro local.

A PRESIDENCIA: Sr. Pérez Mariño, non nos imos trasladar.

SR. PEREZ MARIÑO: Por favor, faga constar en acta a nosa protesta.

A PRESIDENCIA: Constará en acta. Manteñan silencio ou terán que desaloxar ás persoas que non deixan que continúe o debate.

SR. FIGUEROA VILA: Como segundo punto estratéxico, está a potenciación do transporte público, o control do tráfico urbano e o desenvolvemento de novos sistemas de transporte primando o transporte intermodal en todas as direccións, distintos modos e distintos medios entre privados e públicos. Intercambiadores dotados de aparcadoiros disuasorios, a nova estación de autobuses, a nova rede viaria, a ronda de Vigo, cinto litoral, estación de RENFE, vial Parque da Universidade, accesos ó Aeroporto, a transformación da Avenida de Madrid, novo acceso á autovía Vigo-O Porriño e unha política de aparcadoiros que coidamos que son importantes. Tamén os enlaces da A-9 que todos sabemos que son fundamentais para o desenvolvemento da nosa cidade.

Así mesmo dun xeito especial o primeiro cinto, un túnel que vai contemplado entre Arquitecto Palacios e Alcalde Portanet.

Temos outros obxectivos claros que se reflicten neste documento como é a revitalización e mellora da habitabilidade dos centros urbans.

A PRESIDENCIA: Por favor, que desaloxen ás persoas que non deixan que se debata. Como segan berrando interrompimos o Pleno cinco minutos.

Malia as reiteradas, e non escoitadas, peticións de silencio por parte da Presidencia, sendo as nove horas e trinta minutos, a Presidencia manifesta que se interrompe a sesión plenaria durante cinco minutos.

Ás dez horas e trinta e cinco minutos, previa convocatoria a todos os membros da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 85.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, reanúdase a sesión plenaria na sala da Xunta de Goberno Local deste Concello.

A PRESIDENCIA: Debido a que as condicións de seguridade non estaban garantidas, decidimos trasladar o Pleno a esta sala de comisións. Para

garantir tamén a publicidade e transparencia queríamos que estivesen presentes os medios de comunicación e por iso reanúdase onde quedamos, tal como se acordou na Xunta de Voceiros.

SR. PÉREZ MARIÑO: Como xa dixen na Xunta de Voceiros non estamos de acordo con este traslado do Pleno. Como grupo municipal e todos individualmente somos os primeiros que rexeitamos a violencia e calquera tipo de medida ou actitude que poida poñer en perigo o funcionamento normal das institucións democráticas como é un Pleno. Vaia pois por diante que non mostramos nin mostraremos a nosa aceptación a que ninguén, polas súas actitudes non democráticas e non oportunas, poida provocar a suspensión. Pero unha vez dito iso cremos que hai uns valores que se deben respectar fundamentalmente.

O Pleno que temos convocado esta mañá para tratar o Plan Xeral de Urbanismo é probablemente un dos actos máis importantes para a cidade e para os cidadáns que nós representamos. É certo que nas condicións nas que se estaba producindo, o Pleno non se podía desenvolver nin se podía continuar, pero cremos que hai outras formas alternativas que permitirían a realización do Pleno cos cidadáns diante como sería trasladalo a un local máis amplo que foi unha das primeiras reivindicacións que se oiron, para que puideran entrar todos os cidadáns que quixeran.

En segundo lugar tomar as medidas oportunas para evitar as algarabías. Con esas dúas circunstancias cremos neste grupo que o que a Lei prevé e ampara sería moito máis facilmente asegurado, téñase en conta que un Plan Xeral é algo no que os cidadáns participan dunha forma especial, daí que no caso da súa aprobación inicial se abra un período moi amplo de exposición ó público.

Hoxe era o comezo para expoñer ó público o plan, hoxe era a saída desa característica que esixe a legalidade do expoñer durante varios meses e qué mellor forma do expoñer que facelo hoxe coas medidas que se crean oportunas. Como vostede sabe, nós non estabamos de acordo coa data porque mal empeza algo que se pretende para todos os cidadáns cando se busca unha data que cremos inoportuna por ser unha data enmarcada noutros pormenores como son as datas do Nadal.

Por isto, eu apélolle unha vez máis a que dentro da súa autonomía suspenda este Pleno e o convoque novamente, primeiro nun salón como existe neste Concello que permite unha afluencia moito maior de persoas e polo tanto un coñecemento ó que os seus representantes falan ou opinan e que se tomen as

medidas de seguridade oportunas para que se evite calquera tipo de inoportunidade que impida a súa realización.

Reitérolle no nome do meu grupo a petición de que non se realice este Pleno e que se faga coas garantías e formalidades que a normalidade esixe. Se estamos todos os días pensando que queremos facer desta cidade unha cidade normalizada, se algúns fixemos uns esforzos de oposición máis que notorios, cremos ca nosa petición se enmarca no xusto e razoable e por iso eu volvo solicitar da súa consideración a suspensión deste Pleno e o seu traslado a unhas condicións, unhas datas e unhas seguridades máis axeitadas. Moitas gracias

A PRESIDENCIA: Dentro da miña autonomía o Pleno vai continuar precisamente dentro desas medidas de protección e seguridade que se deben garantir porque cremos que ademáis a proposta que fai vostede no nome do Partido Socialista provocaría máis conflito e máis violencia xa que, dadas as circunstancias que vivimos, que romperon a porta, que romperon os cristais e o que pretende é que entren todas esas persoas, os cidadáns que estan fóra, nunha sala maior, provocaría moita máis agresividade, moita máis violencia e precisamente pola importancia que ten este Pleno imos rematalo.

SR. PEREZ MARIÑO: Unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Logo falará vostede na súa quenda.

SR. SOTO FERREIRO: Non hai ningún desorde, Sr. Pérez Mariño, a ver se me deixa falar por favor, dígollo con certa rabia porque está vostede repetindo argumentos dos que falamos na Xunta de Voceiros polo tanto a min vaime obrigar a dicirlle publicamente o que penso da súa actitude.

Paréceme que ás veces as persoas cometemos erros, trabucámonos, facemos as cousas mal mesmo coa mellor intención do mundo, pero en política hai algúns nortes fundamentalísimos que os democratas teñen que ter claros e cos que de ningún xeito se pode nin xogar, nin coquetear e un deles é que as institucións democraticamente elixidas poidan sesionar en liberdade sen ningún tipo de coaccións e vou ser máis comedido do que dixen na Xunta de Voceiros.

Eu non teño coñecemento de que vostede convocara ós coñecidos militantes do PSOE que había no salón de Plenos, pero dende logo coa súa actitude esta vostede sendo claramente cómplice deles porque hai que saber pouco de

política ou saber demasiado para saber que se este Pleno se interrompe sería darlle a razón ós violentos, sería dicir a esta cidade que cada vez que queiran interromper un Pleno monten barullo e a partir daí se interrompe e polo tanto xerar violencia en espiral neste Concello.

Un demócrata cabal de ningún dos xeitos pode admitir este tipo de situacións; non as admitín cando era alcalde, nin as admito despois de ser alcalde, nin as admitirei nunca porque hai principios que deben primar por riba doutras cousas e vostede, Sr. Mariño, vexo con mágoa que cada vez válelle máis todo na súa desesperación e no seu illamento político con tal de que sirva ós seus espurios fins.

Dito isto con alguna opinión polo medio, Señora Alcaldesa, como dixen na Xunta de Voceiros e independentemente do que eu penso ou deixo de pensar do Plan que xa o direi, de ningunha das maneiras a miña opinión é a de realizar un Pleno de portas abertas que no mellor dos casos podería producir interrupcións permanentes e chegar non se sabe a qué tipo de violencias.

Os responsables políticos nunca poden poñer en risco a seguridade nin dos cidadáns nin dos políticos e se ese principio non se sabe é alucinante; e se non se sabe co seu deber de formación anterior, realmente asusta.

SR. PÉREZ CASTRILLO: O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego quere que se continue a sesión entre outras cousas porque o Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo é algo suficientemente importante como para que ningún reducido grupo de violentos impida unha sesión plenaria. Aquí non ten habido expresións no Pleno, ten habido violencia, ten habido rotura de patrimonio municipal, ten habido insultos a concelleiros e concelleiras e tense interrompido unha sesión dun Pleno da Corporación que digamos que é o máis sagrado en democracia municipal.

En Vigo somos 300.000, que non somos 100 nin 200 nin 300, nin siquera trinta ou corenta mil que poden ser os que votaron a unha forza política; aquí somos 300.000 e os 300.000 están representados por todos e cada un dos concelleiros e concelleiras sesionando en Pleno; iso é a democracia. Eu levo xa aquí os suficientes anos para que non me abale ninguén, do verbo abalar en galego, Sr. Mariño, e polo tanto nin 300 nin 400 persoas me van impedir discutir sobre o Plan Xeral de ordenación municipal porque aquí cada un terá a súa opinión pero non imos tirar tres anos de traballo e os que nos quedan porque un grupo de xente, unha minoría de cidadáns, que vostede recoñeceu na Xunta de Voceiros como consta na acta que son

proclives ás súas teses, nos veñan rebentar o Pleno. Vostede díxoo e eu díxenlle ó secretario que constara na acta.

Aquí non hai cidadáns de Vigo, soamente hai cidadáns de Vigo que están de acordo con vostede por iso nos intentou chantaxear na Xunta de Voceiros dicindo que ía mediar con eles porque se cadra tiña máis que ver vostede que nós con eles. Iso chámase "protofascismo". ¿Sabe como lle chaman en Cabral ó facismo? "Os caducos". A min ninguén me vai facer voltar a tempos que xa só quedan para lembrar, non esquecer e non repetir.

Isto é unha democracia, o BNG ten loitado por ela como o que máis, nin máis nin menos, defendemos o dereito a discrepar do Plan Xeral pero non estamos por encubrir manobras que intenten deturpar o debate democrático plenario.

Señor secretario unha pregunta. Nós queríamos saber se esta sesión, unha vez trasladada aquí, conta con todos os requisitos legais para que se poida dar unha aprobación inicial ó documento do Plan Xeral sen ningún problema formal nin procedimental porque o que dende logo non imos permitir é que alguén con argucias de avogado da silveira, logo tente recorrer o procedemento da aprobación inicial porque aquí, como xa somos vellos alumnos nalgunhas cousas e xa nos coñecemos todos, coñecemos todas as manobras, mesmo ó que tira a pedra e agacha a man, axita as augas, ve a onda e logo recorre e como neste Concello xa as sabemos todas, non nolas dan con queixo, señor secretario, díganos se os requisitos formais e procedimentais para proceder esta Corporación democrática, elixida polos cidadáns, a aprobar o Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo na aprobación inicial, se cumpren porque para nós é o importante xa que os representantes dos cidadáns somos nós e o público son os medios de comunicación que tamén son cidadáns e seguramente hai unha representación mais plural aquí ca que había no salón de Plenos, que segundo o Sr. Pérez Mariño eran todos da súa corda e remítome ó que el mesmo dixo, non estou poñendo na miña boca nada que el non dixera.

Polo tanto nós queremos saber se se pode proceder á aprobación inicial e queremos debater con todo o tempo e tranquilidade os documentos do Plan Xeral, como se botamos aquí todo o día porque non temos presa. Somos responsables ante a cidade e ante o futuro da cidade do que temos entre mans e a nós non nos importa estar aquí todo o día se é necesario discutir e se entran aquí, ímonos á planta de arriba. Por nós non vai ser. Logo tamén a exposición ó público, que parece que algúns lle teñen medo.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Vou dar lectura ó artigo 85.1 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, onde efectivamente se recolle o suposto. Di textualmente: "O Pleno realizará as súas sesións no salón de sesións agás en supostos de forza maior nos que a través da convocatoria ou dunha resolución da Presidencia, dictada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, se habilitara outro edificio ou local ó efecto". Efectivamente a Presidencia dictou unha resolución que se notificou ós distintos membros da Corporación dicindo que o Pleno era na sala da Xunta de Goberno Local ás 10.30. Non hai ningún defecto formal na realización deste Pleno.

SR. PEREZ MARIÑO: Tres cousas quería dicir. En primeiro lugar, que conste en acta a nosa discrepancia co traslado da sesión e a non suspensión e realización outro día.

En segundo lugar, os concelleiros que interviron e fixeron alusións á miña postura e á do meu grupo creo que están no seu dereito do facer e respectarase ese dereito por máis que me doan algunhas das cousas que se dixeron. Expresamente dóeme que fixeran algunha alusión á miña familia e ó seu pasado ideolóxico; claro que me doe pero é a miña familia e estou moi orgulloso dela. Que cada quen xulgue se hai que traer a este Pleno eses avatares. Digan o que digan nós non respostaremos a ese tipo de alusións. Por outro lado e exclusivamente por ser un problema de orde material, non dixen na Xunta de Voceiros que as persoas que producían algarabías eran da nosa cuadra; dixen expresamente que as persoas que se opuñan e que berraban tiñan un interese en que non se aprobase o Plan que era próximo á nosa postura e que nesa medida podía, se o consideraba oportuno a Corporación como fixemos noutras ocasións, tentar de lles pedir que por favor permitiran a continuación do Pleno. Digo isto exclusivamente por ser un problema de orde material e resérvome como é loxico o meu xuízo sobre os calificativos que me adicaron como persoa e como representante do grupo municipal Socialista. Moitas gracias

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar se vostede fose quen de me sorprenden, faríao. Pido que se lea a acta para que se oia o que dixo o Sr. Mariño na Xunta de Voceiros, que non é exactamente o que acaba de dicir agora mesmo; ou eu escoitei mal que tamén me pode trabucar, non sei se os demais voceiros teñen a percepción que teño eu do que dixo pero ademais, dito isto, se rectifica mellor que mellor. Se rectifica e di que se trabucou,

que non quería dicir iso que quería dicir outra cousa, sería mellor, de verdade llo digo.

Vostede non pode dicir que teñen lexitimidade nin que representan ó pobo, teñen unha parte de representación e iso é un vicio de nulidade absoluta do seu argumento recorrendo á terminoloxía máis propia de seu que miña. Quero dicir claro por se acaso, que nin siquera culpabilizo ó grupo Socialista da actitude que mantiveron nestas circunstancias porque eu presidín o grupo Socialista noutras ocasións e tiña outras actitudes radicalmente diferentes das que ten hoxe. Vostede é o "condotiero" lamentablemente, me refiro ó director, ó responsable do grupo que o arrastra no peor dos camiños posibles.

Neste caso concreto vólvolle repetir e acúsalo publicamente que a súa actitude é cómplice obxectiva da violencia que se xerou e que se poida xerar se vostede persiste nela. Fraco favor faille vostede ó seu grupo, a Vigo e á democracia con actitudes coma esa. A vostede con toda a honestidade do mundo pode non lle gustar ou deixarlle de gustar o Plan Xeral; xa verá o que opino eu cando me toque, pero volvo dicirlle que hai cousas que están moi por riba diso, como a posibilidade de que nesta cidade haxa paz, haxa unha convivencia razoable e iso nunca pode pasar por interrompir os Plenos democraticamente convocados nos que sesionan os representantes lexítimos do pobo, os únicos representante lexítimos porque os demais poden representalo a nivel de falar e participar e eu encantado porque un ten traballado nesas direccións, pero os representantes do pobo estamos aquí, Sr. Pérez Mariño, non están en ningunha sala, nin abaixo, nin fóra. Estamos aquí, vostede é un deles ben caracterizado polo grupo que encabeza. Non atender a esas circunstancias, pretender levar esta situación por outros camiños prexudica gravemente e a súa actitude é un paso atrás hoxe.

Por iso estou en certo xeito alporizado e conténdome cada vez máis como cando chegaba en quente á Xunta de Voceiros. A súa actitude é obxectivamente mala para Vigo porque nos volve a tempos que eu pensei que estaban xa superados, vólvenos a tempos en que membros de partidos políticos sentados na Corporación están ó fronte das algarabías que se dan na sala e se vostede non condea radicalmente esas actitudes e se non posibilita coa súa actitude que a sesión plenaria poida seguir do xeito máis pacífico posible, acúsoo publicamente que se converte en cómplice obxectivo desas algarabías e desas violencias

SR. PÉREZ CASTRILLO: Con esto vou rematar polo menos pola banda do BNG esta ronda porque temos cousas máis importantes que facer hoxe, pero en todo caso quero dicirlle ó Sr. Pérez Mariño que ó mellor entendeu mal ás miñas palabras. Por se as entedeu mal voullas explicar de novo porque eu no me estaba metendo coa súa familia nin co seu pasado ideolóxico, senón con vostede e co seu presente ideolóxico porque agora é avogado, pero foi xuíz da Audiencia Nacional e sabe o que é a autoría intelectual. Pois vostede é autor intelectual dese conflito violento que houbo aí fóra e afirmoo e dígo onde sexa.

En Vigo estamos todos os grupos municipais dende hai anos facendo un esforzo pola convivencia democrática porque sabemos como é a nosa cidade e facemos todos un esforzo para que toda a cidadanía conviva e debata en democracia e respecte ás institucións municipais e á institución do Pleno da Corporación. Colaboren vostedes con el, eu invítolle a que colabore, a que a partir de agora e o que queda de mandato ou o que lle resta a vostede na Corporación, colabore na convivencia non só entre os grupos da Corporación, senón na convivencia cidadá.

Se vostedes queren discrepar de calquera aspecto que se debata na Corporación están perfectamente lexitimados; ó que non están lexitimados é a alentar intelectualmente e non tan intelectualmente moitas veces fenómenos como estes que nos levan ser titulares de xornais de fóra de Vigo, mañá seguramente diran: "Grande algarabía no Pleno". A min non me gusta iso e dóeme.

Colaboren tamén vostedes á convivencia democrática, aporten o seu grao de area a vivir todos en paz e a que cada quen discrepe do que queira pero que se acolla á legalidade para discrepar, utilice os recursos legais que se teñen a man para defender os dereitos que considere lesionados por calquera decisión municipal e déixenos vivir en paz a todos, en primeiro lugar ós cidadáns de Vigo porque ninguén é representante deles, somos todos os que estamos aquí. Ninguén é un Mesías que se poida erguer defendendo á cidade de Vigo ou ós cidadáns de Vigo. O Sr. Soto, o Sr. Figueroa, dona Corina Porro, vostede Sr. Mariño, a Sra. Sio, o Sr. Toba, a Sra. Martins, todos e cada un de nós defendemos unha parte da cidade de Vigo, Ninguén ten o cen por cen da cidade de Vigo na súa man.

Por favor sexan demócratas que parece mentira que a estas alturas eu teña que lle dicir iso a vostedes. Sexan demócratas, respecten á Corporación e non boten leña ó lume.

SR. RUIZ CENICEROS: Só para facer unha advertencia: interrompir un Pleno a día de hoxe e evitar a súa realización é un delito penal. Se nos volven acusar de instigar ou ser os autores intelectuais ou haber instigado o máis mínimo o que aconteceu hoxe, vémonos nos tribunais.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Pois ós tribunais comigo.

SR. RUIZ CENICEROS: Acúsanos vostede de...

SR. PÉREZ CASTRILLO: De ser os autores intelectuais. Métame nos tribunais se quere, déixolle o meu carné de identidade para que vaia ós tribunais e me denuncie.

SR. RUIZ CENICEROS: De acordo.

A PRESIDENCIA: Penso que imos debater o único punto da orde do día e pásolle a palabra ó Sr. Figueroa Vila.

SR. FIGUEROA VILA: Imos tentar continuar coa exposición da nosa intervención. Decía que había varios obxectivos estratéxicos. Estaba tentando explicar cal era a nosa motivación para apoiar este plan cun dos obxectivos que ven reflectido no documento dun xeito bastante claro que é o control do tráfico urbano, o desenvolvemento de novos sistemas de transporte primando o transporte intermodal en todas as direccións con distintos modos e distintos medios, entre privados e públicos, e para iso dicíamos que era importante dotar á cidade de intercambiadores, de aparcadoiros disuasorios; era fundamental tamén o proxecto da nova estación de autobuses onde está agora a de RENFE, a nova rede viaria que creo que é fundamental sobre todo na planificación dunha cidade como Vigo onde un dos maiores problemas sempre foi o tráfico e parece que ultimamente empeza a estar aliviado coas infraestructuras novas que se están poñendo en marcha, como a continuación da ronda do litoral e iso é unha mostra palpable nestes momentos do alivio que empeza a notarse xa no tráfico do centro da cidade, como o nó de Isaac Peral que mellorou dunha forma considerable.

Decía que é importante a ampliación dos tres carris da A-9 dende a Ponte de Rande ó enlace de Teis en sentido Pontevedra Vigo, que ven perfectamente reflectido no documento, a autovía Pontevedra-Porriño, tamen a nova conexión entre Vigo e Porriño que ten que servir dunha maneira importante

para que os tráficoos que se desenvolven agora pola Avda. de Madrid tamén se poidan paliar, a construción dun túnel en Xulian Estevez-Teis paralelo á vía do ferrocarril, a construción do enlace entre A-9 e a A-52, etc. Coido que un tema fundamental é a nova rede viaria que aí ven reflectida.

Por suposto que tamen hai un eixo fundamental dentro destas infraestruturas que é a ronda de Vigo que consideramos e así o deixan claro os redactores do plan, que non conciben o plan sen a creación deste novo vial que vai articular as parroquias entre si e busca un equilibrio entre o rural e o urbano e tamén dará conexión a Concellos limítrofes, neste caso ó de Nigran e o propio de Mos; tamén a conexión de Teis co Concello de Redondela.

Podería estenderme un pouco máis pero vou tentar abreviar nestas cuestións. Tamén é fundamental dentro destes novos controis de novos sistemas de transporte o cinto litoral, o túnel de Montero Ríos ata o enlace do primeiro cinto en Bouzas, coido que esta é a continuación do perímetro de Vigo. Se circulamos pola cidade dámonos de conta que ista é unha infraestrutura que nos próximos anos haberá que acometer dalgunha maneira clara.

Tamén todos coñecemos o convenio que hai co RENFE de rehabilitar a zona da estación, darlle conexión coa autopista, a nova estación de autobuses e por suposto tamén se verá contemplada a saída do AVE que creo que é importante para a conexión con Sárdoma e tanto con Portugal como coa meseta.

Por suposto que outra das cuestións importantes é o vial do parque da Universidade, os accesos ó aeroporto que son fundamentais nestes momentos, a transformación da Avenida de Madrid. Isto leva tamén unha política de aparcadoiros, se queremos mellorar o tráfico, primar ou prevalecer ó peón na propia cidade para lle dar máis privilexios, evidentemente a política de aparcadoiros ten que ser clara e hai pensadas tamén no plan unhas cen mil novas prazas aproximadamente.

Hai tamén unha infraestrutura que está inacabada por situacións políticas que en momentos determinados se producen e que os que estamos aquí reflexionamos e cando miramos cara atrás dámonos de conta de erros que se cometen no pasado como é a terminación do primeiro cinto, o túnel entre Arquitecto Palacios e Alcalde Portanet. Eu creo que non discute absolutamente ninguén que é unha das obras máis necesitadas e imprescindibles na propia cidade.

Polo tanto eu creo que o plan reflicte perfectamente neste documento ese control de tráfico, por suposto isto vai beneficiar a potenciación do

transporte público dunha maneira clara e evidentemente é fundamental este obxectivo estratéxico.

Tamén temos temas de mellora de habitabilidade e de rehabilitación dos centros urbanos. Coido que hai operacións de reforma interior das áreas máis degradadas da cidade como pode ser o Casco Vello, a integración coa zona de abrir Vigo ó mar, a zona do ensanche, a zona de Teis, Beiramar; seguramente é unha das pezas que vai producir debate ou discusión neste Pleno pero evidentemente, se queremos buscar a integración de toda a zona de Beiramar co Casco Vello, co centro da cidade e coa zona de Bouzas pensamos que non hai ningún tipo de dúbida de que hai que revitalizar esa zona e facer unha transformación das empresas e das industrias que aí hai. Para iso o plan contempla unha reforma especial para toda a zona de Beiramar.

Por suposto que á marxe da potenciación e rehabilitación do centro da cidade, do que é o núcleo urbano, non podemos esquecermonos en ningún caso da potenciación e desenvolvemento do que chamamos coloquialmente o Vigo rural. Evidentemente hai que tentar seguir facendo dotacións de equipamentos, sociais, culturais, deportivos, todo tipo de equipamentos, mellora da rede viaria do propio rural, desenvolvemento do solo e buscar redes reestructurantes que dean unha mellor calidade de vida ás persoas.

Por iso falabamos antes da ronda. A ronda é fundamental para buscar este equilibrio entre o que é núcleo urbano e o Vigo do rural, esa conexión a comunicación hoxe é primordial e fundamental, sen comunicación é difícil integrar, vertebrar ás distintas parroquias de Vigo co rural; todos coñecemos que é un rural disperso, moi estendido, moi amplo e que só fai falla baixar do aeroporto para se dar de conta dunha ollada o que significa Vigo e a cidade que temos totalmente dispersa.

Por suposto que tamén un dos obxectivos que contempla este plan é o incremento de políticas de solo industrial; creo que non se pode concibir un plan nestes momentos, sobre todo coa importante demanda que temos de solo industrial nesta cidade, sen unha política clara de potenciación de solo industrial para a poñer á disposición dos empresarios que nestes momentos necesitan solo para a creación de novas empresas.

Pero tamén un tema fundamental e importante que no podemos esquecer é que as empresas que xa teñen unha actividade na cidade evidentemente necesitan millorar, necesitan a súa expansión, como no caso de Citroen que dunha maneira clara o está reclamando continuamente; o polígono de Balaídos, a ampliación do parque tecnolóxico, o novo polígono industrial entre Matamá e

Valladares, a Garrida e outros máis pequenos que están dispersos por toda a cidade.

Este plan vai poñer preto de catro millóns de metros cadrados de solo industrial a disposición das empresas, dos empresarios que necesiten situarse e mesmo así pensamos que seguramente se quede curta esta cifra para a cantidade de demanda existente na propia cidade. Iso significa mellorar a política de emprego, de vivenda. Tamén supoño que sairá neste debate a discusión do crecemento da cidade en canto a poboación.

Polo tanto coido que neste plan se reflicte claramente unha potenciación das industrias actuais, de novas industrias e o crecemento e desenvolvemento xa que ningunha cidade pode permitirse a paralización porque o problema non é que sega crecendo máis. Se nos estancamos, pódese producir un retroceso importante porque se as empresas non atopan aquí sitio buscarán outra zona do país ou de Europa para se implantar e podemos poñer o exemplo da pelexa que sempre houbo aquí con Citroen.

Hai que pensar agora mesmo cómo estaría Vigo se non tivésemos Citroen, foi unha oportunidade importante naquel momento de lle dar ese solo industrial necesario para que a empresa se implantase aquí e agora todos sabemos que en torno a Citroen as empresas de automoción siguen medrando, desenvolvendo o seu traballo e ó mesmo tempo dando emprego a unha cantidade importante de cidadáns da nosa comarca, da área metropolitana, eu case diría de toda a provincia e da propia Galicia.

Coido que este é un xeito de incidir claramente no emprego, nunha política económica clara e evidentemente sen iso sería totalmente imposible a posibilidade de crecemento dos postos de traballo que poidamos ter na nosa cidade.

Hai outra "pata" fundamental que é a xeración de oferta para usos terciarios, comercial, hoteleiro, oficinas e aquí estamos falando aproximadamente de dous millóns de metros cadrados que se concentran sobre todo nese gran parque comercial rexional que o plan contempla e que coido que estamos todos de acordo en potenciar e desenvolver que é Liñeiriños-Cotogrande.

Hai que pensar que é un punto estratéxico da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Todos temos que pensar que dende ese punto estamos situados a unha hora e media de autoestrada con seis millóns de habitantes e iso non o podemos esquecer. Segundo din os técnicos, despois de Madrid e Barcelona é unha das zonas na que se concentra maior número de poboación nun tempo de hora e media, porque hoxe a distancia mídese en tempo e pola autoestrada o

que é fundamental porque a comodidade, a seguridade que dan as autoestradas é fundamental para que os cidadáns, tanto de Galicia como do norte de Portugal poidan acudir a un gran parque, a unha área rexional como pode ser a zona de Liñeiriños-Cotogrande.

Penso que todos estamos de acordo coa transformación da Avenida de Madrid, dende o seminario ata a estación de autobuses. Iso ten que producir unha transformación importante, non só nos viais de acceso senón tamén nos usos que se poidan dar alí que se está a converter nunha zona comercial e de oficinas importante.

Hai algunha outra cousa tamén trascendente aínda que quizais non teña a importancia destas dúas como pode ser a zona de Cruceiro en Alcabre e no propio centro da cidade, na nova estación de RENFE, con todas as circunstancias que se poidan dar aí de estación de autobuses, o centro comercial que xa está nun convenio habilitado, a estación do AVE como estación pasante; coido que ese pode ser un núcleo fundamental tanto de comunicacións, como comercial ou de oficinas.

A oferta hoteleira concéntrase sobre todo en Samil e Beiramar, hai outra menor en Guixar pero se queremos seguir potenciando Vigo como cidade de servizos, cidade turística para compatibilizala coa cidade industrial, temos que buscar solo para a posibilidade de oferta hoteleira que co crecemento da cidade e como parece que ultimamente Vigo está entrando dentro dos circuitos turísticos, sobre todo polo microclima que temos, hai que seguir potenciando o turismo. Hoxe mesmo tivemos a información de que parece ser que as prazas hoteleiras da cidade para estes días están case que ó 100% e iso da mostra do potencial hoteleiro e turístico que pode ter a nosa cidade e que se seguemos apoiando a oferta de solo se vai ter moi en conta.

Quería salientar algo importante; ás veces cando se fala de por qué se tenta de axilizar ó máximo o Plan, coido que hai moitas respostas. Logo explicarei esa inseguridade xurídica que hai pero hai algo evidente do que nós temos información e supoño que todos os concelleiros de Urbanismo que estiveron no goberno tamén o saberán aínda que ás veces non se lle dea publicidade.

Hai cantidade de empresas e multinacionais que tentan de facer investimentos importantes en Vigo porque a cidade para estas multinacionais empeza ser un punto estratéxico, cunha situación que ten seis millóns e pico de habitantes conectados en menos de hora e medio pola autoestrada, como dixen antes, o que é un potencial tremendo. Estas empresas se non

teñen o solo dispoñible nun prazo razoable de tempo, tentarán de facer os investimentos noutros concellos ou noutras zonas e isto evidentemente xera un retroceso para a cidade difícil de recuperar.

Se unha multinacional calquera tenta de se instalar en Vigo e non ten solo dispoñible para o facer, ese investimento vaise a outra cidade e por iso moitas cidades non están polo labor de que Vigo sega medrando e sobre isto temos que facer toda unha reflexión dende a Corporación para nos dar de conta que seguramente esta sexa unha das situacións estratéxicas máis fundamentais e máis importantes de tentar estar unidos nalgúns proxectos porque senón os investimentos poden marcharse a outro lado e despois si que non hai posibilidade dos recuperar. Se unha multinacional inviste noutra cidade, pasarán decenas de anos para tentar recuperar a posibilidade dunha nova imprantación na nosa propia cidade. Á marxe diso por suposto a xeración de emprego.

Un dos maiores obxectivos deste Plan e que así se reflicte está na xeración de oferta de solo residencial, iso é tan obvio que case que é mellor nin o matizar porque estamos a falar de perto de 20 millóns de metros cadrados de solo, uns 13 millóns de metros aproximadamente de teito e coido que un dos obxectivos que ten que ser claro é que se pensamos e os técnicos ratifican o crecemento da cidade para os próximos anos, tamén esta creación de postos de emprego, evidentemente fai falla vivenda e un dos obxectivos claros é que todo cidadán poida ter a súa vivenda digna e dentro dun prezo razoable. Consideramos que se hai unha cantidade considerable de metros cadrados a disposición, vanse facer investimentos, construcións importantes e isto indubidablemente ten que redundar en un abaratamento claro do prezo da vivenda porque non pode ser doutro xeito.

Dentro destas aproximadamente 125.000 novas vivendas que hai proxectadas todos vostedes saben que hai un 20% para vivendas protexidas o que tamén coido que é unha oferta importante.

Dentro desta oferta de solo residencial hai varios convenios urbanísticos asinados que todos coñecemos e que non vou relatar agora porque senón consumiría todo o tempo, pero mesmo hai algúns con ordenacións detalladas, outros foron transformacións de empresas e industrias. En todos os casos, onde haxa unha transformación de industria sempre hai o beneplácito, o apoio e o aval do comité de empresa, isa foi unha condición que os redactores do plan e mailos voceiros puxemos enriba da mesa porque non podía ser doutro xeito. Á marxe de lle dar saída a moitas empresas que ó mellor non tiñan a posibilidade de seguir medrando, nalgúns casos se

transforman, vanse para outro lado, algunhas chegaron a un acordo cos traballadores e chegaron a pactos entreles para poder resolver esta situación.

Non podemos esquecer nunca a potenciación dos proxectos educativos, culturais, sociais, dotacionais e deportivos. Para resumir un pouco fago un pequeno agrupamento de todas estas cuestións aínda que ó mellor habería que diferenciar a algunhas que teñen máis importancia que outras pero en canto a temas culturais aí se reflicte a posibilidade do museo do automóbil na zona de Citroen, que ten un interese especial e así o fixeron ver tanto ós grupos políticos como ós redactores do Plan. Coido que en Vigo, polo significado empresarial que ten e a súa implicación dentro da cidade, un museo do automóbil tería unha grande repercusión.

O Xardín Botánico dentro do vial da Universidade. O Museo da Conserva, que tamén é unha tradición histórica na nosa cidade e que, nunha instalación como pode ser Alfacame, podería dar un gran contido cultural e social a esta cidade e sobre todo histórico no sentido de seguir conservando que polo menos as novas xeracións coñezan onde naceu Vigo e de onde provén Vigo e iso ten un contido importante.

O Museo Arqueolóxico no Muiño do Vento, a carón de Alcabre, perto do Museo do Mar que dende o punto de vista do patrimonio histórico ten unha gran importancia.

En canto a temas dotacionais e de equipamento, Vigo neste intre carece a nivel municipal e moitas veces estámonos preocupando de lle dar solo ás empresas, buscar alternativas para que invistan o que é fundamental, pero os nosos propios servizos están dispersos; uns están en Santa Cristina, os bombeiros nunha esquina, a Policía noutro curruncho...

Neste intre prodúcese un corte na cinta gravada manualmente da sesión.

SR. SOTO FERREIRO: ...Nós aceptamos as zonas industriais que poñen vostedes e ademais lle digo onde se poden facer catro millóns de metros cadrados máis. A máis diso un parque tecnolóxico que non figura por ningunha parte e paréceme grave renunciar a que en Vigo se poida facer organizadamente I + D, que tiña que ser mesmo a carón da Universidade, paréceme un pecado de lesa patria co futuro, iso non ten nada que ver coas innovacións tecnolóxicas, nin co futuro, nin con nada de nada.

Antes falaba da zona do ensanche e quedeime sen falar do rural que sería a terceira gran zona, falei do centro, do ensanche e queda o rural. Estou

radicalmente en contra, e nisto coincido con argumentos que lle escoitei ó Sr. Ruiz Ceniceros, con que se intensifiquen de xeito que non ten razón de ser as edificacións no rural. No rural poidera e débese edificar como quere a xente do rural; a xente do rural non quere facer edificios de catro alturas nin cousa polo estilo. Quere poder facer a súa casa e a casa da súa familia, queren casa unifamiliar.

¿Por qué non facer desa terceira gran área de Vigo unha cidade xardín? Ordeala convenientemente e darlle servizos que é fácil e permitir a todo o mundo que en por exemplo cincocentos metros cadrados se poida edificar con todos os servizos urbanísticos, fallaría máis. Iso é relativamente fácil cando tes unha coordinación.

O equipo redactor ten un vicio gravísimo e fai declaracións que me arrepián e fanme decatarse de que non coñeceron antes a cidade e que non o fixeran non ten porqué me preocupar pero o equipo redactor do Plan Xeral non foi quen de coñecer esta cidade. Cando fai declaracións públicas como as que oín en máis dunha ocasión e pensei que podería ser un erro, como que pouco menos que hai que rematar co rural, que iso non é Vigo, sinxelamente non entenden nada. A persoalidade de Vigo coas súas parroquias non a entenden e entón din aquela cousa tan simpática que lles fai estar a moitos en contra da ronda porque a ronda é un sistema bárbaro para rematar co rural. Pois hai que estar sementados para facer semellantes declaracións.

A Ronda pode axudar a vertebrar ó rural porque hai máis vertebracións que necesita o rural. Eu estou a favor de que se faga a ronda e díxenllo moitas veces pero perderon un tempo magnífico porque lle pediamos tamén que fixeran o proxecto constructivo ó tempo que o Plan e tiveron tempo abondo para que a zona de afección en vez de cen metros pasara ser a que realmente ten que ser ó final. Non o quixeron facer. ¿Por qué? Non teño ningunha explicación pero dende logo quede claro que, como xa lle teño dito a algúns dos promotores de "Ronda non", non me van mover do sitio de pensar que moitísimos anos despois Vigo necesita outra Gran Vía e polo tanto, como tramo de expansión de futuro de Vigo, si creo ver as posibilidades de realoxamento no sentido urbanístico, que á persoa que sexa afectada se lle dea un terreo que se procure que sexa perto para que poida seguir na parroquia.

Pediamos que o pazo de congresos fose na ETEA e a Axencia Europea de Pesca cerca dos servizos portuarios en Casa Mar. Pediamolo entón e por suposto que estamos dispostos a consensuar outro tipo de proposta ou de avance da situación tal e como está.

Pediamos unha estación de transferencia de mercadorías, importantísima para ordear o tráfico de mercadorías e en xeral de Vigo. Non aparece no Plan e nin se tentou facer.

Pediamos os pasos para a construción dunha nova ponte sobre a ría. Iso non significa querer construír unha nova ponte, significa marcar tecnicamente o lugar onde ten que ir para que no futuro non teñamos que tirar casas para poñer os cimentos onde teña que ir a ponte. Algo tan pouco problemático coma iso desprezárono absolutamente. Os empresarios viñeron e empezaron a tirar dese tema pero vostedes seguen na figueira porque aínda seguen sen o tratar.

Por último pediamos algo que parece pequeno pero a nós nos importa porque avala un modelo diferente, un xeito de querer vivir, que é o establecemento de carris bici en todas as novas urbanizacións.

Velaí as nosas razóns de cal é o noso modelo e porqué non nos gusta o seu e porqué cousas non estamos dispostos a votar o plan recoñecendo que nós temos ganas de aprobar o Plan para que Vigo saia do marasmo onde está pero vostedes, coa súa insensibilidade para o diálogo con outros estamentos fano imposible.

Se iste documento queda tal e como está hoxe nós votamos non, aquí e agora. Se vostedes, señores do BNG e do PP, se compromenten a que van incluír e votar un trazado conveniente da alta velocidade ata Bouzas e pintar nos planos correspondentes a nova depuradora que Vigo precisa, nós cambiariamos o noso voto á abstención para ver que iso se materializa. Se é posible volveriamos darlles as nosas propostas e tentariamos razoar sobre elas, sobre todo no tema do solo industrial, para ver se somos quen de mellorar ese documento.

En definitiva o noso espírito segue a ser ise: axudar a mellorar ese documento pero é certo que dous non chegan a un acordo se un non quere e ata o de agora no Plan Xeral o BNG e o PP son un.

SR. TOBA GIRÓN: Vou empezar gabando a actitude dos que me precederon no uso da palabras porque resulta difícil hoxe conservarse sereos despois de todo o acontecido. Procurarei e porei toda a miña vontade en que tamén o meu ton sexa así pero permítanme cambiar algúns aspectos da intervención que tiña pensado facer hoxe.

O 20 de outubro do ano 2000 a Corporación decide iniciar a redacción do novo Plan Xeral votando favorablemente unha proposta do daquela Alcalde, o meu compañeiro de grupo Sr. Pérez Castrillo, levada por min mesmo a Pleno.

Quero dicir antes de nada que aquel acordo votárase por unanimidade; tratárase xa en Xunta de Voceiros como seguramente algún de vostedes lembrará e todos estabamos absolutamente de acordo na necesidade de iniciar o proxecto de redacción do novo Plan Xeral e para o noso grupo iso era absolutamente esencial.

Vigo necesita un novo Plan Xeral, necesita ver o século XXI cun programa distinto de cidade, necesita visualizacións completamentes distintas da cidade daquelas que se desprenden do que chamamos actualmente Plan Xeral do 93 que non é tal, senón sinxelamente unha subsanación de deficiencias dun documento caído ante a Consellería de Ordenación do Territorio pero que ten os seus baseamentos de ordenación nos traballos realizados nos anos 80. Dificilmente ningunha cidade pode enfocar o século XXI cun documento que apoia os seus alicerces xa nos anos 80.

Naquel intre dicíamos e coido que estabamos todos de acordo que non cabía unha sinxela revisión ou adaptación do Plan Xeral á Lei do Solo que naquel momento estaba vixente que era a Lei do ano 97. Ese camiño encara á Corporación no mandato inmediatamente anterior a fracasar por moitos motivos, para empezar pola propia Lei do Solo. Non é asunto deste debate pero a propia Lei do Solo conducía necesariamente a aquel fracaso, pero en segundo lugar porque Vigo necesitaba formularse un novo Plan Xeral e non só polos tan manidos problemas xurídicos, senón por un problema de deseño de cidade, de construción, de visualización en futuro e de posta en marcha de novos proxectos que esta cidade necesita empezar facer inmediatamente.

Polo tanto e dende a perspectiva do noso grupo, o problema era a inadecuación do planeamento vixente para o futuro que tiñamos que construír. Digo isto sabendo vostedes seguramente que admiro profundamente o traballo realizado neso que chamamos Plan Xeral do 93. Admiroo pola prontitude, polo circunstancial, polo condicionado e polo eficiente, porque ó cabo permaneceu vivo dez anos e trouxo consigo cousas interesantes para esta cidade como a praza da Miñoa ou a Bouza e tantas outras cousas que sen dúbida cambiaron xa parcialmente á propia cidade.

Mesmo o plano do corredor natural do río Lagares que agora si imos poder efectivizar pero mesmo coma idea visionaria de que xa quería transformar a cidade.

Fago miñas as homenaxes feitas polo concelleiro de Urbanismo pero engado unha máis: quero render unha homenaxe ó traballo de Xesús Costas Abreu, demasiadas veces denostado e que naquelas circunstancias soubo planear notablemente ben o futuro inmediato desta cidade.

Pero estamos noutro momento e neste outro momento e falando de talante, porque hoxe é necesario, o desenvolvemento dos traballos deste Plan Xeral para min constan de tres fitos. O primeiro foi o proceso de contratación deste conxunto. Salientábo o concelleiro de Urbanismo e saliéntoo eu como responsable de Urbanismo naquel intre porque aquel prego de condicións aprobouse polo Pleno por unanimidade; pero tamén se aprobou polo Consello Sectorial de Urbanismo que se reuniu en catro veces consecutivas para redactar base por base ese prego de condicións.

Nese momento plantamos unha delimitación do que é talante democrático, do que é xestión democrática e do que é participación e xestión da participación democrática nun asunto tan importante como a redacción dese prego de condicións que por suposto aprobouse polo Pleno da Corporación por unanimidade pero tamén se aprobou polas organizacións que representan á cidadanía.

Ademais aprobouse tamén por unanimidade a adxudicación. Pero aínda máis, naquela Mesa de Contratación estabamos presentes todos os voceiros municipais e en pé de igualdade, o mesmo voto que tiña eu naquel momento como concelleiro de Urbanismo pero representante do BNG, era o voto que tiña o representante de Progresistas Vigueses, o Sr. Figueroa representando ó Partido Popular e o voto que tiña o Partido Socialista e aquel acordo tamén foi por unanimidade.

Xestión de talante, avanzar con talante, está de moda falar de talante e debe estar de moda praticalo.

O segundo fito foi a aprobación dun documento absolutamente esencial e teño para min que algúns non lle prestaron atención. Foi naquel documento no que decidimos xuntar a segunda e a terceira fase do Plan Xeral do que chamabamos "Diagnóstico e obxectivos", documento que obrigamos ó equipo redactor a unificar nun único documento. Era un documento esencial para o debate político, era o momento en que se debatía o diagnóstico e se presentaban os obxectivos.

Aínda máis, naquel documento por intención do daquela alcalde, Sr. Pérez Castrillo, e miña propia, había xa primeiras propostas. A máis, a proposta particularmente miña, ese documento tiña que ser aprobado polo Pleno da Corporación porque sabía da súa substancia política e aprobouse por unanimidade.

O terceiro fito foi o avance que foi un fito de participación pública. Independentemente de que naquel momento os membros da Corporación estivesemos totalmente de acordo co avance que é vertebración, estrutura,

definición xa do esqueleto do que vai ser a cidade no seu futuro, someteuse a unha exposición ó público como nunca se fixo en ningunha cidade de Galicia nin de España.

A participación durou non o máximo que prevé a Lei; como concelleiro de Urbanismo naquel intre tratei suxestións presentadas a aquel avance e recibín comisións de persoas no mes de abril de 2003 e o prazo remataba en outubro de 2002 e iniciamos a exposición en xullo de 2002. Nunca ten habido un proceso tan profundo de exposición.

Quero dicir que o grupo municipal ó que represento para esta aprobación inicial quere o mesmo réxime de exposición pública e queremos ese compromiso da Alcaldesa e do grupo do Goberno.

Como xa é ben sabido queremos dicir que nós imos votar este documento favorablemente e ímolo facer por un conxunto de razóns que me van permitir que resolva de forma demorada porque ó longo dos últimos meses un ten lido algunha parvada e é necesario discutir e volver ás fórmulas iniciais do que era a redacción deste Plan xeral, polo tanto me van disculpar que sexa mesmo preciso.

A primeira razón pola que imos votar este documento é porque é o avance concretado, nin máis nin menos, é aquel avance que era moito máis que iso porque lembrarán vostedes que era un documento de avance que ía moito máis aló nas precisións do que demanda a Lei, mesmo presentaba catorce ou quince propostas estratéxicas que case que definían a ordenación detallada. Quen quera discutir isto que volva ós documentos. É polo tanto unha concreción do avance e vai ter o noso apoio. A estrutura da cidade e o programa que o BNG quere para esta cidade está neste documento.

En segundo lugar e á vista do resultado, é un documento que está dotado de permanencia porque Vigo necesita permanencia no planeamento. Vigo ten crecido durante demasiados anos mesmo sen planeamento e sen permanencia no planeamento. Ningunha cidade pode crecer coherentemente se non hai permanencia no planeamento e por permanencia non estou a falar de intolerable rixidez, calquera Plan Xeral obviamente debe ser sometido a modificacións ó longo da súa vida. Por permanencia entendemos un programa de actuación que se estende durante un longo período de anos e que permite construír a cidade a distintas corporacións que comparten en máis ou en menos un proxecto que se xulga bó para a cidade e por tanto vai ter o noso apoio.

En terceiro lugar porque é un Plan para o crecemento e para o emprego. Nalgún documento da redacción do Plan Xeral dicíamos que a posición do noso

grupo era focalizar todas as sinerxias do novo Plan Xeral no benestar, na calidade de vida e non hai benestar sen crecemento económico e sen emprego. A primeira clave é garantir ós cidadáns, ás persoas que viven en Vigo e fóra de Vigo, o dereito a traballar e polo tanto calquera planeamento debe ter en conta as políticas para concretar ese dereito, é dicir, o deseño do territorio.

Ningún Plan Xeral, ningunha Corporación, ningún Goberno municipal pode nin debe inmiscuirse na definición da política económica; iso corresponde ó Goberno galego neste caso. Pero si temos o deber de poñer enriba da mesa a ordenación do territorio que permita no seu momento demandar dos axentes públicos e dos privados os investimentos necesarios para crear emprego porque esa ordenación o contempla.

Ese crecemento é necesario para Vigo e para Galicia. Galicia sen Vigo non avanza nos próximos anos e os nacionalistas non queremos economía subsidiaria, non queremos economía de subvencións; queremos que se poñan en marcha todas as nosas sinerxias, que son moitas, para crear emprego e construír dende a nosa perspectiva unha nación digna, que traballe, que reciba as axudas que nos correspondan e polas que imos pelexar, pero unha nación que sobre todo quere desenvolver as súas propias potencialidades.

A situación de Vigo e de Galicia é mala. Vostedes saben coma min que temos a taxa de paro máis alta do Estado. A nosa taxa duplica a media española pero o peor de todo é que as nosas taxas de modificación de actividade son malas. Mentres a taxa de actividade media en España crece un 1,5 nos últimos catro anos, a nosa dificilmente crece o 0,9. Mentres a taxa de desemprego en España se ten reducido case que 6 puntos ó longo dos últimos anos, en Galicia e en Vigo dificilmente temos reducido dous puntos desa taxa de desemprego segundo datos oficiais que vostedes xa saben que sempre se maquean. Estamos realmente mal e necesitamos crear emprego.

Non pode haber paralización do crecemento, debemos ser quen de crear crecemento económico porque iso é crear benestar. Necesitamos todo o crecemento posible. Fálase moito da caída demográfica habida en Galicia nos últimos anos, de certo haina e haina en parte porque a hai en toda Europa occidental. Ese problema vostedes saben que nos preocupa a todos.

Pero ¿saben cal é a nosa maior preocupación e a miña en particular? ¿Saben cantas persoas, galegos e galegas, emigraron de Galicia entre os anos 1990 e 2000? Máis de 120.000 persoas en suma acumulada e o 95% desas persoas son menores de 25 anos. A falla de desenvolvemento da economía galega está expulsando de Galicia á mocidade que é o noso futuro e é a mocidade mellor

preparada porque nunca tivemos unha mocidade mellor preparada. O resultado é catastrófico porque estamos investindo en recursos públicos para a preparación da nosa mocidade para a expulsar a Canarias, a Madrid e a Cataluña, dino as estatísticas.

¿Saben vostedes que a taxa de paro entre menores de 25 anos hai tres anos, que é o último dato que teño, era case que do 40%? ¿Quen se atreve dicir que non temos que crecer, que non podemos crecer? ¿Quen se atreve a subscribir o discurso do subdesenvolvemento? Ese discurso non é dos nacionalistas, nin o foi nunca, nin o será. A evolución en Vigo é crucial para Galicia.

Vigo representa moito máis en taxa de actividade que o que representamos mesmo demográficamente, dato moi interesante e que discute algunha argumentación oída con certa repetición coidando que a repetición ó final conduce á idiotéz pero non é así. A taxa de actividade en Vigo en relación con Pontevedra é do 39,6% e a nosa taxa demográfica é do 31%. Dito doutro xeito, Vigo é quen de medrar moito, ten unha taxa de actividade moi alta e pode atraer poboacións porque xa as atraíu no pasado aínda que de mala maneira. Agora voltemos un momento atrás.

Entre os anos 1961 e 1971 o padrón de Vigo creceu aproximadamente de 150.000 habitantes a 230.000 e sabemos todos o que foi: a capacidade de xerar riqueza da nosa cidade trouxo consigo a atracción de persoas, galegos e galegas, que viñan a Vigo a buscar futuro, traballo, vivenda, os mínimos de educación e de servizos. Isa é a razón básica do crecemento. ¿Ou cremos que a clave está no simple crecemento vexetativo? ¿Cómo é posible que alguén defenda esa tese? O crecemento naceu da atracción de cidadáns, dos meus pais, que viñeron aquí a buscar futuro.

Esta é a realidade e iste é o fenómeno de Vigo e nós temos o deber de aclimatar ese fenómeno e conseguir colocar as tuberías para que ese fenómeno agora ocorra pero de forma definitivamente ordenada, cun programa que satisfaga as necesidades sociais, un programa de consenso social, de igualdade e de equidistribución. Este é o momento e agora tócanos colocar as tuberías, non facer política económica que espero que nos toque dentro de dous meses pero tocará.

Se ademais estudamos as taxas de actividade de Vigo por sectores (permítanme demorarme un pouco máis no contido económico do Plan que teño para min que non foi suficientemente ben estudado) descubrimos que as nosas taxas de actividade en industria e servizos están moi por riba das nosas taxas demográficas. En industria estamos no 39,3, 131,3 de poboación, e en

servizos estamos no 48,6 de taxa de actividade, de taxa de creación de emprego, de capacidade de liberar da lacra do paro a máis xente.

Polo tanto hai dous sectores básicos nos que debemos crecer nos próximos anos sen desprezar ningún outro, pero tendo conciencia de que os outros teñen un carácter economicamente residual, salvando as pescas que aínda teñen unha porcentaxe que ronda ó redor do 12 ou 13, dependendo da estatística que se use. Os dous sectores son o industrial e o terciario e debemos ser quen de programar o noso territorio para atender a eses dous sectores que son as bases do noso crecemento económico coma cidade e do crecemento económico da área metropolitana e de Galicia.

Debemos atender esas necesidades atendendo ademais á propia estrutura da nosa área metropolitana que tamén é economicamente diferenciada porque os datos ata están desglosados. Vigo é unha cidade industrial, o 21% da poboación traballa na industria; é unha cidade de servizos, o 69% da poboación traballa nos servizos. É as dous cousas e debe seguir sendo así porque ademais unha parte dos nosos servizos son servizos a empresas, quen saiba algo de economía sabe que iso xera moitos impulsos.

Polo tanto progexer á industria, facer que medre a industria, diversificar a proxección industrial de Vigo que é completamente necesaria e complementar cunha acción en terciario potente, que sexa quen de nos colocar na eurorrección económica. Pero ademais que sexa quen de formular un equilibrio dentro da área metropolitana porque voulles dar unhas porcentaxes que ó mellor lles sorprenden.

En Vigo o 21% da poboación traballa na industria. A porcentaxe de persoas na área metropolitana que traballan na industria quitando Vigo é do 32%. Iso expresa unha realidade que algúns sospeitabamos no ano 99 e que raiz do traballo do Plan quedou rotundamente clara, empeza haber terror industrial nos arredores de Vigo no que se sitúan as empresas e é razoable. Debemos contar coa área metropolitana para resolver os problemas de industrialización. Debemos ter o noso propio patrimonio industrial, pero debemos ter unha visión metropolitana, visión que estaba comprometida dende o inicio dos traballos de redacción do Plan Xeral.

A área metropolitana sen Vigo en Servizos está no 42% e nós estamos no 69 de taxa de actividade. Aí está a nosa complementariedade inmediata de actuación en servizos e, por favor, cando se fala de servizos enténdanse en sentido amplo e non en sentido restrictivo do comercial. Servizos é ter un cuarto hospital en Vigo, iso é economía de servizos, atendendo ás necesidades da xente.

Vostedes saben que unha porcentaxe importantísima da poboación de Vigo traballa en servizos públicos, que dota de servizos á nosa poboación e ás poboacións limítrofes da área metropolitana. Un cuarto hospital é economía de terciarización e é servizo para os cidadáns, non confundamos terciarización e acción no sector terciario coa simple área comercial e teñamos unha visión menos miope, con capacidade para ver no futuro.

En cuarto lugar imos votar este plan porque ten visión metropolitana, veño do demostrar, pero ademais na memoria deste plan fálase de moitas cousas. Fálase do solo industrial para Vigo e faise a oferta dos millóns de metros cadrados anunciados antes polo concelleiro de Urbanismo. Pero fálase tamén da plataforma loxística de Salvaterra-As Neves. ¿Algún directivo desta cidade pensa no futuro industrial e de economía sen esa plataforma loxística demasiado demorada?

E non xoga nun papel o novo parque tecnolóxico de Caldas, que estiven estudando precisamente o outro día na Zona Franca entre Moaña e Marín. ¿É que non vai xogar ningún papel? Claro que vai xogar un papel, un papel crucial. Visión metropolitana e por iso tamén o imos votar.

Tamén o imos votar porque ten visión eurorrexional. Cando iniciamos os traballos do Plan xeral algúns políticos tiñamos a sospeita de que a importancia dos intercambios comerciais entre Galicia e norte de Portugal era absolutamente crucial para a economía de Vigo e de Galicia pero queriamos ter datos que permitiran confirmar realmente iso que en principio era unha hipótese de traballo.

Pois o 37% do comercio entre Galicia e o norte de Portugal é vigués, non digo que pase por Vigo senón que é vigués. É máis, en toneladas a maior parte das nosas toneladas intercambiadas, que son a base do noso sustento económico, sono con Portugal e falo de toneladas e non de valor, porque o valor evidentemente vaise polo porto porque o valor engadido dun automóbil é moito maior que o das taxas.

Iso presentaba un primeiro problema clave e crucial: a comunicación con Portugal. E digo máis, así como en balanza de comercio global Vigo e Galicia, sobre todo Vigo, ten un rendemento negativo, en balanza comercial propiamente dita con Portugal exportamos máis do que importamos e iso beneficianos porque nos coloca en posición punteira na eurorrexión se sabemos aproveitar as nosas potencialidades, cousa que se fai con proxectos concretos, cun gran parque rexional comercial en Vigo a hora e media de cinco millóns de persoas.

E aprovéitase a área metropolitana cunha cidade do deporte e a posibilidade no seu día, que será presentada polo noso grupo proximamente, para sermos candidatos á celebración dunha universiada, acto importantísimo que pode permitir poñer en marcha os investimentos necesarios para esa cidade do deporte como aconteceu en Zaragoza recentemente.

¿Por qué non temos que pensar en amplo? ¿Por qué temos que nos fixar a política económica do subdesenvolvemento? Os nacionalistas non queremos o subdesenvolvemento, queremos crecemento, emprego e riqueza e se alguén subscribe o discurso do non crecemento non vai contar conosco porque o subdesenvolvemento está arrombado dos programas do BNG.

Este é o Plan que vai votar o BNG porque ademais é o Plan da vivenda e do emprego; o Plan que pode propiciar unha política económica que cree emprego e o plan que pode propiciar unha política que xere vivenda de calidade e a prezo axustado. Independentemente do 20% de reserva que se fai en todas as actuacións para vivendas de protección, en propia traducción da Lei do solo actualmente vixente, o Concello de Vigo coas bolsas de solo urbano non consolidado e urbanizable, con ese 10% municipal, que tanto pesa ás veces á promoción e mesmo a algún pequeno propietario que entende mellor a visión da licenza directa, este Concello poderá facer política de vivenda, é máis, continuar a política de vivenda que iniciamos no mandato pasado o Sr. Iglesias máis eu co Sr. Pérez Castrillo, poñendo en marcha dunha vez o plan parcial de Navia.

E igual que lles anunciei antes unha iniciativa do BNG a respecto da Universiada, no seu momento este grupo presentará perante este Pleno a posta en marcha e creación dunha empresa municipal de solo para poder xestionar ese inmenso capital, se hai un goberno, unha maioría con sensibilidade, para actuar no mercado da vivenda definitivamente porque para iso non basta a oferta de solo e aí discrepo co Sr. concelleiro de Urbanismo.

As modificacións habidas con aquel decreto do ano 96 do primeiro goberno de Aznar sobre liberalización do solo, non trouxeron nada máis que a sucesión de subida rampante do prezo do solo e da vivenda. Foi un rotundo fracaso, esa política non serve. A única fórmula para controlar o mercado da vivenda e a intervención pública e esa intervención neste plan apóiase no 20% e no 10% de cesión municipal. Collámolo, non cedamos á tentación da licenza directa que non reporta nada máis que plus valías para o privado e optemos por formas de actuación en solo urbano consolidado e solo urbanizable que

reporta ese 10% municipal que pode ser a vida, o osíxeno para moitos cidadáns de Vigo que queren vivenda barata.

Imos votar este plan porque é o plan do benestar. Falaba antes dun fenómeno de crecemento que houbo na nosa cidade nos anos 70 e 80, ultimamente paralizado, fundamentalmente derivado da propia reconversión industrial e doutros fenómenos económicos que tiveron lugar en Galicia e que agora non ven ó caso aínda que poida ser importante de discutir para alguén que lle preocupe isto. Aquilo foi un mal crecemento, instado pola necesidade, nun estado autoritario, autárquico, degradado economicamente, sen máis perspectiva para a xente que viña á nosa cidade que o traballo e a vivenda daquela maneira, aqueles famosos plans do Ministerio da Vivenda do ano 54 e pouco máis.

Hoxe as poboacións que queren vir a Vigo van pedir máis, van pedir vivenda, traballo e benestar e o benestar apóiase na construción dunha cidade máis humana, envorcada cara ás persoas, cara ó cidadán. Ademais na nosa opinión a respecto deste documento debemos ser quen, non só de atender ás necesidades futuras, senón atender os déficits que xa agora temos produto deses procesos de crecemento. Do estudo do documento queda claro que si atendemos a eses déficits e ás necesidades do futuro.

Ningún Plan xeral en Galicia, nin na Coruña, nin en Santiago, nin en Ourense, póñanlle vostedes a cor política que queiran que me da igual, ten un sistema xeral de espazos verdes coma iste; ningún Plan Xeral ten as cesións en zonas verdes que superan sobradamente os límites expresados pola Lei do Solo; ningún Plan Xeral en Galicia ten as cesións en equipamentos locais e xerais que ten iste, reto a quen queira a que o poña enriba da mesa porque os coñezo todos.

Claro que poderíamos facelo mellor e estou seguro de que o fariamos pero diso falarei ó final, pero non admite discusión este aserto que veño de expresar e así como no ano 93 houbo persoas visionarias que negociaron os primeiros convenios para obtención das cesións de uso nas praias de Alcabre, que outros executamos, que foron quen de visionar o plan do corredor natural do río Lagares, iso agora está aquí e é executable. Témolos ó alcance da man e podémolos executar, non é só unha pintura porque este Plan é xestionable, é viable dende o día seguinte, se hai un goberno e unha maioría que queira, se pode empezar a transformar esta cidade.

O plan de equipamentos satisfáinos, nós queríamos un plan de equipamentos con máis dotación museística e nisto discrepanos na Xunta de Voceiros no seu momento, pero nós cremos que hai que reforzar a oferta cultural de Vigo

porque, non é que sexa compatible, é absolutamente complementaria cun proceso de terciarización que tamén temos que atender e levamos moito retraso pero temos moita máis potencia aquí, outros lévannos adianto nisto pero non nos preocupemos, non nos apuremos porque nós temos adianto noutras cosas: nun sistema económico moito máis equilibrado, máis fiable, máis seguro, máis preciso, máis investidor e máis emprendedor. Confiemos por tanto na propia capacidade de empresa.

Vemos con ilusión a Cidade da Xustiza, esa nova estrutura que debe amplificar tamén ese conxunto de servizos que caben dentro desa economía de servizos públicos que forman parte da terciarización, que vimos reclamando dende hai anos e que deben server para promocionar á nosa cidade; vemos con ilusión o conxunto de actuacións que se contemplan, unhas máis e outras menos, pero que nesta primeira intervención non vou precisar.

O mellor de todo é que este plan é viable, ten un estudo económico financeiro que certifica esa viabilidade. Ningunha operación vaise quedar arrombada nunha esquina. Iso é verdade que pasou no plan do 93 pero aceptemos acusar tamén a aquela Lei do Solo do 97 que era absolutamente desastrosa. En todo caso si é verdade que pasou e non nos pode volver ocorrer.

Vigo non se pode permitir o luxo de seguir tendo zonas do seu propio casco urbano convertidas practicamente en suburbanismo porque é un desperdizo de territorio e por tanto un derperdizo de medios e debemos de ser quen dos xestionar de forma substentable e a substentabilidade require intensificación de usos e de zonas verdes, isa é a clave, non hai ningunha outra.

É un plan executable e por iso tamén imos votar a favor. É un plan que contempla as infraestructuras de futuro para Vigo. Deixei isto para o final sendo conscente de que quedan retallos que non puidemos pechar, entre outras cousas porque as novas noticias son moi recentes.

Agora e dende a perspectiva do noso grupo corresponde a exposición ó público. Dende hai un par de meses nós xa vimos reclamando a necesidade desa exposición ó público, querémola canto antes. Estamos convencidos que temos un bo proxecto de Plan, un Plan para emprego, para vivenda, para o medio ambiente, para o benestar, que era o que queriamos no ano 2000, pero perfectible. Indubidablemente nós agora queremoslle dar a voz ós cidadáns e deben falar e expresarnos en qué nos equivocamos, en qué acertamos e o grupo municipal do BNG vai estar moi atento.

Non aceptaremos nin "mamporreros", nin posicións extorsionadoras, pero si o debate democrático e si a atención ó cidadán que seguro vai aportar ideas que superan con moito a propia lexitimidade que nace da propiedade, a lexitimidade máis importante, a que nace da persoa que verifica a participación democrática e aí está o noso lugar neste momento. Nada máis, moitas gracias.

SR. RUIZ CENICEROS: En primeiro lugar temos que facer unha puntualización histórica porque aquí se fixo unha especie de repaso da historia deste Plan dende a súa contratación e iso ós que estamos neste Grupo nos afecta fundamentalmente en dous aspectos; un no qué pasou co Plan Xeral e o Sr. Soto fixo referencia a se estivo parado ou non 6 meses cando nós ocupamos o Goberno, dende o 13 de xuño de 2003 ata o 13 de decembro, a se ese Plan Xeral efectivamente estivo paralizado segundo semella, non tiñamos interese en movelo e quedou no caixón e preocupámonos só do obstaculizar. Imos facer un pouco de repaso á historia.

Efectivamente, como lembrou o Sr. Toba, o equipo redactor entregou o Plan en abril e por unha decisión, neste caso, unilateral (nós cando estabamos en campaña compartímola) decidíuse substraelo do debate electoral, non era bo momento para traer ese documento nin para o debater e iso nós compartímolos.

Unha vez que nós asumimos a responsabilidade de Goberno e concretamente a Concellería de Urbanismo, entregóusenos en xuño, no mesmo mes e na mesma data en que se lles entregou ó resto dos Grupos políticos; na mesma data en que se nos entregou a todos, entregámolo a todos os membros do Consello Sectorial de Urbanismo porque así o pediron.

En segundo lugar e de conformidade co plan de traballo que xa estaba elaborado polo anterior responsable de Urbanismo, entregóuselle unha copia extraoficialmente e a modo de consulta, porque ese era o principio do procedemento da Comisión Mixta de Seguimento entre técnicos da Xerencia e técnicos da Concellería de Política Territorial, á Dirección Xeral de Urbanismo e realizamos sendas reunións desa Comisión, concretamente coido lembrar que foi unha en xullo e logo das vacacións outra o 2 de outubro. Nesa reunión falamos sobre o Plan Xeral e non fixemos máis reunións porque non o quixeron os técnicos da Dirección Xeral de Urbanismo.

Debemos tamén lembrar que en principio e nese momento eramos goberno, logo o contrato asinouse xa cando o actual responsable de Urbanismo asumíu a Concellería e fomos nós os que en principio lle encargamos ó equipo

redactor que elaborase un programa de redacción de alegacións... que agora mesmo están achegadas ó Plan. Iso realizouse por petición de determinados colectivos cos que nos reunimos para debater o Plan Xeral e comentalo e logo decidimos en principio nós.

Por último queremos lembrar que na fase de goberno dos 6 meses se tomaron dúas decisións moi importantes por unanimidade de todos os Grupos en relación co Plan Xeral, decisións que en princio coidamos que tivemos algún tipo de participación activa nelas e que foron: eliminar a legalización das pistas de atletismo de Balaídos, operación que estaba recollida no documento do 1 de xullo, por cuestións que agora mesmo non imos retomar descartouse, decidiuse eliminalo do Plan Xeral e se tomamos esa decisión coido que traballamos no Plan Xeral.

En segundo lugar, no Consello da Xerencia de Urbanismo se acorda tamén por unanimidade descartar a operación de recalificar a parcela do edificio de Cluny, desistiuse de construír as torres de once e trece andares que propoñía o Plan Xeral entregado en xuño e se non o cren, collan o documento do Plan Xeral entregado en xuño. Iso realizouse tamén durante o noso breve mandato.

Logo tamén tentamos facer unha cousa importante que coidabamos fundamental que estaba no programa de traballo e era debater cos grupos políticos. Reunímonos en diversas ocasións e convocamos a Comisión de Seguimento. Naquel momento nós coidamos conveniente (logo non se fixo así) que mesmo estivesen presentes os Secretarios, o Secretario Xeral e logo o Secretario da Xerencia para que levantasen acta desas reunións. En todas esas reunións (hai que facer historia e o Sr. López-Chaves lembrarao perfectamente) contestábasenos sempre unha cousa: o Plan Xeral haino que mandar oficialmente á Xunta de Galiza e mentres, nós non opinamos, non queremos debater. Logo veu a segunda versión que foi a de que o Plan Xeral ten que seren unha proposta de Goberno e mentres non sexa así nós non queremos dicir absolutamente nada.

A verdade é que os medios de comunicación van ser os notarios do que pasa e por iso vou anunciar que hoxe vou facer uso interesado deles no sentido de que coidamos que reflectiron o que efectivamente pasou durante ese ano e mesmo os anteriores, imos ver o que foron reflectindo os medios de comunicación en cada unha desas datas, concretamente Faro de Vigo, 18 de setembro de 2003, declaración da no seu momento voceira e actual alcaldesa, Sra. Porro: "Non nos imos pronunciar nin dar a nosa opinión ata que non haxa unha proposta oficial de goberno e ata que non soliciten formalmente o

informe da Xunta de Galiza (mesmo referíuse a formalmente e por escrito), non imos asumir nada sen que haxa unha proposta concreta e oficial asumida polo equipo de goberno. Será entón cando deamos as nosas suxestións e opinións sobre o Plan Xeral".

Logo está a acta da Xunta que foi a última que realizamos porque naquel momento a situación política xa era un pouco complicada, acta do 17 de novembro de 2003 na que tentamos novamente debater o Plan Xeral e ver efectivamente qué opinión tiña cada quen, acta na que o Sr. López-Chaves volveu insistir en que o seu Grupo quería a proposta do equipo de goberno e que mentres non diría absolutamente nada.

Debemos recoñecer que nun momento dado, cando empezamos coa responsabilidade da Concellería de Urbanismo chegámonos a nos formular se efectivamente a nosa dinámica de traballo sería errada, se ó mellor errabamos e teríamos que ter mandado o documento á Xunta para que informase, tiñamos que nos ter abtido de falar cos grupos políticos, de entregárllo ós técnicos da Xerencia..., pasa que nos estrañou e chamou a atención que nada máis cambiar o goberno e asumir este as funcións de Urbanismo adoptou exactamente a mesma dinámica de traballo. O primeiro que fixo foi reunir ós grupos políticos na Comisión de seguimento e debater. O Plan Xeral non se mandou oficialmente ata maio. ¿Qué pasou? ¿Non estivo parado o Plan eses 11 meses, descontando os tres que tardou a Xunta de Galiza? ¿Sería un parto difícil?

Entón, por un mínimo de respecto histórico pregamos que eses 6 meses de goberno que foron bastante complicados a efectos de Plan Xeral non se acuse de tentar boicotealo, do mesmo modo que non o estamos tentando boicotear agora mesmo. Fíxose o que se puido que é exactamente o mesmo que están facendo agora mesmo os responsables de Urbanismo.

En relación co segundo gran punto que é o que xa se dá por feito e que é qué pasou co Avance do Plan Xeral. Faise aquí historia mesmo no sentido de que todo foi un proceso unánime, dende a redacción dos pregos de condicións que foi aprobada por unanimidade, a adxudicación que foi aprobada por unanimidade e en canto ó avance. Nós non dubidamos que o prego de condicións fose aprobado por unanimidade, seguro, nin que a adxudicación á empresa fose por unanimidade, seguro; mesmo ese dato o corrixe o Sr. Soto e ata nós estamos errados.

No tema do Avance que é o importante, é dicir qué pasou efectivamente co Avance e qué dixo cada quen na fase do Avance, teño que dicir que, primeiro, o Avance que a nós nos conste (temos aquí a unha concelleira que

estivo nese momento) pasou polo Pleno do Concello en xullo de 2002 a meros efectos de toma de coñecemento. Do avance tomouse coñecemento nos Grupos e mesmo nese Pleno o Sr. Soto argumentou que acababa de recibir a documentación e unanimente todos tomaron coñecemento de que efectivamente había un Avance e se entregara, pero non se aprobou o contido, ninguén dixo nada do contido e facendo e buscando na hemeroteca: ¿formulouse algunha opinión a efectos do Avance? ¿Estaba efectivamente todo o mundo aplaudindo coas orellas ó que contiña o Avance e todos os Grupos estaban de acordo co seu contido fose o que fose?

Pois retomando o Faro de Vigo, data 6 de decembro de 2002, podemos ler o titular: "O Grupo Socialista lamenta o pouco realismo do Avance do Plan Xeral". É dicir, alguén, ó mellor non fomos os únicos, dixo que o Avance non era tan bo, nin estaba tan pechado coma agora se quere facer crer o que en certa maneira é lóxico porque vostedes me dirán qué diferenza ten que haber entre o Avance e o que estamos discutindo aquí, porque se no Avance estaba todo pechado e todo pactado ¿qué estamos debatendo deste documento? Algunha diferenza ten que haber entre o Avance e o documento de aprobación inicial que agora mesmo temos en Pleno porque se non estamos perdendo o tempo, ¿qué diferenza hai? ¿dicía o Avance a altura de cada unha das edificacións que debuxaba ou que máis ou menos bosquexaba, sae iso no Avance? Pois comprobemos o documento e nolo dirán. En todo caso o que si é importante e o que se tenta impoñer con esa idea do Avance é que nel había xa unha filosofía, había un modelo de cidade que estaba bosquexado e pechado.

Vou facer unha breve historia polo coñecemento que tiveron do Urbanismo de Vigo durante os últimos anos. Quero, por exemplo, mencionar o documento de suxestións que houbo no seu momento, en outubro de 2002, que presentou o Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza; a suxestión undécima solicitáballes ó equipo redactor, ós no seu momento responsables de Urbanismo e ó Concello en xeral, "definición clara do modelo de crecemento da cidade pretendido polo Plan onde se estableza se as distintas áreas se corresponden a un tipo de cidade espallada ou compacta, definindo as arterias principais de conexión que poidan soportar os novos crecementos futuros, de xeito que se poida ir deseñando a cidade". É dicir, no seu momento, en outubro de 2002, cando os arquitectos do Colexio de Arquitectos de Vigo estudaron o Avance atoparon o modelo tan claramente e o tiñan tan definido, vírono tan nido que solicitaron que por favor se lles clarexase ónde estaba o modelo de cidade, cómo ia ser a cidade, unha cidade de

industria, de servizos, cidade con tipoloxía en alturas, estendida, con solo urbano e urbanizable en expansión, ¿cómo vai ser esa cidade? No avance, e coido que é unha opinión minimamente autorizada, non o atoparon. ¿Qué pasa agora co documento de aprobación inicial? Agora terá un modelo definido, pois podemos facer referencia ó que opinaron os técnicos da Xunta de Galiza en relación co documento que estamos debatendo hoxe en canto ó modelo. Leo literalmente: "O modelo urbano e territorial que establece o Plan Xeral é un asunto de competencia municipal que non por iso deixa de precisar da oportuna e correspondente xustificación, xa non só para a cidade periférica. A este respecto cómpre incorporar na memoria do PXOM unha exposición máis xustificativa a respecto do modelo de ordenación física en tanto que contén factores que participan decisivamente na imaxe final da cidade que propugna o Plan, máxime nun caso como o de Vigo no que pola súa topografía e situación xeográfica resulta dunha especial importancia a compoñente paisaxística e de imaxe urbana". É dicir, os técnicos (supoño que tamén é unha opinión cualificada) da Xunta de Galiza seguen buscando o modelo de cidade, ese modelo que ven no Avance; non acadaron atopalo no documento de aprobación inicial.

Agora ben, o que si foi serio no seu momento foi que en agosto, cando nos dedicamos a ler e estudar detidamente o documento que se nos entregara, nós non atopamos o modelo pero si unha idea de por onde ian os tiros. Atopámonos máis ou menos a idea que tiña en mente o equipo redactor e non porque fixeramos un grande estudo, senón porque aquilo saltaba á vista, é dicir, o feito de que o equipo redactor presentara no documento que se poideran construír en zonas entre 14 e 20 andares na Praza de España, Concheiro, Hispanidade, San Roque, Baixada a San Roque, Riobó, A Pastora, Barrios 1 e 2, Pontenova, Pastora-Carmen, Ofimático, Baixada á Salgueira, Estación de tren, Canadelo, Vía Norte, Beiramar, Artística, Guixar, Ríos 1, 2, 3 e 4, Ribeira, Pazos, Chile, Pereiró, Canicouba, Cruceiro, Gándara, Río, Quintela, Balaídos, Alexandre Bóveda, Pinal, Manuel de Castro, Carballo, Calvario 1, 2, 3, 4, 5 e 6, saída ó Aeroporto, Fontáns, Gandarón, Santa Clara, Álvarez, Piñeiriño, Fragosiño, Miraflores, Macal, Carneiros 1, 2, 3 e 4, Portal 1 e 2; va dende Teis ata Alcabre e dende Cabral ata practicamente Matamá-Valladares-Vial da Universidade. Iso dende logo que nos dá unha idea de por onde van os tiros, por onde vai o modelo de disparate (con todos os respectos), o auténtico modelo do disparate, a alguén fóiselle a man ou alguén non sabía exactamente o que estaba facendo.

Cando nós lle preguntamos ó equipo redactor quedamos un pouco sorprendidos porque o de 30 andares semellounos un pouco brusco pero se nos respostou que non pasa nada porque a partires do sétimo andar non se nota, ninguén o ve. Iso contestóusenos por parte do equipo redactor, que a partires do sétimo andar non pasa nada, ninguén o ve porque ninguén alza a vista.

Ese argumento que nos deixou a todos moi sorprendidos logo o miramos reproducido nos medios de comunicación por responsables políticos: Faro de Vigo, 15 de xaneiro de 2004, falando da ordenación de 30 alturas que en principio se prevía na Gran Vía. "Con isto coincide o nacionalista, Xabier Toba, quen opina que dunhas torres os que máis molestan son os seis primeiros andares", o resto non se nota. Argumento que sorprendentemente o miramos reproducido logo nada máis nin nada menos que polo Conselleiro de Política Territorial, Sr. Núñez Feijóo: Faro de Vigo, 21 de xaneiro de 2004, "...a xuízo do Conselleiro son os 6 ou 7 primeiros andares os que condicionan e fan sombra, a partir daí -explicou- tapa o mesmo un edificio de 8 alturas que outro de moitas máis". Atlántico Diario: " ...sexto ou sétimo andar a pantalla dun edificio tapa o mesmo. En calquera caso o Sr. Núñez restou credibilidade ós que (referíase a nós) se posicionan radicalmente na contra das torres ó afirmaren que a partir da sexta ou sétima altura a pantalla dun edificio tapa o mesmo que con alturas superiores". La Voz de Galicia: "Núñez Feijóo asumíu o lema dos entroidos de Cádiz que reza: "dá igual 8 que 80", tras asegurar que o planeamento de Vigo ten que cumprir a lei. Explicou que a partir da sétima altura a pantalla dun edificio practicamente tapa o mesmo que con alturas superiores, podemos saír á rúa e comprobalo". Nós saímos á rúa e comprobámolo.

Fomos ver Toralla, o Hospital Xeral, o Hotel Bahía, subimos ó oitavo andar do Concello por circunstancias políticas e comprobamos o que se vía ou non efectivamente a partir do sétimo andar. Logo comprobamos que os cidadáns de Vigo teñen o costume de iren pola rúa mirando ó chan e efectivamente ás veces non teñen o mal costume de elevar a cabeza para veren o que voa sobre eles.

O argumento seguinte que nos fixo recoñecer que algo moi grave estaba pasando foi cando se lle preguntou ó equipo redactor que se estaba toleando e que cómo se lles ocorre dicir semellante cousa e nos dixeron que agora a lei establece que hai que poñer unha altura en cada un dos ámbitos, entón puxemos 20 como poidemos poñer 200. Por iso nós dixemos que non estaban facendo un Plan Xeral, senón unha quiniela, nin máis nin menos.

Pero o que si lle temos que recoñecer ó equipo redactor é que no seu momento, cando se presentou o Avance é certo que facía unha serie de propostas, ideas e afirmacións que respocaban ó sentido común, que eran acertadas. Eles deron unha idea de cómo máis ou menos vían a cidade e efectivamente ninguén podía dicir que estivesen errados, polo feito de que dixeran que ían redactar un Plan Xeral con visión metropolitana e do ordenamento do territorio era perfectamente asumible e estaban perfectamente no certo; que ían facer un estudo fiable, nós non esperabamos menos; que ían formular un crecemento da cidade razoable, é dicir, sostible xa que xustamente cando eles asumiron o contrato foi cando xa estaba en boga a teoría da sostibilidade do territorio dende o punto de vista urbanístico, pois nós non poñiamos ningún inconveniente. Cando esa sostibilidade argumentábanna con que ían deter a mancha de aceite, a extensión incontrolada do solo urbán e urbanizable da construción por todo o termo municipal de Vigo, pois non había outra que lle aplaudir, efectivamente.

Cando dicían sen a máis mínima dúbida que ían garantir a seguridade xurídica no urbanismo de Vigo que estaba totalmente castigado especialmente durante os 10 últimos anos, dende logo que non esperabamos menos; que dende logo o traballo ía ser o resultado dun amplo debate social, político e técnico, era o que esperabamos e o que en principio semellaba que ía pasar co Avance porque este en principio tivo unha grande difusión, molestáronse en percorrer todos os colectivos sociais, profesionais, etc. En definitiva, o Plan Xeral ía mellorar as condicións de vida dos cidadáns -como dicía o Sr. Toba- e sobre todo non ía reproducir os erros urbanísticos do pasado. Dende logo que con ese sentido o equipo redactor tiña todo o noso apoio e así o manifestamos na campaña electoral, así o defendimos, é dicir, se o Plan Xeral ía por aí tería todo o noso apoio e en ningún momento pensariamos e nin siquiera hoxe pensamos empezar de cero, volver empezar a redactar un novo Plan Xeral coma fixo no seu momento un determinado goberno co Plan Xeral que se redactara, os anteriores responsables que agora mesmo ocupan a Concellería de Urbanismo e o Goberno municipal.

Pero o que si é certo é que agora chega o momento de comprobar se todas aquelas ideas, aquela filosofía se materializa no documento que temos entre mans, se efectivamente todo aquilo que anunciaba o equipo redactor se recolle no Plan Xeral. Empezando pola proposta metropolitana, por exemplo, o equipo redactor fai unha lectura moi sinxela, o Concello de Vigo non dá máis de si, ten que estar perfectamente coordinado cos municipios da

comarca, municipios limítrofes, está unha área metropolitana en formación e hai que facer xa un planeamento con miras metropolitanas.

Isto do planeamento con miras metropolitanas non é só unha palabra, unha idea, ten que seren unha realidade. Cando o equipo redactor está dicindo iso está pensando no que dicía antes o Sr. Toba, en que temos que iren pensando que haberá unha determinada zona que se centrará por exemplo no uso industrial, outra zona no uso residencial, outra que se centrará en situar o solo dotacional que non será só para server ós parroquiáns dese lugar, senón que será para server a todos os habitantes da incipiente área metropolitana.

Nese sentido por exemplo a cidade do deporte é totalmente metropolitana porque con eses metros cadrados de ámbito está pensada non só para os cidadáns de Vigo, senón que case para todos os do sur de Galiza. Nese sentido a localización dun carto hospital resposta exactamente ó mesmo; nese sentido mesmo o que presentaban en canto a coordinar actuacións como por exemplo que a Ronda tivera continuidade por Nigrán, tiña todo o sentido, mesmo actuacións coma o do grande campo de golf de 18 fochas que ía estar á par entre Vigo e Mos, tiña todo sentido do mundo e estaba plenamente acertado.

Agora ben, a cuestión é se efectivamente o Plan Xeral resposta a iso. Se vostedes collen a memoria xustificativa onde se fai unha relación de todos os colectivos, grupos políticos, administracións e demais cos que falou o equipo redactor comprobarán que só hai unha administración municipal, que é o Concello de Nigrán. En principio da lista que eles mesmos fan só recoñecen ter falado co concello de Nigrán.

Nós non o criamos, non podía ser que só se falara co Concello de Nigrán e por iso o que fixemos foi unha batida por veren efectivamente qué coordinación había entre o Plan Xeral de Vigo e os Plans Xerais dos Concellos próximos, os da incipiente área metropolitana, mesmo daqueles que non están en principio no proxecto de área metropolitana pero que lles gustaría estar.

No Porriño non tiñan nin idea e están redactando un Plan Xeral, en Cangas o mesmo e iso é importante porque é certo que Cangas vai ter unha bolsa de solo industrial moi importante, pero esa bolsa de solo industrial vai acompañada dunha grande expansión residencial que ten agora mesmo problemas alí tamén, é dicir, non están pensado que a xente vaia traballar de Vigo a Cangas, están pensando en que a xente viva e traballe en Cangas.

En Moaña pasou o mesmo e tamén están redactando un novo Plan Xeral; Soutomaior o mesmo; Fornelos do Monte e Pazos de Borbén o mesmo; Ponteareas, que están redactando un novo Plan Xeral, exactamente o mesmo; Salceda de Caselas o mesmo; Salvaterra, que efectivamente ten agora mesmo plataforma loxística pero que vai ter unha expansión de solo residencial para que loxicamente a xente non se teña que mover de Vigo a Salvaterra para traballar, o mesmo e esta expansión é bastante importante, senón que lles pregunten ós promotores que se están empezando a situar alí. Baiona, nin idea; Tui, igual. En Mos dixeron que era posible que tivesen conversas co pasado goberno pero que co actual non se deron e eu lembro que cando eu era responsable da Concellería de Urbanismo chamáronme asustados para me dicir que qué era aquilo de que iamos facer un campo de golf entre Mos e Vigo, que nin falar diso, se non tiñamos outras cousas das que nos preocupar.

En Redondela si que recoñeceron que efectivamente tiveran coñecemento do Avance e pouco máis, pero non están nestes momentos coordinando nada que poida supoñer que haxa unha especie de compatibilidade entre os dous planeamentos.

Iso leva a que efectivamente, o mesmo que pasa co campo de golf, por exemplo con determinadas actuacións como a da cidade deportiva agora mesmo se estean duplicando no Concello de Nigrán no que efectivamente están tamén xestionando e promovendo unha grande bolsa de solo para cidade deportiva a non moitos quilómetros da futura cidade deportiva de Vigo. A iso chámase coordinación metropolitana.

Tamén nós confiábamos en que efectivamente o traballo do equipo redactor, co que nós sempre e ata nos momentos máis tensos tentamos manter unha relación cordial e mesmo amigable, fose serio e fiable. Pasa que xa nestes momentos e nestas datas nós temos, e así o manifestamos o outro día no Consello da Xerencia, xa non preocupación, é susto ou case espanto en canto a todo o traballo sobre o estudo de análises demográficas. Expuxémolo o outro día no Consello da Xerencia e eu esperaba que alguén rebatise, que alguén chegara aquí dicindo que todo está controlado, que houbo determinados erros pero que todas as fallas ou contradicións do estudo demográfico teñen unha explicación.

Repetimos que hai dous xeitos de facer un Plan Xeral, unha é facer unha análise, un estudo das previsións de crecemento poboacional da cidade, ver efectivamente qué incremento demográfico pode ter a cidade de Vigo. Unha vez que se saiba máis ou menos e utilizando sempre os criterios máis

optimistas (imos usar sempre o parámetro máis optimista, a maior explosión demográfica) qué demanda de vivenda vai haber, determinar qué vivendas son necesarias e localizar no mapa, determinar por qué zonas se vai expandir a cidade. Iso é complicado, dicir qué número de vivendas se van precisar e en qué parte do termo municipal é unha complicación porque iso significa dicirlle a unha xente que non vai poder construír e a outra que si, pero iso é clarexar e para iso se encarga un Plan Xeral, para que efectivamente planifique a zona de desenvolvemento da cidade.

Hai outra segunda maneira de facer un Plan Xeral que é ir percorrendo todo o termo municipal e dicir onde se poden construír vivendas unifamiliares, onde torres, onde se pode facer solo industrial, onde casas apegadas, etc. Logo se fai unha suma de toda a edificabilidade que se foi adxudicando na cidade, divídese polos metros cadrados que pode ter unha vivenda e sae o número de vivendas, logo teño que xustificar a poboación que pode ocupar esas vivendas.

Danos a nós a impresión que iso é o que pasou con este Plan Xeral. Primeiro calculouse qué se quería construír e logo tentouse xustificar cun documento sobre presunta explosión demográfica igualando a desgraciada explosión demográfica que tivo esta cidade nos anos 60-80, porque aí se parou a explosión demográfica, pero non o crecemento económico porque este seguiu e mesmo houbo momentos nos que baixou a poboación.

Pois iso é o que nós tememos porque o feito de que no Avance de xullo de 2002, ese do que se tomou razón e que tiña todo pechado, dicía que Vigo vai ter en 10 anos 325.000 habitantes, no documento que logo se nos entregou a nós de xuño de 2003 e que entregou o goberno seguinte en marzo de 2004, se dixera que en 10 anos Vigo ía aumentar a 350.000 habitantes e no momento máis tenso, cando xa se está falando do tema de edificabilidade das torres e demais, o equipo redactor di en sendas roldas de prensa das que, como dicíamos son testemuñas os medios de comunicación, que no prazo de 10 anos Vigo ía incrementar en 100.000 habitantes; xa estabamos disparados.

O feito de que logo na última documentación que se nos entregou en decembro, primeiro se nos entregase unha documentación o 9 de decembro na que se dicía que Vigo en dez anos ía aumentar a 297.327 habitantes e que no ano 2015 ía aumentar ata 302.924 habitantes, dábanos a entender que efectivamente non só polo que dicíamos nós, porque iso non conta, senón polo que advertira o informe da Xunta de Galiza se estaban revisando as previsións demográficas, estábanse empezando a recoller as previsións demográficas cribles. E como isto nós o puxemos de manifesto e saltou á

opinión pública, como dicíamos o outro día no Consello da Xerencia, a semana pasada entrégasenos un novo documento de estudo demográfico no que se pretende xustificar o incremento de poboación que vai cubrir a nova oferta residencial que ofrece o Plan Xeral.

Repetimos o que dixemos o outro día no Consello da Xerencia: ese estudo que no seu día fixo a consultora para a Zona Franca para a actuación de Guixar, parte de tres modelos. O modelo de crecemento vexetativo xa o descartamos totalmente. O modelo de crecemento medio, crecemento de postos de traballo: 35.000 postos de traballo, crecemento de poboación: 40.000, novas vivendas: 37.000. En canto o crecemento alto, que o outro día poñiamos o exemplo do crecemento económico que nos pode poñer á altura de Xapón ou Alemania na posguerra: crecemento de postos de traballo: 70.000, crecemento de poboación (no ano 2022 que non dentro de 10, dentro de 20 anos): 100.000 habitantes dentro de 20 anos, necesidade de vivendas: 60.000.

¿Cantas vivendas ten previstas o Plan Xeral? 138.000 se son de 100 m², 123.000 se son de 110 m², pero hai unha resta que me falla, semella que sobra a metade. ¿Por qué e para qué sobra? ¿qué se fai con toda esa oferta residencial? ¿iso é calificar? ¿iso é efectivamente un Plan Xeral serio e fiable? ¿iso é evitar o desenvolvemento? ¿é un plan sostible?

A efectos prácticos, xa que estamos falando de estudos demográficos, o que fixemos para comprobar se efectivamente estabamos errados foi repasar os últimos traballos demográficos que se fixeron concretamente no Concello de Vigo ou con entidades colaboradoras. Por exemplo o Plan especial de actuación para accesibilidade de Vigo, documento contratado polo anterior goberno e presentado en novembro de 2001, afirma que o saldo migratorio total en Vigo é negativo e o crecemento vexetativo é positivo pero moi pequeno, co que o crecemento real na cidade de Vigo estancouse. É un traballo encargado polo anterior goberno e tamén con proxección de futuro. Plan estratéxico de Vigo e da súa área funcional, Plan Vigo-2010, encargado pola Fundación Provigo: crecemento vexetativo cada vez máis perto de seren negativo, redución progresiva de saldo migratorio positivo. É dicir, non só non prevén unha explosión migratoria a Vigo, senón que están afirmando que en principio cada vez se vai reducindo porque efectivamente o fenómeno dos últimos anos é que a xente se vai vivir fóra de Vigo, non ven vivir a Vigo.

Con isto eles no Plan estratéxico facían a proxección de que Vigo perdería uns 3.525 habitantes, de xeito que se no ano 1997 tiña 273.110 habitantes

no ano 2010 contaría con 279.570 habitantes e empezan a sobrar moitas máis vivendas.

Logo o máis curioso é o borrador do estudo da análise económica para o Plan Estratéxico da Deputación de Pontevedra presentado en recentes datas e que algúns dos que están aquí presentes coñecerán porque son Deputados provinciais; ese Plan afirma que o que teñen que facer (estamos falando da coordinación metropolitana) en principio as administracións públicas é promocionar as actuacións urbanísticas e promover a poboación no interior. Que nós saibamos Vigo non está no interior. É dicir, por unha parte nós contamos con que todo o mundo vai vir vivir a Vigo e a actual administración pública supramunicipal que ten a provincia de Pontevedra conta con que sexa ó revés: hai que fomentar que a xente de Vigo vaia vivir fóra.

Todo isto ven dicir que hai unha oferta residencial, que en definitiva é o famoso tema da edificabilidade, totalmente desmesurada que fai supoñer que Vigo se vai duplicar no prazo de 20 anos. O Sr. Toba poñía un exemplo de crecemento demográfico de Vigo neses anos famosos da afluencia masiva de emigrantes a Vigo. As previsións que fai o Plan Xeral son que Vigo non é que vaia ter unha explosión demográfica, é que Vigo vai crecer neses 20 anos o que creceu nun século, porque Vigo a finais do século XIX podía ter o Casco Vello e pouco máis e no Casco Vello hai unhas 4.000 vivendas, se se engaden as que tiña Bouzas conten con que o crecemento do Vigo actual durou un século cun forte tirón efectivamente nesa dobre década dos 60 ós 80.

Mencionouse o exemplo da década dos 70, do Plan do 72, pois este Plan todo o mundo recoñéceo coma desmesurado, coma o que rematou a expansión urbanística, o que era o modelo de urbanismo nese momento, o desenvolvemento. Ese Plan do 72 baseábase en que o termo municipal de Vigo no ano 2000 tería 500.000 habitantes, iso fundamentaba toda a enorme edificabilidade que prevía o Plan do 72. Ben, pois o termo municipal de Vigo no ano 2000 quedou 210.000 por debaixo do que prevía o Plan do 72. Estamos máis ou menos cometendo o mesmo erro e se non é exactamente o mesmo seméllase bastante.

Todo iso afecta ó que é a sostibilidade do documento porque efectivamente as actividades económica e empresarial son moi importantes pero coido que ó día de hoxe ninguén desprezará os argumentos ambientais, ecolóxicos, é dicir, do medio ambiente, do respecto ó territorio, a economía do territorio coma di o informe da Xunta, a proporcionalidade e a economía do territorio.

Como dicíamos en principio o equipo redactor do Plan Xeral comprometiáse a deter a "mancha de aceite", esa enorme dispersión de vivendas que se estende case ata os montes veciñais en man común e eles comprometíanse a detela. Pasa que por exemplo o informe da Xunta alerta de que hai actuacións e criterios que non lle cadran con esa pretendida protección medioambiental; din que se está valorando o termo municipal de Vigo cuns criterios medioambientais moi baixos, que se está valorando medioambientalmente a maior parte do terreo de xeito moi baixo, baixo ou como moito medio e zonas de valor alto ou moi alto son mínimas. Iso leva a que o Plan Xeral coide que só o 13,9% do territorio do Concello de Vigo non é apto para urbanizar e estou referíndome a datos do propio equipo redactor: "...O 8,59% do territorio ten baixa capacidade para urbanizar e o 77,51% restante ten capacidade media ou alta para urbanizar". Iso explica que o Plan Xeral actualmente só teña coma solo rústico de especial protección ó redor do 38% do termo municipal, o resto a construír.

Antes facía referencia o Sr. Toba ó primeiro Decreto Lei que aprobou o Sr. Castro, pois efectivamente iso é o que propugna o Plan Xeral de Vigo que non só se axusta á lexislación vixente, senón que se axusta á filosofía de quen aprobou esa lexislación que dende logo non é a nosa. O informe da Consellería alerta disto, non é algo que nos inventemos nós, advírteo. Resúltanos moi chamativa a resposta que se recolle na páxina 377 da memoria xustificativa e que fai o equipo redactor a esta crítica; leo textualmente: "...Semella que se esqueceu que non é a Dirección Xeral de Urbanismo autora do informe previo, que o organismo administrativo con competencias sobre a materia será o órgano ambiental quen no seu momento deberá emitir o informe sectorial pertinente pronunciándose sobre o particular e en segundo lugar, e dito co debido respecto, o informe previo neste punto mostra unha manifesta falla de motivación á hora de avaliar os resultados do estudo de sostibilidade ambiental xa que se limita a non compartir os resultados do dito estudo pero sen aportar razóns técnicas e/ou medioambientais de calquera tipo. Sorprende ademais que sexa así cando previamente xa se dá a conformidade á metodoloxía aplicada".

É dicir, dinlle ós técnicos da Dirección Xeral de Urbanismo nada máis e nada menos que non teñen nin idea e que se calen, que eles son os que saben. Iso coma mínimo preocúpanos un pouco porque, que nós saibamos, contestar iso á Dirección Xeral de Urbanismo non é demasiado recomendable e así o dixemos. O outro día o Xerente de Urbanismo dixo algo coma que nós estabamos conformes con esa opinión, que nesas respostas (e logo veremos

outras máis) había un acordo unánime. O Sr. Concelleiro de Urbanismo lembrarao perfectamente e non fai falla que mencione o que se lle dixo a el, senón o que se dixo publicamente porque publicamente e en todos os foros o que se dixo é que o informe da Xunta de Galiza haino que cumprir rigorosamente, son prescricións, practicamente son ordes e non opinións. Advertíuse e aconsellouse que non se enfrontase cos técnicos da Xunta de Galiza porque se efectivamente todos temos o desexo de que este Plan Xeral chegue a algunha parte, mal camiño leva contestarlle isto ós técnicos da Dirección Xeral de Urbanismo teñan ou non razón.

Tamén se supoñía que o Plan Xeral, coma xa comentaron outros concelleiros e voceiros que interviron antes, ía resolver o sistema xeral de infraestructuras, pois empezarei coa infraestructura ferroviaria e non nos imos estender máis nisto porque efectivamente é unha postura xa coñecida que manifestamos o outro día no Consello da Xerencia e dende logo que nós non dubidamos de que nin o equipo redactor, nin o Ministerio de Fomento teñen culpa nisto, en realidade ninguén ten culpa agás quen o 27 de novembro se saca do peto unha actuación coma a de trasladar a actividade principal do Porto que é a de colectores a Bouzas, idea que nun principio non semella desacertada, pero a estas alturas do Plan Xeral propoñer semellante actuación sen ter a máis mínima idea nin o Concello, nin o Ministerio de Fomento, nin a Consellería de Política Territorial, nin ninguén de cómo se vai resolver esta conexión e decidir, coma estamos decidindo neste Pleno, que iso non se vai recoller no Plan Xeral é coma mínimo unha inconsciencia.

¿Cándo imos recoller iso? ¿en xaneiro? Co difícil que vai resultar conectar Bouzas coa saída sur, dubido moitísimo que iso tecnicamente teña un proxecto minimamente sólido a finais de xaneiro, pero aínda supoñendo que iso fose a finais de febreiro ¿qué estamos facendo aquí aprobando o Plan Xeral se iso é un sistema xeral que ten que recoller o Plan Xeral? ¿Non o imos expoñer ó público? ¿as actuacións que correspondan non van seren sometidas a debate público?

Xa lles advertimos o outro día que esa solución non vai ser nada sinxela e vostede, Sra. Alcaldesa, sábeo perfectamente e tamén o Xerente de Urbanismo porque vostedes a semana pasada tiveron unha reunión con autoridades da Universidade que non son para nada desprezables, son as máximas autoridades da Universidade e comentáronlle que isto ten perigo, que pode cambiar totalmente o que é a rede ferroviaria de Vigo; non só hai que prever unha nova conexión, senón que é posible que toda a rede ferroviaria que agora

mesmo está debuxada no Plan Xeral non serva para nada, que haxa que a mudar totalmente. É unha opinión, pode que non sexa así, pode que sexa demasiado alarmista pero tamén é unha opinión que nós coidamos en principio que é autorizada, que hai que ter en conta. Ogallá.

Tamén en principio supoñiamos que aí ía haber un estupendo deseño viario. Nós non somos enxeñeiros pero dende logo que o informe da Xunta nos deu determinadas pistas como é por exemplo o feito de que advirta de que no solo urbano non consolidado e solo urbanizable os viais coma mínimo teñen que seren de 16 metros. Pois na resposta, na memoria xustificativa, decídese caer no mesmo erro: "Os viais principais nós facémolos de 16, 14 e 12 metros de ancho".

A Xunta de Galiza di expresamente: "...Teñen tres trazados viarios de sección mínima ou sen saída e sen posibilidade de xiro en contra de calquera racionalidade de tráfico rodado". Miren que dicir isto a un enxeñeiro que debuxou un vial, que lle digan que fixo unha rúa cega, iso débelle sentar coma unha couce. Resposta do equipo redactor: "...Nalgún momento xa se dixo que Vigo é coma é, e pretender reformar situacións coma as que se comentan neste apartado do informe autonómico sería practicamente imposible". É dicir, témonos que tragar os viais mal deseñados que hai agora e témonos que tragar novos viais mal deseñados no novo Plan Xeral porque Vigo é coma é e non é función do equipo redactor remedialo, se Vigo é malo vai seguer sendo malo urbanisticamente e se tiñamos algunha esperanza de que este Plan Xeral o resolvese, totalmente descartado.

O informe da Xunta fai outra advertencia xenérica en canto ós servizos e infraestruturas; din que se deseñaron infraestruturas e servizos para unha poboación que oscila, segundo o Avance ou o documento que nos mandaron, entre 325.000 e 350.000 habitantes, pero é que vostedes prevén unha edificabilidade residencial de 100.000 ou 138.000 vivendas, non nos encaixan as contas porque unha de dúas, ou sobran vivendas, ou fallan servizos e infraestruturas. A resposta do equipo redactor sen cambiar nin unha soa raia no Plan porque non hai novos servizos, nin novos viais, din que non prevén infraestruturas para 325 ou 350.000 habitantes, que as prevén para 400.000 habitantes.

Segundo a última versión, sen cambiar as infraestruturas previstas no Plan Xeral estas son para 400.000 habitantes. Supoñendo que se constrúan as 123.000 famosas vivendas de 100-110 m², máis as 123.000 vivendas que existen agora mesmo e supoñendo que non haxa un "boom" de natalidade, iso supón que máis ou menos a poboación coma mínimo ten que rondar os 600.000

habitantes en total no termo municipal de Vigo co que mesmo o equipo redactor está recoñecendo que toda a rede de servizos e infraestruturas que deseñou non é suficiente para acoller a poboación potencial, non a que eles prevén que puidera vir, senón a poboación potencial que podería ocupar esas 123.000 novas vivendas.

Aquí chegamos ó tema da infraestrutura estrela do Plan Xeral que é a Ronda, tan estrela que o equipo redactor non dubidou en afirmar e anunciar que se non hai Ronda non hai Plan. Da Ronda, coma idea que efectivamente estaba no Avance, coido que ningún Grupo político manifestou opinión en contra. Efectivamente é unha solución que ven con retraso, esa Ronda tiña que estar debuxada e executada xa hai anos, antes de provocar un conflicto social coma o que agora imos sufrir. Esa conexión do extrarradio de Vigo dende Teis ata Saiáns e Nigrán sen pasaren polo centro hai anos que tiña que estaren feita e o problema é que agora se vai facer demasiado tarde. Pero nos atopamos cun problema enorme.

Unha de dúas, ou están calculando que ese solo rústico se convirta en forestal e que se vaia construír alí ou non entendemos que é isto.

Temor que xa se materializara no seu momento na fase de avance e cito de novo as suxerencias que presentou no su momento o Colexio de Arquitectos en outubro de 2002 cando dicía: "Unha das principais propostas do avance do PXOM de Vigo é o traslado e xustificación dun novo vial denominado Ronda de Vigo que seguindo os parámetros dunha vía de circunvalación conectaría todo o extrarradio da cidade permitindo rodeala ou acceder a ela sen a atravesar. Ista, que parece ser unha boa proposta, nembargantes parece adolecer dunha certa falla de ambición no seu trazado ou alomenos de dous importantes defectos. Primeiro, o seu trazado sinuoso e accidentado por se basear ás veces en viais existentes, non parece propio dunha vía urbana principal. Non só non mantén un só trazado recto, senón que en determinados tramos parece seguir os criterios de ampliación de rúas existentes. Segundo, a complexidade dos nós de enlace que presenta semellan máis ter un trato de autoestrada (que é o que temen os veciños afectados) que de vial urbano, con auténtica calidade ambiental na urbanización. Terceiro, carece dun entramado urbano que enlace o escaso existente no extrarradio que artelle liñalmente o crecemento da cidade".

Isto díxose no seu momento no avance e algo do trazado, cando se presentou o Plan Xeral, variou e mellorouse e así foi como se remitiu á Xunta de Galicia que é o seguinte informe cualificado. Esa nova configuración da Ronda eméndase polos técnicos da Xunta do seguinte xeito: "Segundo a

memoria do Plan a denominada Ronda de Vigo constitúe unha peza fundamental da estrutura funcional do Plan que se concibe coma unha vía de alta capacidade do tráfico urbano. Esas circunstancias fan recomendable que o Plan Xeral concrete, mediante as determinacións oportunas de cualificación, as condicións de accesibilidade urbana das beiras desta vía a fin de garantir a funcionalidade pretendida e ademais en coherencia cos obxectivos de sostibilidade. A respecto da mobilidade contén a xuízo medioambiental, impacto territorial e paisaxístico, detallando no seu caso as distintas posibilidades e casuísticas da súa sección e as posibilidades de acceso e aparcadoiro na dita vía".

Cando isto chega ós veciños din que non é unha vía urbana, aquí non vai vir unha Gran Vía, ven outro cinto de circunvalación, outra autopista e agora, cando o documento saia a exposición pública, ese temor vaise converter nunha certeza porque o equipo redactor, seguramente ante a evidencia que lle manifestan os propios técnicos da Dirección xeral de Urbanismo, primeiro concretou un pouco máis o trazado nos planos e redactou unha ordenanza que explica máis ou menos como será esa futura Ronda de Vigo e recoñece expresamente: A Ronda de Vigo dende o nó da Barxa ata a avenida de Buenos Aires efectivamente terá configuración de vía urbana con 30 metros de ancho, pero dende o nó da Barxa ata Nigrán non é vía urbana, terá a configuración de vial rústico cun máximo de 30 metros de ancho. É dicir que no proxecto xa nos din que isto de vía urbana nada, isto é para saír correndo cara a Nigrán.

Pero a normativa advirte: Poderá haber cruzamentos de calzada que se poidan resolver a distinto nivel; é dicir, os acueductos ou as pontes que estaban temendo veciños como os de Lavadores, Cabral, Sampaio, etc. Efectivamente nós nos planos atopamos nove sucesións que están resoltas ou por pontes, ou por acueductos, ou por túneles; localízanse na rúa Ponte das Mozas, no nó da autopista, na rúa Subride, en Ramón Nieto que hai un nó e un viaducto longo que está xusto a nivel das futuras torres de Alvarez, camiño da Bouciña, camiño Sabaxans, rúa Porto Loureiro que tiña un túnel, a rúa Mazáns e o camiño de Canteiros que tamén tiñan un túnel.

Iso é a Gran Vía que lle estamos a ofrecer ó extrarradio e é do que imos ter que lle dar contas ós veciños que se están a opoñer á Ronda porque vostedes lles dixeron que isto ía ser unha vía urbana. Fallamos nos argumentos porque efectivamente iso non ten pinta de que vaia ser unha Gran Vía por ningunha parte.

Hai dous puntos máis nesa normativa que lles van dar as mesmas festas: di que só vai haber semáforos nas zonas urbanas consolidadas; nas non consolidadas, nas de solo urbanizable, a correr. Ademais, agás nas zonas de solo urbano consolidado, non se admiten accesos directos dende as fachadas, terá de ser a través de vías de servizos; se ten vías de servizos entón isto é unha autoestrada.

Hai outro tema que xa falamos o outro día no Consello da Xerencia que é o tema da seguridade xurídica; iamos contar cun documento do Plan Xeral que en principio ía dar a suficiente confianza e seguridade tanto ós grandes operadores urbanísticos de Vigo, como ó veciño que ía facer a súa vivenda unifamiliar, que ían contar con todos os parabéns, é dicir, que se se recorría non se ían atopar cunha sentenza en contra que botase abaixo o que tiñan feito conforme o Plan, que non se ía repetir o que viñamos sufrindo durante os últimos dez anos, licencias mesmo conforme ó plan declaradas ilegais polos tribunais.

Para iso o mínimo que se espera é a unidade de criterios de todas as administracións que interveñen no Plan, alomenos para que non se dean argumentos ós recorridores profesionais, ós que impugnan por sistema o planeamento de Vigo e as actuacións. Agora ben, cando a Xunta de Galicia fai 154 observacións e o equipo redactor decide rexeitar de plano 75 delas, temémonos que aquí vai haber 75 motivos de impugnación no papel dun informe autorizado porque iso agora non hai quen o borre, non hai quen sexa quen de riscar e non poner un nome que interese nunha demanda ou nunha impugnación se non se está de acordo co Plan Xeral, sobre todo cando algunhas son deste calado: que se pida a xustificación das propostas do Plan Xeral. O equipo redactor contesta: todo o que se ven dicindo ten que levar forzosamente ó equipo redactor a desoir con carácter xeral as demandas autonómicas de motivación pormenorizada e detallada de moitas das determinacións do plan xeral que se consideran suficientemente xustificadas ó longo da descrición dos capítulos da memoria xustificativa.

É dicir, a Xunta de Galicia quere que se explique máis, que se xustifique máis e o equipo redactor contesta que xa explicaron o suficiente.

A Xunta de Galicia pide que se clarexen os obxectivos e a estratexia de actuación; a resposta do equipo redactor é: Parece invadir aspectos ou cuestións do Plan Xeral de indubidable e exclusiva competencia municipal tales como puideran ser a modo de exemplo a fixación de obxectivos do Plan, a elección dun concreto modelo de cidade, a estratexia de actuación, etc., aspectos todos eles de oportunidade e non de mera legalidade sobre os que,

con todos os respectos, a Administración autonómica non se debería pronunciar.

Non pasaba nada, el Plan podería seguirse tramitando porque as observacións que facía o documento da Xunta de Galicia eran técnicas e de detalle, pois se chegan ser de calado non sei que farían, tiralo ó lixo.

E continuo: En calquera caso o equipo redactor ten as recomendacións que a ese respecto se conteñen no apartado como non vinculantes (é dicir, que o que diga a Xunta de Galicia ó equipo redactor non lle vincula) por invadir competencias municipais recortando ó noso xuízo inxustificadamente a autonomía local en materia de planificación urbana. É dicir, imos ter un Plan Xeral que vai dar lugar a unha loita interadministrativa e competencial entre a Administración Autonómica e o Concello de Vigo.

¿Quen ten razón? ¿Quen ten competencias para opinar sobre determinados aspectos, o Concello, que é quen aproba provisionalmente o Plan Xeral, ou a consellería de Política Territorial que é quen o aproba definitivamente?

A efectos de modelo territorial de ordenación física xa comentamos antes que devolvemos a resposta que fai o equipo redactor a efectos de equipo de redacción, reforzado se cabe pola posición unánime da Corporación Municipal. Isto entón quere dicir que nós non somos da Corporación Municipal porque xa dixemos que nós non queremos esta redacción.

“O informe previo se entramete en competencias municipais atentando dese modo contra a autonomía local en materia de planificación urbana. A Consellería entra aquí en aspectos de oportunidade e non de sinxela legalidade sobre os que en puridade a Administración Autonomía non debería ter entrado”.

En Samil a Consellería di que está ben que se rexenere a praia pero hai unha determinada ordenación que todos coñecemos que está dende Navia ata os actuais apart-hotéis que teñen sentenzas de derrubo e desa ordenación a Xunta de Galicia di: Ten especial impacto no fronte litoral e que se xustifique adecuadamente. Incluso preferirían que non se metan nesas liortas, que se faga un plan especial para esa zona. Estamos repetindo a historia e agora aquí imos lembrar a historia do que pasou con Samil.

Resposta: “Hai que dicir que a memoria do Plan contén unha axustada xustificación da dita ordenanza dada a xustificación que se recolle no apartado 5.3 da mesma e que por motivos de economía non imos repetir aquí e doutra parte se considera que a regularización, que aínda se mellora na redacción final, é precisa e completa e por isto xúlgase que non demanda necesidade de planeamento especial que a desenvolva”.

É dicir, nós ordeamos Samil como creamos conveniente e non fai falla que expliquemos nada máis nin melloremos nada, nós somos os que temos a razón nunha cousa tan sensible e que ten unha historia tan recente neste Concello como a ordenación de Samil.

En canto á nova depuradora que di que se vai facer un gran esforzo para a situar, o informe da Xunta xa o dicía expresamente, non é unha cuestión de negociación cos veciños, o informe da Xunta di que a depuradora ten que estar no Plan Xeral e segue sen estar. ¿Imos metela agora, logo da exposición pública? Eu non sei e o Sr. Toba comentouno nalgunha xuntanza, se somos conscentes do que van opinar os veciños que estean cerca da depuradora cando se debuxe ¿ou pensan que non van presentar alegacións? Supoñendo que non se poida situar en zona pública da Zona Franca pero se é así iso vai no plan do Porto, non no Plan Xeral. En todo caso, o Sr. Alonso sábeo, a Autoridade Portuaria está totalmente en contra da situar no recheo de Bouzas porque o consideran totalmente inviable en subsolo e en superficie quítalles solo que necesitan para depositar contedores. Por tanto nós xa constatamos con quen corresponde que esa proposta ten dificultades e ademais se sae do Plan Xeral.

Tamén a Xunta de Galicia esixe que se cruce o destino de todas as dotacións e equipamentos. É certo que no Plan Xeral se reserva moito solo para dotacións e equipamentos e mesmo nas relacións detalladas que se redactaron, agora mesmo citan zonas nas que efectivamente vai haber equipamentos, o que non sabemos é se van ser dotacións escolares, sanitarias, socio-culturais, administrativas e a Xunta de Galicia di que no dos equipamentos hai que dicir para qué van ser. Pois o equipo redactor decidiu que iso se pode facer despois e que é mellor deixalo aberto.

A realidade é que agora mesmo non hai un programa de necesidades, non podemos debuxar qué dotación se vai facer en cada zona se non sabemos siquera a xente que vai vivir alí. Se o fixésemos e o mandásemos á Consellería diríannos que estamos tolos porque se non coñecemos o número de habitantes non podemos poñer centros sociais e sanitarios por todas partes. Indubidablemente non é cuestión de quitar equipamento senón de quitar solo residencial porque se quitamos solo residencial fan falla menos equipamentos e o estándar da lei cumpríase.

No tema das vivendas unifamiliares o equipo redactor na versión inicial dicía que as vivendas unifamiliares poderían chegar ter catro plantas; loxicamente unha vivenda unifamiliar é para que a habite unha familia, xa pode ter catro, cinco ou oito plantas, se facemos unha torre de vinte

plantas e a ocupa unha soa familia tamén pode ser un edificio unifamiliar. Depois o equipo redactor rebaixou a tres e a Consellería di que as vivendas unifamiliares son de dúas plantas, se se construe unha casa máis alta será calquera outra cousa pero non unha vivenda unifamiliar, é o que se pretendía combater coa Lei de ordenación de Galicia da edificación excesiva no rural, manter o rural, etc. Pois o primeiro que di o informe da Xunta de Galicia é que se se fan vivendas unifamiliares que se fagan de dúas plantas como é tradición e costume en Galicia e se é outro tipo de tipoloxía, non se pode dicir que son vivendas unifamiliares. Pero o equipo redactor decidiu que ese comentario non vai con eles.

Cando a Xunta de Galicia di que non se mesturen usos, tipoloxías e alturas, non mesturar uso residencial con uso industrial, non mesturar bloque aberto en altura con vivenda unifamiliar e fundamentao porque di que iso non é unha ordenación uniforme do territorio que é o que pide concretamente o artigo 3.2.d da Lei de ordenación urbanística de Galicia.

E o equipo redactor contesta: Parece que se obxecta que a ordenanza sexa aberta, que o Plan Xeral deixe excesiva marxe de decisión das solucións arquitectónicas ós promotores, algo que resulta abundantemente cotidián e completamente normal nos planes de urbanismo, por exemplo ordenanzas moi semellantes ás que agora se fan nas nosas redaccións ou que se poñen pequenos inconvenientes no informe previo forman parte do actual Plan Xeral de Madrid".

Efectivamente este Plan Xeral como comentaba o concelleiro de Urbanismo ten un asesoramento importante de técnicos de Madrid que se lles ve onde son especializados na lexislación autonómica galega ou alomenos que teñen en conta o Plan Xeral de Madrid; como os técnicos son de Madrid témonos de rexer pola Lei do solo de Madrid.

Sinxelamente iso xa fundamenta un recurso. ¿Quen ten razón na interpretación dese artigo? ¿O equipo redactor que se rexe polo modelo de Madrid ou a Consellería que fixo a Lei de Galicia e que di que non se poden mesturar usos e tipoloxías? ¿Van dar a razón os tribunais? ¿Iso é seguridade xurídica? ¿Iso é romper con todo o que acaeceu ata o de agora? Non nos parece así.

E hai temas nos que hai casos coñecidos e sangrantes pero vou tratar de evitar entrar en localizacións concretas pero si que van afectar moito ó corazón dos cidadáns sobre todo no que se refire á calificación de solo que é o que en principio vai ver a xente no que se refire ás súas propiedades: rústica, urbanizable, urbano non consolidado... porque iso determina a

capacidade de posición, se pode construír inmediatamente, se ten que esperar un proceso de xestión para construír e ten que pagar cargas de urbanización, se é rústico e non vai poder construír absolutamente nada... Iso é o que en principio máis afecta dende o punto de vista urbanístico ó dereito de propiedade e tamén vai ser, para os que non estean conformes, motivo de recursos e de xudicialización.

Dende o momento en que o informe da Xunta de Galicia diga que os criterios de clasificación de solo urbano non son os correctos, que toda a literatura, a argumentación que fai o equipo redactor para xustificar a clasificación de solo urbano e urbanizable, non se axusta á Lei de solo de Galicia, é motivo de recurso por parte dos particulares, sobre todo se o que resposta o equipo redactor cando a Consellería lle critica que a argumentación que lle dan non se axusta á Lei do solo de Galicia é: "A argumentación que se contén na memoria non só é ó noso entender de intachable calidade teórica, senón que parece a única interpretación posible". Iso respostan ós técnicos da Dirección xeral de Urbanismo; nós somos os que interpretamos a Lei correctamente, vostedes non, están equivocados coa lei que vostedes fixeron.

O mesmo sucede cando o propio informe da Xunta alerta de que hai situacións que en principio son idénticas e que se están a tratar de xeito diferente; hai algunhas persoas ás que se lles clasifica o solo como solo urbano non consolidado e ven que a outras que están en idéntica situación ou moi parecida se lles califica como solo non consolidado, é dicir, de licencia directa.

O Sr. Toba comentou que en principio o Concello tiña que procurar a máxima clasificación de solo non consolidado posible para poder adquirir un 10% de aproveitamento; pois hai sitios que iso non se fai, que esa clasificación está equivocada e advírteo a Xunta de Galicia e isto poderíanos traer problemas en canto á discusión concreta de casos específicos.

Outro problema que comenta de pasada o informe da Xunta pero que vai chamar moito a atención e é algo que xa se miraba no avance é a desaparición de todos os núcleos rurais do extrarradio, ese modelo rural que mencionan os veciños. Nós tiñamos unha tipoloxía rural que estaba fundamentada no Plan Xeral do 93, con efecto máis de xestión que de clasificación, que clasificaba 120 núcleos rurais, 137 núcleos rurais tradicionais e 60 núcleos urbanos de recente formación, dos que o Plan Xeral que hoxe debatemos só conserva 12 núcleos rurais, o resto absórbense en solo urbano ou urbanizable. Iso é o que comenta o informe dos técnicos da Xunta de

Galicia como crecemento desproporcionado de solo urbano que se estende ó solo rústico.

Erros do Plan Xeral que foron advertidos por administracións sectoriais específicas non se atenderon; a necesaria protección de costas que sinala que non se pode infrinxir o deslinde mínimo de cen metros non se respecta no Plan Xeral en determinadas zonas e algunhas moi coñecidas como son zonas de dominio da Zona Franca. A necesidade de que se clasifique como protección de infraestructuras todo o solo que en principio ten sistemas xerais, viarios ou comunicacións; o equipo redactor do Plan xeral decide que todas as infraestructuras que pasen por solo urbano, solo urbano non consolidado ou solo urbanizable deciden literalmente non clasificar como solo de protección o que está en contra dos informes que mandou a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Estradas.

O mesmo pasa coa protección de augas que non se respecta, redúcense a 25 metros as afeccións e a zona de policía que deberían ser de cen metros como afirma a Administración competente.

A Xunta de Galicia di que en principio é necesario que se xustifique a enorme reclasificación do actual solo rústico do plan do 93 a solo urbano ou urbanizable. Nós calculamos que son entre nove millóns e nove millóns e medio de solo rústico actual que se recalifica como urbano ou urbanizable.

E hai algúns casos sangrantes dos que algúns a Xunta de Galicia non é que pida que se xustifiquen, senón que ordena, por exemplo en zonas de Sárdoma no informe non hai ningunha dúbida, dí que é solo rústico como todo o que lle arrodea e o equipo redactor e máis os grupos que o apoian deciden que iso é un solo estupendo para urbanizar; iso é unha visión ecolóxica e de protección da riqueza forestal e rural de Vigo, como dicía antes o Sr. Soto o importante é urbanizar e punto.

Pero a nós xa coma políticos interesaranos máis ou menos intensamente porque dende logo non nos imos meter na normativa urbanística detalladamente. Agora ben, advírtolles que en principio non é que a normativa urbanística do ano 93 fose boa porque tamén causou moitos conflitos, tiña 260 artigos. Aquí decidiuse mellorar ó peso, dos 260 artigos do Plan do 93, pasamos ós 838 que ten o actual. Igual contrataron ó peso pero isto, cando o teñan que levar a cabo os técnicos municipais, as organizacións sectoriais e os técnicos particulares, non hai quen o entenda. Como mínimo é a normativa máis estensa de España, fixemos unha batida para ver que extensión teñen as normativas dos municipios de España e advertimos que estamos no primeiro posto de extensión de normativa.

Santiago ten unha normativa con 220 artigos, A Coruña 234, Girona con 275, Logroño con 290, Barcelona 395 artigos e apáñanse estupendamente, Santander 427, Valladolid 467, Gijón con 463, Málaga con 545, Sevilla con 550, Vitoria con 622, Bilbao con 700, Madrid con 730 e Vigo no primeiro posto de normativas urbanísticas con 838 artigos que lles advirto e penso que vai causar semellante estupefacción nos técnicos que teñan que redactar os proxectos conforme a esa normativa, así como nos técnicos que teñan que informar eses proxectos que se iso é seguridade xurídica que baixe Deus e o vexa.

Non vou dar unha referencia que fai o Plan Xeral á interpretación das normas de aplicación directa que neste Concello teñen un antecedente moi famoso que é o tema do Piricoto. É un dos criterios que utiliza este Plan Xeral, é dicir, ten que legalizar todo o que hai que legalizar en Vigo pero faino con moitísimo risco, non vai legalizar, o único que vai facer e volver meterse nos mesmos problemas que tivemos no pasado e iso tradúcese nun exemplo que cremos necesario traer aquí que é como interpreta expresamente as normas de aplicación directa.

As normas de aplicación directa son normas que aparecen na Lei que fan historia e que están vixentes agora mesmo, tanto na lexislación estatal como na autonómica, que son directamente aplicables polos Tribunais e o que tenden é a protexer ó medio ambiente, son as que no seu momento se aplicaron á colina de Castrelos. A obra de Castrelos era legal porque tiña unha licenza legal que se axustaba ó Plan que prevía esa edificación pero o que din os tribunais é que o que está mal é o Plan porque no ámbito de Castrelos non se pode construír ese edificio porque rompe o contorno. Aplícase directamente o correspondente articulado da Lei.

¿Qué vai facer o equipo redactor para o solucionar? Di que non, que eles son do Plan e son os que a partir de agora van interpretar o ambiente e son os que din qué ambiente ten que haber en cada zona e se actualmente hai un ambiente de edificación unifamiliar e ten que haber ambiente de edificacións de seis plantas, como vai acaecer agora no entorno de Castrelos, pois solucionan o problema.

Iso vai en contra de todos os criterios que crean un mínimo coñecemento de feito, en contra de todas as resolucións xudiciais que se dictaron ata agora. Esa normas de aplicación directa para os tribunais son sagradas, é a súa arma, o seu mecanismo de estar por riba do que nun momento dado decidamos nós aquí. Se nós no Plan Xeral dicimos que en Gorgoso hai que urbanizar, aínda que teñamos os parabéns da Xunta de Galicia que

efectivamente aproba excepcionalmente o Plan Xeral dese xeito, se os tribunais revisan Gorgoso e din que non se axusta ó solo rústico que o arrodea, por moito que diga o Plan Xeral que hai que o poñer así, será tombado polos Tribunais.

Isa é a imaxe da seguridade xurídica que ó noso parecer outorga este Plan Xeral.

Hai outro tema que coido que se resume bastante no que pasou neste Pleno que se trata de que iamos ter un estudo e un debate pormenorizado do Plan Xeral, iamos repasar o Plan Xeral e estudar detalladamente todo o termo municipal. Cuando no Consello da Xerencia do 22 de decembro estudamos o plan de traballo que se aprobou por unanimidade, advertimos que está moi ben falar de temas xenéricos como dos que se faloron neste Pleno, temas xerais, de crecemento, de dotacións, de poboación e demais, pero hai que ver cómo se vai ordear toda a cidade. Non se fixo, se alguén pensa que na comisión delegada de Urbanismo fixemos algo distinto do que imos facer hoxe, se alguén pensa que falamos de Cabral, de Lavadores, de Beade, de Bembrive, de Zamáns, de Matamá, de Oia e de Coruxo está moi trabucado. Nunca comentamos o que se prevé aí ou se deixa de prever, agás no que afecta a algunha ordenación detallada, por exemplo en Coruxo, o resto non o tocamos.

Son moi importantes as infraestructuras, as grandes actuacións en Vigo pero que non pense a xente que temos coñecemento nin que nos matamos a debater qué é o que se vai construír en Lavadores ou en Matamá, que se esquezan porque non conseguimos pasar nin da Praza de España, nin de Beiramar, nin da Gran Vía, nin das grandes actuacións que foron as que máis chamaron a atención no debate.

Tamén hai outra cuestión que é importante. Como di a memoria xustificativa do Plan Xeral o equipo redactor en principio tiña que ter resoltos os defectos xerados no pasado e non hai peor defecto herdado do pasado en Vigo que a cidade construída, a cidade que agora mesmo existe, o que nalgún momento dado alguén chamou o urbanismo cutre: rúa Barcelona, Torrecedeira, Travesía de Vigo. Iso o Plan Xeral non o toca, non é un Plan Xeral que solucione os problemas urbanísticos de Vigo, o que fai é deseñar a expansión urbanística de Vigo que non é o mesmo.

Os veciños de Torrecedeira van quedarse como están, os da rúa Barcelona tamén; o único que fan é ensinar como van quedar os futuros veciños que de ser o caso vaian vivir do outro lado da Gran Vía, pero non se atreven, e dino expresamente, non queren realizar nin a máis mínima reforma interior

no Vigo que agora mesmo é conflictivo, que todo o mundo está esperando que o Plan Xeral lle solucione, lle dea esas estupendas zonas verdes e equipamentos que ten o Plan Xeral. Pois no centro de Vigo todo vai seguir exactamente igual, agravado no seu caso, se as infraestructuras efectivamente están mal deseñadas, por toda a sobreedificación que se vai sumar ó Vigo actualmente consolidado. Iso tampouco o resolve o Plan Xeral. Agora chegamos ó tema estrela que é a edificabilidade e as alturas do Plan Xeral, tema que en principio foi o que máis chamou a atención e que a ninguén lle puido pasar desapercibido porque de todo o que falamos, excepto a alguén que estea moi afectado, vaille chamar a atención, pero o das 30 plantas da Praza de España a ninguén se lle pasou desapercibido e por algunha razón é o que está en todos os medios de comunicación e tamén por algunha razón estranísima, singular, a algúns responsables políticos aquí se lles deu por banalizar polo que dicíamos antes: a partir das sete plantas non pasa nada, non hai que ter medo ás alturas, todo o contrario, é unha cidade de progreso, unha cidade progresista a que imos construír. Afortunadamente parece que alguén se non lle ten medo si lle ten algo de respecto. Cando a Xunta de Galicia comenta a ordenanza 6 famosa, que é a que permite construír entre catorce e vinte e catro plantas (antes 30), que por certo nunha discusión que tivemos chegouse dicir que non era torre, que a ver cando se considera que é torre; pois a ordenanza 6 defíneo como ordenanza de torre e di que se vai poder construír entre 7 e 24 plantas. E cando a Xunta de Galicia comenta esa ordenanza 6 di: "O Plan Xeral debe determinar as zonas nas que sexa posible acadar a altura especial regulada neste grao e de non o facer a decisión quedaría diferida á valoración de cada solicitude concreta, co risco correspondente de desvirtuar o modelo de Plan por canto se trata de actuacións de máxima incidencia na paisaxe urbana". Non hai que ter medo ás alturas. Pásamonos un ano ouvindo ó equipo redactor que da o mesmo construír en horizontal que en vertical e agora din que non, que construír en altura en determinadas zonas ten unha especial incidencia na paisaxe urbana e non é exactamente igual construír en altura na Praza de España, que en Beiramar, Gran Vía, Universidade, non é o mesmo construír nunha zona rodeada de solo urbano consolidado onde non é coherente co contorno, ou deseñar unha zona na cidade como existen noutras cidades, que se decida facer unha zona residencial de rañaceos ou de oficinas, non é o mesmo e nós aquí sabémolo moi ben porque non é o mesmo colocar un centro comercial como o da A Laxe

no porto que facelo noutra zona de Vigo e senón non teríamos o problema que temos agora con ese centro comercial.

Ninguén di que o proxecto arquitectónico do centro comercial de A Laxe sexa malo, o problema é que está onde non debe e que ten unha altura de sete plantas e un volume de 15.000 metros cadrados.

O mesmo estivemos dicindo durante un ano co tema das alturas, non é que a edificación en altura sexa mala por natureza, é mala onde se está a dicir que se pretende construír. Non o dixemos nós sós, tamén o dixeron outros grupos. Sábado, 13 de setembro de 2003: "O PP oponse á construción de torres na avenida de Beiramar; Porro di que non se pode crear unha nova barreira de edificios fronte ó litoral da cidade". Leo: "O grupo municipal do Partido Popular oporase a que o novo Plan Xeral contemple a posibilidade de construír edificios de ata vinte plantas na zona comprendida entre a rúa Jacinto Benavente e a avenida de Beiramar. Segundo o documento do Plan Xeral nesa zona se pretenden substituír as actuais naves industriais por bloques de edificios separados entre si, con altura máxima de vinte pisos. O Plan prevé que parte das plusvalías que se xeren para a construción dos edificios se adiquen a financiar o traslado das industrias existentes na zona, na súa maioría relacionadas co sector do frigorífico. A ordenación substentárase no tirón urbanístico que suporía o futuro auditorio de Casa Mar no que se considera por parte do equipo redactor do Plan Xeral un cambio total de fisonomía da cidade e contorno. "En primeiro lugar non nos parece ben esa solución urbanística porque se pretende crear unha nova barreira de edificios ante a liña que actualmente forman os inmobles de Torrecedeira, sería un novo obstáculo na zona do litoral". Manifestou a voceira do grupo municipal do PP, Corina Porro, actual Alcadesa".

Porro puxo este caso coma un exemplo das discrepancias que a priori pode ter o Partido Popular sobre o anuncio do novo Plan Xeral de construír bloques en alturas. "Nalgunhas zonas estamos de acordo sempre que as torres servan para liberar espazo e superficie que se adique a zonas verdes ou de esparcemento, pero non se debe acometer esa práctica como norma xeral no novo Plan. Haberá que discutir en qué lugares é conveniente facelo e nos que non sería bo acometer este tipo de actuacións", insistiu a voceira do Partido Popular no Concello de Vigo.

A nós se nos dixo por qué non dixemos nada do tema das torres ata que estivemos na oposición, Voz de Galicia 5 de setembro de 2003 e aquí voulle incluír nas citas, Sr. Soto: "O PSOE pedirá explicacións sobre o plan de rañaceos. A altura das vivendas podería provocar unha nova fricción co BNG.

Soto advirte que crear en Vigo un novo Manhattan sería un perigo. A proposta de crear torres de entre quince e trinta alturas en corenta zonas distintas de Vigo non é ben recibida no PSOE. O grupo que lidera o Alcalde, Sr. Pérez Mariño, reuniuse para estudar o tema e a conclusión é que o Plan resulta demasiado agresivo. Fontes socialistas confirmaron onte a este periódico que abrirán un debate político sobre a conveniencia de tal edificabilidade e esixirán ó equipo redactor do Plan Xeral, Consultora Galega, que o xustifique (igual que á Xunta de Galicia). Polo de agora non haberá un pronunciamento público, o PSOE considera que moitos dos rañaceos previstos, Praza de España, Guixar, Beiramar, poderían resultar un enorme impacto visual se se levantan coa edificabilidade máxima que se permite nas fichas urbanísticas propostas por Consultora Galega. Ademais hai outros asuntos do Plan Xeral que Ventura Pérez Mariño e o seu concelleiro desexan revisar: a legalización das pistas de Balaídos, a previsión do metro lixeiro, o cambio de trazado da Ronda, Saians e Lavadores son algunhas delas. Non descarta que outros grupos presenten tamén a necesidade de cambios", como despues fixo a Sra. Porro.

Manoel Soto si o ten claro: "Preferimos que a cidade medre extensivamente e non en alturas. O meu grupo, Democracia Progresista Galega, está disposto a favorecer a comunicación da parte central da cidade pero daí a facer un pequeno Manhattan media un abismo. A concentración de torres agravaría o problema do tráfico en Vigo e só por iso xa sería suficiente para cuestionar a proposta".

O de Beiramar é moi curioso porque vai coas 4 torres de 20 plantas e non só vai coa edificabilidade inicial que no seu momento propoñía o equipo redactor, senón que vai con aínda máis edificabilidade. No documento que se entregou en xullo de 2003, na zona privada da zona portuaria que se prevía construír nunha superficie total edificable de 122.392 m², agora permite construír unha edificabilidade total de 134.612 m². Non só non se rebaixou senón que se subiu e en principio e que nós saibamos, nisto coincidimos na comisión de seguimento co voceiro do BNG, todos estivemos nalgún momento disconformes coa ordenación de Beiramar, por edificabilidade e por tipoloxía.

Estamos desexando que alguén nos explique que se todos estabamos de acordo en que Beiramar é demasiado agresivo por unha ou outra razón, ¿por qué van as catro torres de vinte plantas e por qué van cunha edificabilidade, cunha presión do tipo de 3.8 se todos temos medo ó que poida pasar? ¿Non chegou

co centro comercial de A Laxe? ¿Imos repetir a xogada dentro de dous ou tres anos e paralo con licenza?

¿Ou é o momento de estimar as alegacións e rectificar os erros que se están cometendo cando alomenos a todos se nos pasou pola cabeza que iso podía ser malo para a cidade?

En canto ás alturas ¿qué opina o BNG? Como moi ben dicía o Sr. Pérez Castrillo imos contar. Unha cousa é o que se defendía no mandato de Manuel Pérez e outra cousa é o que se defende agora. Pleno do 16 de abril de 1998, aprobación definitiva do PEPRI Finca do Conde que tan ben coñecemos todos. Debate, intervención do Sr. Pérez Castrillo segundo consta na acta aprobada polo Pleno: "Nós xa votamos en contra na aprobación inicial e imos facelo na aprobación definitiva. A verdade é que, máis que un plan especial de protección e reforma, sería un plan especial de destrucción. Nós coidamos que este plan especial supón outra ficha máis no dominó que vostedes están colocando na beira esquerda da Gran Vía para destruí-lo que xa hai. En segundo lugar este plan especial contempla unha tipoloxía que rompe absolutamente, non só o que existe en toda a zona da marxe esquerda da Gran Vía, senón do que pode existir se se desenvolve o PERI Riobó-Mantelas. Nese sentido pensamos que é tamén un ataque ó desenvolvemento do plan especial de reforma interior Riobó-Mantelas. Xa van dous ataques. Hai que ter en conta que se introducen dúas torres de 16 plantas, unha de dez e un edificio de 4. Isto non pode ir adiante se realmente se quere ordena-la Gran Vía cun sentido acorde co que hoxe existe, cunha tipoloxía diferente e ademais mantendo a vexetación, mantendo o arborizado e mantendo valores históricos como é o Pazo da Pastora. Nese sentido é o noso voto negativo." Nunha segunda intervención o Sr. Pérez Castrillo ampliou a súa argumentación ó resto da cidade: "Evidentemente esta é unha ordenación que formalmente cabe dentro da ficha pero hai outras posibles, xa o dixemos; hai un avance que ten unha ordenación de bloques abertos en seis alturas máis cuberta. Hai outras posibilidades de ordena-la zona que non se contemplan e sen embargo se contempla a máis agresiva, a que máis rompe a estrutura da zona, a que segundo o equipo redactor da revisión do Plan xeral sería a menos idónea, porque segundo o avance do Plan xeral a "sky line", é dicir a liña do ceo de Vigo non debería ser máis alá de 4 ou 5 plantas. Eso dío no avance da revisión do Plan xeral o equipo redactor que vostedes contrataron. Agora van vostedes e lle plantifican tres torres, dúas de 16 e unha de 10. Toma "sky line", toma liña do ceo.

Se eu dixera isto no 99, estaría pedindo que me explicasen qué pasou co sky line, qué pasou entre o 99 e o 2004 para que modificasen o sky line: "Eu unha recomendación que lle fago ó Sr. Leri, unha idea: o mellor que se pode facer alí é colocar un cable dende a última torre ata o edificio do Piricoto e poñer un teleférico; é o único que podemos quitar en limpo e ver todo o val do Fragoso en teleférico, porque eso é o que vai se-lo val do Fragoso daquela, entre o Piricoto e estas torres é o que van vostedes lograr. Por iso Sr. Pérez se vai pasar á historia, seguramente polo pazo de congresos non pasará, polo multiusos tampouco; agora vostede vai plantar unhas cantas torres na metalúrxica e outras no val do Fragoso, bravo."

Pois bravo porque agora imos ter un teleférico que vai ter 80 paradas, dende Teis ata Alcabre e darémoslle as gracias non a don Manuel Pérez senón ós que no día de hoxe van votar favorablemente a aprobación inicial do Plan Xeral.

Ademais o día 30 é un día estupendo para realizar este Pleno coa liorta que se montou hoxe que nos desagradou a todos porque vostedes se foron, pero nós quedamos sentados e a xente non distingue, non sabe se somos dun grupo ou doutro. Vaian explicarlle á xente o que ten que facer, cada quen ten que explicar o que lle corresponde.

Sr. Iglesias, no Plan Xeral vai todo aquilo ó que se opuxo a Corporación que estaba nese momento cando se tentou facer o Plan Xeral do ano 98, gobernando Manuel Pérez. Como dicía o Faro de Vigo o 29 de xaneiro de 1999: "O Plan Xeral de Vigo atáscase na Praza de España. A altura das torres nesa zona é o último obstáculo para a aprobación do planeamento. A aprobación provisional da revisión do Plan Xeral de Vigo pola Xunta está pendente tan só de que o Goberno Local e a Consellería de Política Territorial cheguen a un acordo sobre as alturas das torres proxectadas na urbanización da praza de España. A Consellería esixe que se rebaixe o número de alturas previstas nas torres da futura urbanización que ascendería a 16 plantas (agora van 18) segundo o proxecto dos promotores. A urbanización tal como está concebida foi criticada tanto polos grupos políticos da oposición municipal, como pola Asociación de Promotores Inmobiliarios da provincia." Esta Asociación o día 7 de febreiro de 1999 dicía: "Os Promotores calificación de aberración o proxecto para urbanizar a Praza de España". Agora como inclue algo máis parece que cambiaron de idea.

Finalmente en titular do 12 de febreiro de 1999: "A Xunta anula na urbanización da Praza de España en Vigo as alturas das torres previstas no proxecto que inclumprían a Lei do Solo e o Plan Xeral. O informe

desfavorable constata a falla de cesións ó Concello e o exceso de edificabilidade" Efectivamente para calcular unha edificabilidade de 55.000 metros cadrados computan ata os cabalos de Oliveira. Ben, pois agora a edificabilidade que vai haber na Praza de España son 55.000 máis 10.000, o que non puideron facer nese intre porque a Xunta impediúselo, van poder facelo con este Plan Xeral.

O mesmo pasou co proxecto de Samil do que falamos antes. Falamos do 27 de novembro de 1996: "A Xunta desautoriza o novo proxecto do goberno local para urbanizar Samil. A Consellería de Política Territorial rexeitou por segunda vez no prazo de mes e medio o proxecto do goberno municipal vigués de urbanización do polígono de Samil". Resumindo, non estaba de acordo coa tipoloxía de bloque de baixo e tres plantas, a tipoloxía que vai agora é de bloque e cinco plantas modelo aparthotel.

Tamén a operación de Guixar que no seu momento se viu frustrada. 30 de xaneiro de 1999: "Once edificios circundarán a zona verde que se habilita en terreos da antiga Campsa cun centro comercial". Daquela eran once edificios que non superaban as nove plantas; agora temos eses once edificios con dous deles que chegan ás 20 plantas, catro de doce plantas e o resto de catro e seis plantas.

Ainda que están todos un pouco aburridos de nós, non me vou resistir ler como se vía a situación na cidade en febreiro de 1999, cando estaba a piques de rematar o mandato de Manuel Pérez, representada no artigo de opinión de Anxel Vence en Faro de Vigo do 10 de febreiro de 1999 titulado "Digo yo": "Agora que os rañaceos están pasados de moda e só se levan en países de todo a cen como Malasia, Singapur e Taiwan, algúns municipais parecen decididos a importar este modelo de urbanismo a Galicia. Non é que vaian facer aquí, porque non poden, as torres Petronas que tanto satisfían os malaios, pero en troques están dispostos a sementar de "pirulís" de formigón os poucos espazos libres que van quedando nas cidades. En Vigo, un supoñer, xa colocaron os anteriores "mandamases" dous esbeltos rañaceos de vintetantas alturas en pleno centro da cidade, pero iso foi só o principio. Agora o goberno local, a quen lle quedan dous telediarios de mandato (refírese ó goberno de Manuel Pérez), empéñase en deixar como último e case que único legado unha decea de novas torres co noble obxectivo de preservar os efectos do ar e a luz da Praza de España. Tan copiosa actividade inmobiliaria rematou por preocupar ó mesmísimo goberno de Don Manoel I que non comprendeu a altura de miras do proxecto e suxire ó Alcalde vigués que lle quite algunhas plantas ós "pirulís". Lonxe de aceptar a suxerencia o

mentado Alcalde fixo da defensa das torres unha cuestión persoal e agás intervención do Goberno galego (que finalmente interviu afortunadamente) todo fai pensar que o proxecto vai saír adiante. Choca o empeinamento de chear Vigo de rañaceos coa aparente falla de utilidade pública destas construcións. Entendería mellor que o desafiuzado munícipe gastase a súa enerxía en pelexar por máis zonas verdes, uns cantos parques ou uns accesos menos cotrosos que os que Vigo ten agora, pero en materia de gustos xa se sabe que non hai nada escrito e ó Alcalde vigués deulle polos rañaceos. Coñécese que o propósito último é facer unha especie de Vigo-Iorque produto dun cruzamento de razas e do modelo urbanístico de Nova Iorque e o dun pobo da montaña de Lugo. Continúa, ó que se ve, a vella fascinación entrañablemente provinciana que no seu momento levou a algúns a definir a Vigo como o "Madrid chiquito" (horror) ou a Barcelona de Galicia. Ninguén parece ter un proxecto para que Vigo sexa Vigo a secas e felizmente os rañaceos non convirten á cidade en Nova Iorque o mesmo que o hábito non fai ó monxe".

Como vostedes teñen presa non me vou deter en todas as alturas que se prevén nos distintos ámbitos. Son 21 solares nos que se permite a ordenanza de licenza directa para construír torres de catorce e vintecatro plantas, todas as torres que se prevén en Riobó, Guixar, Beiramar, na entrada da estación do tren, en Cotomondongo que está en Vía Norte, Metalúrxica, Canadelo detrás das torres Ife, Praza de España, Concello debaixo da Praza de España, Tomás Alonso, Chouzo, etc.

Isto é un dos grandes datos do Plan Xeral que hoxe imos votar, uns a favor, outros absteranse e outros en contra pero se a min me preguntasen cómo se pode resumir o Plan Xeral en tres ideas básicas que todo o mundo que teña un pouco de idea de Vigo comprenderá, diría que é un plan desenvolvista como o do 72, coa mesma inseguridade xurídica do 93 e con todas as aberracións urbanísticas que pararon o Plan do 98 porque as colle todas e multiplícaaas por tres. Iso é a caixa de Pandora que vostedes, que non nós, nos van dar.

Neste intre o Sr. Soto Ferreiro do Partido Galeguista, nunha intervención que fai sen micrófono polo que non quedou rexistrada na gravación, pide que se interrompa o Pleno negándose a isto Presidencia, quen manifesta que hai unha segunda rolda de intervencións como prevé o Regulamento.

SR. SOTO FERREIRO: Como non escoitei moi claro se hai compromiso do Partido Popular e do BNG no sentido que dixen, absterémonos, senón votaremos en contra, tomen xa unha decisión por dada nun sentido ou noutro. Naturalmente a abstención sería para mover un diálogo en todos os temas posibles para chegar a un acordo ou a nosa intención que anuncio é que temos a intención de axudar a que saia este plan do mellor xeito posible, pero se vostedes o deixan como está votaremos en contra.

Teño unha chea de notas sobre as miñas citas, como o tema de Manhattan que sego estando en desacordo a que Vigo sexa un novo Manhattan; sigo pensando que preferimos unha cidade en extenso e non en altura.

O que si quero dicir é que está claro que o Pericoto lle gusta moitísimo porque o cita cada tres por catro, unha cousa que fixeron os que eran entón os meus compañeiros de goberno cando eu tiña a honra de pertencer ó Partido Socialista e que hoxe é unha honra non pertencer a ese partido tal e como está.

Conste que dixen máis dunha vez que se eu estivera na Comisión de Goberno que deu a licenza tivera votado a favor, foi un tema circunstancial e por iso me sinto en calquera sentido solidario cos que votaron, persoas honestas, correctas, coherentes que votaron unha ordenación urbanística porque lles parecía correcta segundo a lexislación vixente e só no tema do impacto ambiental, tema que hoxe pode ser máis coñecido pero entón non sabía ninguén que era un impacto ambiental e por tanto era un tema totalmente difuso e pouco coñecido, non regrado en moitos aspectos, etc. Sempre o colle coma exemplo e non sei moi ben por qué, porque diríalle que todas as xentes que aprobaron aquilo estou absolutamente convencido que moralmente e en todos os sentidos non tiñan nada que ver co Piricoto nin con nada polo estilo.

Como tamén estou absolutamente convencido que todos os que votemos este Plan Xeral, votaremos en función de ideas sen ter ningunha parcela beneficiada, nin ningún solar, nin siquiera asesorando negocios urbanísticos en distintos lugares de Vigo para que produzan algúns píngües beneficios. Polo tanto por ningunha razón desas me sinto aludido e non entendo a qué ven a pertinaz insistencia no Piricoto. Provócolle publicamente para que diga da A á Z que lle pasa co Piricoto porque como o deixe así, nunha nebulosa, a ver se hai xente que sospeite que hai cousas estrañas ou polo estilo.

SR. RUIZ CENICEROS: Precisamente puxe o exemplo do Piricoto como licenza que se deu no seu día conforme ó Plan Xeral.

A PRESIDENCIA: Estamos a falar dun tema persoal exclusivamente.

SR. RUIZ CENICEROS: O Sr. Soto pregunta publicamente e pide que me xustifique. Fágoo por respecto e por consideración ó Sr. Soto en canto que me pide persoalmente que lle faga esa explicación. Se mo permite fágoo e se non corto.

Non falo do Piricoto como unha mala actuación, senón como exemplo en que os Tribunais aplicaron o que vostede está a dicir, a norma do impacto ambiental en contra do que prevía o Plan Xeral. O problema é que neste caso se volven aplicar as normas de aplicación directa despois de reproducir ese erro do Plan Xeral.

SR. TOBA GIRÓN: Non vou caer na tentación de respostar a algunhas cousas que se dixeron pero farei unha reviravolta.

O Plan que hoxe aprobamos é un plan metropolitano, só pode discutir o contrario quen o ignore. Ese Plan Xeral ten incluídos o plan de infraestruturas metropolitanas que se redactou dende aproximadamente novembro do 99 ata mediados do ano 2000, encargado pola Mancomunidade e baixo o control da Mancomunidade onde están todos os concellos da Mancomunidade e da Área Metropolitana. Un estudo completo que, entre outras cousas, permitiu que algunha idea que recentemente expuso o concelleiro de Ordenación do Territorio, como esa famosa comunicación entre Pontevedra e Vigo, xa estivera pintada no Plan.

Ademais contempla o segundo plano de infraestruturas redactado polo Eixo Atlántico, evidentemente coa colaboración da Mancomunidade e indubidablemente do propio Eixo Atlántico coa colaboración das cidades de Portugal. Claro que se fixo, tiñamos vontade de construír algo de eurorrexión, hai que buscar os documentos.

Ademais a propia Mancomunidade, coido que no ano 2000, contratou un traballo para estudar o sistema de transporte público metropolitano que foi clave para que este Plan Xeral deseñe estacións intermodais de intercambio de tráfico. ¿Ou acaso pensamos que estas estacións se puxeron ás tolas? Resultaron dun estudo metropolitano para poder acceder no momento en que a área metropolitana estivera construída a un sistema de transporte dentro da metrópole.

Entendo que todo isto non se sabe por descoñecemento pero eu teño que o poñer enriba da mesa porque está no documento e a documentación do Plan Xeral é moito máis que un sinxelo informe de técnicos da Xunta de Galicia que poderán ter máis ou menos razón, pero que non poden entrar de ningún xeito en cuestións de oportunidade que só podemos decidir nós aquí, que somos os que criticamos, somos os que aprobamos o planeamento e quen deseñamos o futuro da cidade.

No ano 2000, ó mesmo tempo que se realizaban os traballos anteriores que lles citei, en colaboración con Zona Franca encargouse un estudo metropolitano de solo industrial en toda a área metropolitana que se levou a cabo. Está aí. Ninguén pode discutir o carácter metropolitano deste Plan Xeral porque se fixeron ó longo dos anos 99 e 2000 todos os traballos que eran necesarios para que tiveran ese sentido. É máis, lembrarán que no momento en que eu era concelleiro de Urbanismo propúxenlles un acordo no mes de outubro de 1999 e díxenlles que había que adxudicar o Plan Xeral no ano 2001, mentres tanto só temos que poñer en marcha o plan parcial de Navia, poñer en marcha o parque tecnolóxico e loxístico. Pero iso era unha quimera ata o 99. Todos colaboramos.

Había que o poñer en marcha pero ademais había que ter tempo para deseñar o conxunto de infraestructuras e necesidades con visión metropolitana. Necesitabamos ese tempo porque non había nada concretado. Naquel intre había moitos estudos de distintos organismos pero había que empezar a pintar no plano e para iso se necesitaban dous anos.

Ese traballo realizouse ó longo dos anos 99, 2000 e parte do 2001, creo lembrar que se rematou aí. Eses traballos están todos integrados no documento que hoxe está enriba da mesa. Hai que se estudar o documento cos antecedentes tamén e non se quedar en catro cousas ou nun informe.

¿Aprobamos o plan e mañá imos estar xestionando e pedíndolle ó mercado catro millóns de metros cadrados de solo industrial? O primeiro é que non seremos quen e o segundo é que neste momento o mercado non absorbe. Podemos amosar a vontade de poñer en marcha non sei canta oferta de terciario residencial pero iso non vai ocorrer mañá. Precisamente por iso dicía que nós votamos este Plan porque ten vocación de permanencia, de se ir desenvolvendo ó longo dos anos, é un programa para a cidade de Vigo para moitos anos e será necesario ir desenvolvéndoo. ¿Ou alguén pensa que de súpeto imos ter aquí 120.000 vivendas construídas?

Estamos aprobando un programa de actuación que haberá que desenvolver, aquí ninguén se cré o "Capitán Trueno" da xestión. É ridículo, unha programación

é outra cousa. Un Plan Xeral é un plan estratéxico de ordenación do territorio e vai ser desenvolvido evidentemente por iniciativa da Administración e por iniciativa dos privados, é dicir, para actuación do mercado. Non me doen prendas en dicilo e debemos propiciar esa introducción porque a súa contribución vai ser absolutamente imprescindible como o foi ata o de agora.

Algo que non está integrado nos traballos do Plan Xeral -foi un erro- era qué parte da cidade fora construída con cargo a recursos privados e con cargo a públicos, só está parcialmente na memoria do estudo económico-financeiro, nada máis, e evidentemente resulta que unha porcentaxe importantísima está construída pola iniciativa privada. Iso non quere dicir que nós non regulemos esa actuación, podemos regulala e seremos quen de actuar con tempo, pero temos un Plan, un programa de actuación.

Teño que falar da Ronda porque efectivamente a Ronda (pasóuseme antes) é unha operación clave. Xunto coas memorias dos primeiros traballos do Plan Xeral había (seguramente alguén o leu) un estudo de mobilidade que tamén se fixo no seu momento en colaboración coa Administración Central. Este estudo de mobilidade delataba algo que todos sospeitamos e que todos sabemos pero que ás veces hai que poñer en forma de dato científico para entender o que significa: hai un 30% de desprazamentos en automóbil que non teñen nin orixe nin destino no centro da cidade. Iso sabémolo todos, son eses desprazamentos que se realizan hoxe de dous xeitos, ou ben atravesando o eixo de comunicación que se inicia na Praza de América, continua cara á Gran Vía, sube ata a Praza de España e buscando paralelas por Pizarro busca O Calvario e chega ás zonas de Cabral e Candeán, ou ben, dende o mesmo punto de partida dende o leste da cidade, na Praza de América recolle a comunicación pola avenida das Camelias, cae en Policarpo Sanz e García Barbón e diríxese cara a Teis. Esas son as dúas alternativas que hai agora. Pero hai outra, os que coñecemos ben Vigo coñecemos unha serie de camiños capilares que nos permiten movernos de parroquia a parroquia coma auténticas anguías (permítanme reducir un pouco a tensión do debate).

Nas primeiras reunións que nós tivemos no ano 2000 coas asociacións de veciños diso que chamamos rural (rural no que viven 80.000 persoas, maxinen qué rural) o primeiro que nos dixeron foi que iso había que cambialo porque os nenos non estaban seguros na rúa e non o estaban porque o ancho dese sistema vial oscila entre 6 e 8 metros e moitas veces un pregúntase coma é posible que pase un autobús por alí. A única saída que temos é efectivamente recuperar eses viais para tráfico locais, para tráfico de

residentes e reconducir o resto de tráfico, evidentemente non cara a García Barbón porque senón nalgún momento esta cidade non poderá crecer porque colapsará. Eu entendo que o Concelleiro de Urbanismo lle bote flores a isto do tráfico, ó Sr. Coello, é razoable, é puro compañerismo, pero isto non pode funcionar así porque nalgún momento colapsaremos e producirase o grande atasco como naquela película italiana de mediados do 70.

Era necesario buscar unha alternativa e esa ten que ser a nova Gran Vía, claro que si, o novo Genaro de la Fuente, a nova Martínez Garrido, cunha estrutura urbana coma a que está estipulada na documentación do Plan Xeral: 4 metros de beirarrúa con carril-bici, 2 metros e medio de zona de aparcadoiro, a seguir 7 metros de estrada, 3 metros de mediana e repetimos o modelo do outro lado.

Tres metros de mediana. Vanme permitir que glose o famoso debate das obras en Travesía de Vigo no que algún responsable político me discutía o dos 3 metros de mediana. Pero é o que está na normativa correspondente de facilitación de movemento para as persoas que teñen impedimentos. Por iso hai tres metros de mediana arborizada.

Iso é unha grande vía, unha vía urbana que indubidablemente cando pasa por solo rústico no vai ter beirarrúas nin zonas de aparcadoiro, ¿en qué cabeza cabe? Cando pasa por solo rústico o sistema de obtención dos espazos será por vía de expropiación ou ¿hai outro sistema? Non o hai. Pero no resto do trazado está inscrita en solos urbanos non consolidados e en solos urbanizables o que permite garantir que non vai haber expropiacións.

Eu tamén lin no seu momento as suxestións do Colexio de Arquitectos, créanme que seguramente non son quen máis veces discutíu ou traballou o trazado da Ronda, pero seguramente estou no batallón de cabeza. Créanme que con moita gracia e con moito sentido do humor ó anterior Presidente do Colexio de Arquitectos comentáballe que vaia suxestión con isto da Ronda, que isto de pretender que se faga unha recta coas cotas que temos en Vigo e coa ocupación do territorio que agora temos..., vostede será arquitecto pero eu son unha persoa sensata, de ningún xeito cabe un trazado recto, sería absolutamente insensato xa non polas afeccións, que serían descomunales coma vostedes poden comprender, senón sinxelamente pola imposibilidade técnica de execución porque as pendentes serían por riba do 12%.

Semella mentira. Claro que o trazado é sinuoso, non queda outra porque Vigo é coma é. ¿Qué se tardou moito tempo en facer esa infraestrutura? Seguro que si, é verdade que recolle ideas de infraestructuras anteriores. Esa

idea está recollendo un planeamento anterior no que se debuxou esa Ronda e ó final non se levou a piques, esa idea está recollida da prolongación daquel vial que chamabamos Seminario-Corredoira que ía de ningures a ningunha parte e que había un compromiso da Xunta de Galiza para o executar pero que nós mesmos dixemos que por favor non o executaran porque non servía para nada se non se lle buscaba comunicación; era tirar os cartos. O Sr. Iglesias pode rectificarme se erro medio centímetro porque é así. Polo tanto a idea da Ronda é completamente necesaria.

Agora ben, tamén expreso que o noso Grupo estará disposto a recibir todas as suxestións, toda a axuda necesaria (tamén do Grupo Socialista) e calquera proposta que mellore o trazado e reduza as afeccións. Estaremos encantados pero, como alguén dicía antes, xa se recibiron suxestións, fixéronse cambios de trazado e os propios suxerentes das suxestións incluídas ó final cambiaron de velocidade.

O problema da Ronda non é ese. Ten parte de razón o Sr. Ruiz Ceniceros cando di que non o explicamos ben inicialmente e hai que corrixir ese erro. Efectivamente ten ou non razón pero digo eu que a coincidencia no tempo entre o que chamamos Ronda, esa nova avenida, e a posta en marcha dese desexado segundo cinto evidentemente produciu unha colisión psicolóxica sobre a poboación inevitable, ese famoso segundo cinto que xa pintamos tantas veces que ás veces nos sorprendemos de chegar a el e non poder entrar e que a Sra. Alcaldesa inaugurará supoño que dentro duns meses, inauguración á que espero que esteamos invitados, non coma noutras ocasións, pero en todo caso seguro que a colisión dos dous fenómenos trouxo o resultado.

Sobre o resto, eu tamén teño recortes de prensa pero non vou ir á Finca do Conde porque ademais non me gusta e dixeron xa que non ía revolver o pasado máis do preciso. Pero fai ben o Sr. Ruiz Ceniceros en sacar recortes de prensa porque a posición do Partido Socialista ó longo dos últimos meses ademais de demagóxica foi propagandística ata o extremo de tentar mentir diante das cámaras de televisión nun programa no que eu estaba presente, ata o extremo de presentar ordenacións detalladas que o propio responsable de Urbanismo, Sr. Ruiz Ceniceros, sabía que eran falsas porque tres días antes estudara a súa ordenación detallada aquí, nesta mesma sala, co Sr. Figueroa, co Sr. Soto e comigo mesmo e eles non me van deixar mentir.

Pero esa estratexia, esa situación de propaganda deu lugar a documentos que son preciosos e vou ler algún. Dicía o Sr. Ruiz Ceniceros que recentemente nunha reunión entre persoas da Universidade e técnicos municipais, reunión

da que non estou informado e polo tanto non me pronuncio sobre os extremos dela por prudencia, non son eu persoa dada a pronunciarme sobre aspectos dos que non teño coñecemento, pero nos últimos meses asistín á elaboración de documentos modelo panfletario, fallos de todo rigor, asinados apoiándose en situacións de cambio na nosa Universidade que ás veces bótome a tremer. Vostedes lémbrense da miña primeira intervención, fixen mención a datos económicos. Non se crean que eu son economista, vostedes saben que non. Si son persoa que lé todo o que se elabora e ademais correspondeume no seu momento elaborar os estudos económicos que sustentan este Plan Xeral. Escribir que no Plan Xeral (páx. 3) "Non se describen as perspectivas de formación de capital nos principais sectores, a análise ou cando menos un recopilatorio dos fluxos de carga e descarga. ¿Falei eu dos fluxos de carga e descarga con Portugal e por vía da Autoridade Portuaria? Están todos aquí, son os datos de Aduanas de Vigo, están todos estudados. Dicotir que non se estudan as necesidades a medio prazo de solo industrial e de loxística para as empresas, logo do que creo ter posto enriba da mesa neste debate resulta groseiro. Escribir que "É unha absoluta evidencia que Vigo precisa solo industrial en significativas proporcións se non se quere estrangular as súas posibilidades..." é dicir, que isto no Plan non aparece xustificado, non é só groseiro, é maligno. Isto é escribir un panfleto acubillado baixo un posto na administración e isto non debería ocorrer. Pero hai máis exemplos coma algo que recibín recentemente e a verdade é que tiven relativamente pouco tempo para o ler; refírese á Ronda e está asinado polo Sr. Montalvo a quen respecto profundamente aínda que non o coñezo persoalmente. Dinos no punto 3: "A Ronda de Vigo é por exemplo unha actuación contraria ó principio de equidade, os seus beneficios restrínxense ós usuarios do vehículo privado". Claro, como en Martínez Garrido, Jenaro de la Fuente ou avenida de Castela. Di máis: "Mentres que os custos os pagan todos os cidadáns". Ben, pois hai unha solución negocien unha peaxe, como tamén en Martínez Garrido, Jenaro de la Fuente, na nova avenida ou na Gran Vía. ¿Cómo alguén pode escribir esta barbaridade se non é auspiciado por unha xenreira que non nace da obxectividade do estudo, que non nace do coñecemento científico, senón da pura demagogia e propaganda? Voulles ler máis porque di aquí (esta dóeme profundamente): "Os procesos de información e participación pública non foron completos e axeitados". Ben, reto a este señor a que me diga en qué cidade de España houbo un proceso de exposición ó público dun Avance, un coñecemento tan global do Plan Xeral pola cidadanía mesmo antes da aprobación inicial. Isto é vergoñento.

Pero di máis no punto 5: "Os actores económicos (agárrense que esta é boa) teñen un maior protagonismo no modelo de cidade proxectado polo PXOM que os cidadáns e axentes sociais". Aquí houbo non sei cantos Consellos Sectoriais de Urbanismo, en todos eles están presentes ademais dos factores empresariais -que son imprescindibles-, os sindicatos, asociacións veciñais, colexios profesionais e aquí estiveron apoiando o Plan. Voulles dicir máis: se queremos que se aprobe o máis axiña posible o Plan Xeral non é só pola exposición ó público, é porque somos conscientes de que máis acordo entre os organismos sociais non é posible, está esgotado, todos os organismos desta cidade estamos de acordo, agás o Partido Socialista e a oposición do Sr. Soto da que falarei logo.

Non é posible buscar máis acordo social, agora cómpre buscar acordo co cidadán, cómpre escoitar ó cidadán. Podemos convocar 15, 16 ou mil veces máis ó Consello Sectorial de Urbanismo pero non imos avanzar máis e voulles dicir máis: politicamente coido que tampouco porque o problema é que cando un construe por mandato documentos que degradan ata este punto a función investigadora xa se andivo un camiño que é difícil retrasar.

Miren, á parte de documentos tamén teño recortes de xornais e vou sacar un, é un artigo de opinión, comprométome a non o ler completo, está asinado por un señor que se chama Enrique Orche, Catedrático da Universidade de Vigo. Cítoos porque hai expresións que degradan. Dinos este señor nun parágrafo antolóxico que amosa unha pésima cultura democrática, unha cultura retorta, e nos di: "Acaece que malia o movemento veciñal en contra de moitas iniciativas (débase referir ó barullo que montaron hoxe os mamporreiros do Partido Socialista á entrada deste Pleno) escuras e inexplicadas e inxustificadas convenientemente (con estas exposicións ó público non sei que máis hai que xustificar), os autores do Plan Xeral e boa parte dos nosos representantes municipais (está falando un Catedrático da Universidade) contra toda lóxica pretenden mantelas co empecinamento máis propio de animais de catro patas que de dúas". Non me importa o que di a seguir porque cando unha persoa asina un artigo de opinión co cargo que esta sociedade lle dea, cargo que debe ser debidamente utilizado porque en principio está dotado da calidade e de capacidade científica e inicia así o seu escrito, mal imos, moito se avanzou no camiño da non posible progresión de acordo.

Pero lles vou ler un parágrafo para que nos riamos porque me estou poñendo tenso e tampouco é plan. O caso é que o artigo se chama "O Plan Xeral de Samil". Con toda a lexitimidade, independentemente dese parágrafo, o señor

Orche defende que todo se quede coma está. Ben, vostedes saben que no Plan Xeral se propón algo totalmente distinto que permitirá no seu momento ter todos os equipamentos que alí temos agora, porque non temos porqué perder ningún, pero ó mesmo tempo recuperar praia onde debe haber praia non vaia ser que un día vaiamos aló e atopémonos con escasa area. Pero o máis interesante é o razonamento científico porque di: "¿Pensaron (está falando da desmontaxe do muro) onde botar as cantidades inxentes de entullo orixinados polo desmantelamento do muro do paseo e da avenida? Eses entullos, ¿acaso non contaminarán?" ¡Horror!, señores e señoras, os entullos deben ter residuos radioactivos, esta é a razón para seguer tendo a mellor praia de Vigo perdendo area.

Ó longo destes meses lin e escoitei case de todo e gustaríame ter enriba da mesa ideas sobre por exemplo qué facer en Travesía de Vigo, ou en Torrecedeira, ou na rúa Barcelona. A miña opinión é non o repetir, agás se alguén aquí di que vai meter a pala e vai tirar as construcións indemnizando ós propietarios que alí están e ese corolario aplíquese en consecuencia, entón nos subimos todos á escavadora e percorremos toda esa zona de ensanche e algunha máis, que sinceiramente teño cruzada, e entón tiramos con alegría. Non, o que temos que facer é non o repetir porque iso xa está feito e non vou entrar a discutir se foi polo Plan do 71, as aliñacións do 54 ou do 56, non. Está aí e teremos que convivir con iso e o que temos que facer será: no solo urbano de desenvolvemento futuro corrixir esas deficiencias. Iso é o que temos que facer e diso é do que temos que estar falando hoxe.

Pídlles desculpas por teren optado pola vía fácil do recorte de xornais pero créanme que cando se asiste durante meses a unha campaña propagandística absolutamente falseada, falseadora, eu case diría mesmo ignorante, da documentación como demostrei na miña primeira intervención que para iso a fixen, acaba un case que se acostumando a todo, pero os nacionalistas non nos imos acostumar e imos seguer reivindicando o Plan Xeral que coidamos axeitado para Vigo.

Sen dúbida a actual situación deriva dun posicionamento perfectamente lexítimo do Partido Socialista. Todos os posicionamentos cando se debate algo tan importante coma é o Plan Xeral son lexítimos, merecen todo o respecto e dende logo teñen o respecto do noso Grupo independentemente de que neste momento non haxa encontros, pero ofrecemos a man para encontros posteriores. Pero hai límites. Cando a presentación pasa á pura coacción non se pode avanzar.

Sr. Ruiz Cenicerros, eu tamén vin o informe da Xunta de Galiza pero niso non vou entrar, que o estuden os avogados e os técnicos municipais e os avogados que están no equipo redactor porque entre eles está un tal Sr. Giménez Cisneros que foi un dos redactores da Lei do solo galega, seguro que sabe e entende algo e o mesmo o Sr. Sánchez Goyanes que tamén colaborou na redacción desa Lei, seguro que sabe e dende logo que sabe máis ca min porque eu son lego nesa materia. Ademais, se houbo unha cousa que se puxo sempre enriba da mesa foi que non se escatimaran medios humanos. No seu momento quixemos que aquí estiveran os mellores, que no estudo económico-financieiro estiveran os mellores, TINSA e todo o seu equipo; para traballar xuridicamente tamén buscamos os mellores, os que nos axudaron a gañar todos os preitos de Urbanismo dende o ano 2000 para acá. Esa é a estrutura que debemos manter porque esa si que é a base da seguridade xurídica, pero dende logo que non o é a súa intervención, Sr. Ruiz Cenicerros.

Eu recibín chamadas telefónicas en días pasados ás que contestei dicindo que non os quería ver polo Pleno para evitaren encontrons entre cidadáns porque iso está acaecendo dende o principio deste mandato e eu non podo calar sen o denunciar. Dende o principio deste mandato, señores do Partido Socialista, están recuperando vostedes a táctica da coacción sobre os municipais, dixerono no Pleno de hai un ano e dixen que esas estratexias ferían de morte a convivencia democrática, dixerono e se queren vaian ás actas.

Hoxe dan vostedes un paso máis. Nós sabiamos que ía acaecer e precisamente por iso me tomeu, non a responsabilidade, senón a necesaria responsabilidade de evitaren que ningunha persoa afecta a min ou á miña organización viñera hoxe polo Pleno porque había que evitaren o confrontamento e a violencia que se producíu; esta é a terceira vez que a utilizan, señores do Partido Socialista, malos tempos. Pero miren, ó BNG non lle calou a boca ninguén. Eu, hoxe, sentado no salón de Plenos podía identificar á meiranda parte das persoas que estaban alí, afectas todas elas ó Partido Socialista, ¿queren que dea nomes? ¿queren que diga que mesmo negocieei con algunha desas persoas asuntos do Plan Xeral e que acordaron determinadas actuacións? ¿queren que o diga? Direino no seu momento, claro que si.

Pero é que vostedes non se paran, vostedes, señores do Partido Socialista, están lanzados nunha vía de paralización da cidade de Vigo. O que na Coruña semella ben, aquí de pena. Se na Coruña (unha barbaridade, para qué nos imos enganar) vanse a 1,5 m² por cada m² e aquí estamos en 0,715 ou algo

así, aquilo é unha marabilla, isto non. Aquí cos stándares mellores de zonas verdes de toda Galiza presentan vostedes batalla, alá non. Así vanse engadindo episodio tras episodio.

Vostedes saben que son maniático da plataforma loxística de Salvaterra-As Neves, é a clave do noso crecemento futuro. Sígoa permanentemente e algún día, moi pronto, teremos que facer un debate neste Pleno sobre ese tema porque eu mesmo presentarei unha iniciativa.

A Plataforma loxística avanza con dificultades e iso, créanme, é malo para Vigo, para a área metropolitana e para toda Galiza e non con iso quero dicir que non se trate con xustiza, por suposto, os acordos deben ser xustos, tal como se fixeron aquí co segundo cinto (Sr. Fernández) e coma en tantas outras ocasións, pero debe haber unha premura na obtención desa plataforma loxística.

Alá por decembro do ano 2003, exactamente o día 18, teño unha comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sala do Contencioso, anunciando unha demanda dun recurso en contra da Plataforma Loxística de Salvaterra, así de claro. O avogado da parte demandante, Asociación de Veciños da Red, era vostede, Sr. Ruiz Ceniceros, está aquí (algún día contarelles o que é, que tamén coñezo a historia), era un tal Mauricio Ruiz Ceniceros que se personaba nun recurso contra a Plataforma Loxística de Salvaterra nun momento en que era Concelleiro de Urbanismo de Vigo. Eu non discuto incompatibilidades, iso é asunto doutros, non me interesa, eu falo de política do Concelleiro de Urbanismo poñéndolle a proa a un proxecto fundamental. Así vai e terá que se rematar. Nada máis.

SR. RUIZ CENICEROS: Espero que as alegacións que se presenten no trámite de exposición pública se reciban con máis respecto que as opinións que ata agora formularon distintos axentes ós que eu polo menos descoñezo totalmente porque se as alegacións que formulen os cidadáns van seren tratadas, gusten ou non, co mesmo toque de despectivo, mal imos.

En relación coa notificación á que está vostede facendo referencia, de decembro de 2003, efectivamente eu exercín coma avogado ata que me din de baixa formalmente no Colexio de Avogados, exactamente o 12 de xuño de 2003. Nese momento levaba moitos preitos, asesoraba a moitas entidades, administracións, asesoraba a particulares, de todo porque diso vivía. Efectivamente nese preito eu fun o avogado coma o fun de moitas persoas mellores ou peores ás que eu dende logo que non xulgo, senón que no seu caso eu defendía porque esa era a miña función coma avogado.

Esa notificación de decembro da que vostede falou efectivamente é un recurso cuxa sucesión procesal produciuse en xuño de 2003, independentemente de que por defecto ou por dinámica de papeis o Tribunal seguise mantendo o nome do avogado orixinario que no seu día presentou o recurso. Mesmo a un medio de comunicación que fixo referencia a isto remitíuselle a documentación correspondente formalizada polo Colexio de Avogados sinalando en qué data me din de baixa, formalizada polos autos do Tribunal Superior de Xustiza nos que constaba a sucesión procesal e formalizado por suposto polo avogado que actualmente leva este asunto ó que non quero nomear porque aquí en canto que sae un nome hai unha especie de caza de meigas.

Coido, Sr. Toba, primeiro, que ese comentario é bastante improcedente e non coido que veña ó caso, independentemente de que ó mellor defendín a alguén do Bloque e defendino nalgunha actuación na que seu caso podería seren máis ou menos discutible e ó mellor mesmo nalgunha actuación política, persoa á que polo meu deber de segredo profesional dende logo non vou mencionar, pero nos poderíamos botar unhas risas por ver a quen houbo que defender en cada momento e de qué, e quen nun momento determinado chamounos para que traballásemos con determinadas persoas en determinadas actuacións. Se fixeramos iso ó mellor aforrariábase vostede a vergoña de sacar temas que non veñen ó caso. Se ese é o seu xeito de defender o Plan Xeral que Deus nos colla confesados.

A PRESIDENCIA: Coido que non o aludiron a vostede, Sr. Arias.

SR. ARIAS MOREIRA: Coido que varias persoas aquí presentes entenderon que me aludiran porque un dos traballos que menciona o Sr. Toba está redactado non por min, senón polo meu grupo da Facultade de Económicas pero si que eu o asino.

Debo dicir, primeiro que airear a hemeroteca coma hoxe fixemos aquí foi un pobre exercicio porque que eu saiba non se mencionou absolutamente nada que dixera en calquera medio de prensa ningún membro deste Grupo municipal, senón persoas alleas, persoas por certo da Universidade que se pronunciaron supoño que con toda a súa boa vontade. Ó Sr. Orche, que eu persoalmente non coñezo, ó Sr. Montalvo e a un grupo de profesores de Económicas que os descalificaron dun xeito coido que inaceptable porque son persoas que non están aquí para se defender.

Pero eu si que estou aquí, e coma persoa que asina un documento estou aquí para me defender. Coma eu neste momento son corporativo e non membro da Facultade de Económicas só lles quero dicir que o que en resume di esta análise que se fai é que este Plan Xeral está mal fundamentado dende o punto de vista económico e dende o punto de vista demográfico, que vai absolutamente en contra de todas as análises que se están facendo por parte de todo tipo de organismos e de entidades independentes que está mal, señores. Este Plan que van aprobar está mal. O meu compañeiro deu xa algúns datos e eu non os vou reiterar pola hora e porque estamos todos xa bastante cansos, e mágoa e vouno resumir só nun punto.

A PRESIDENCIA: A intervención é por alusións puntuais pero non para que faga outro discurso.

SR. ARIAS MOREIRA: De verdade que remato nun minuto. Mágoa que non se dixera neste recordatorio algo que aparece recollido nese texto e que en realidade non procede nin siquiera dunha redacción propia deses economistas da Facultade de Económicas, senón que está recollido directamente da propia documentación do Plan, incorporado nese documento de Guixar que supoño que todos coñecen e que o Sr. Ruiz Ceniceros mencionou, ese esceario extraordinario de creación de emprego, ese que esixe 60.000, non 123, nin 128.000, senón 60.000 vivendas novas a 20 anos, ese esceario extraordinario é calificado deste xeito polos propios autores deste texto, Consultora Gallega, técnicos contratados: "...Un esceario de creación de postos de traballo coma o considerado (esceario fantástico de creación de emprego) suporía incrementos anuais do 3,44% comarcal, do 2,47% para Vigo cidade e de 5,38% para o resto da comarca (fíxense no que ven a seguir). Estes fortes crecementos tal vez sexan difíciles de manter durante un decenio completo". Pero é que non se fai para un decenio, faise Plan para dous decenios. O que semella que non é sostible ou que é dificilmente sostible para un decenio completo resulta que con toda alegría, ou con toda a cara, lévase a unha análise de prospección a dous decenios completos. Di: "Por tanto estableceremos un terceiro esceario de crecemento máis moderado" ¿Sabe en canto establece ese esceario o número de vivendas necesarias para o ano 2022?

A PRESIDENCIA: Sr. Arias.

SR. TOBA GIRÓN: Pido desculpas se non fun respectuoso.

SR. ARIAS MOREIRA: Pois non foi respectuoso non comigo, senón cun grupo de persoas que hoxe non están aquí.

SR. TOBA GIRÓN: Pois pido desculpas

A PRESIDENCIA: ¿Quere intervir por alusións tamén, Sr. Pérez Mariño?

SR. PÉREZ MARIÑO: Coido que temos dúas intervencións, os meus compañeiros respostaron por alusións e quedanos a intervención segunda.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Cuestión de orde, Sra. Presidenta, por parte do noso Grupo político coidamos que é un documento o suficientemente importante coma para botar aquí todo o día. E digo para que conste que por nós pode haber todas as intervencións que sexan necesarias mesmo ata que se esgote o día e o tema. En todo caso pedimos tantas intervencións por Grupo como as que solicita o Grupo Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Nós coma Goberno imos contestar a unha serie de preguntas ou suxestións que se fixeron aquí.

Sr. Soto, xa dixemos na primeira intervención que por suposto estamos traballando no proxecto completo do AVE, o Xerente de Urbanismo e os técnicos da Xunta teñen conversas e reunións permanentes co Ministerio de Fomento, repito de novo que coido que van ben e que podemos acadar un acordo. Evidentemente que estamos tentando que ese acordo non se demore, que sexa o máis axiña posible para o achegar e por suposto que co beneplácito desta Corporación.

Polo tanto a primeira cuestión que vostede presentaba en canto ó AVE, dicirlle que o compromiso é firme e por suposto que non teño ningún tipo de dúbida ó respecto.

En canto ó tema da depuradora o mesmo. Estase rematando o estudo da Xunta, que xa se tratou coido que foi no penúltimo Pleno, penso que está adxudicado e no mes de xaneiro nos entregarán ese estudo dicíndonos as características e as necesidades que ten Vigo en canto a depuración e evidentemente tamén a posible localización, cousa que achegaremos.

No suposto de que a Xunta non nos entregue este estudo, evidentemente que este Concello tomará unha decisión en canto á localización pero a depuradora irá contemplada dentro da aprobación provisional do Plan Xeral. Con respecto ó que dicía o Sr. Ruiz Ceniceros, hai unha serie de cuestións que a nós nos gustaría puntualizar.

Con respecto a que o Plan non resposta a un concepto de área metropolitana, eu coido rotundamente que si como xa se explicou aquí e non me vou estender máis. En canto á falla de coordinación na área metropolitana teño que dicir que os Concellos cos que si se tivo unha relación puntual foron Nigrán, Mos e Redondela que son os limítrofes e os que ó final teñen directamente máis repercusión en canto a cuestións de comunicación e coido que iso está perfectamene claro e xa se deixou enriba da mesa.

En canto á proposta do Goberno é certo que cando vostedes chegaron ó Goberno dixemos que queríamos saber cal era a proposta do Goberno, queríamos saber claramente se vostedes asumían o Plan Xeral e os traballos que se estaban facendo ata ese momento. Iso é lóxico e ten vostede que entender que cómo podíamos nós opinar dalgo sen saber o que pensaba o Goberno; nós entendiamos que o goberno eran dúas partes, vostedes loxicamente coma responsables de Urbanismo máis os seus socios do Bloque Nacionalista Galego. A postura do Bloque era clara, asumía ese documento, pero vostedes non daban explicacións a ese respecto. Preguntámoslles varias veces e logo lles dixemos a vostedes que ata que asumiran ese documento nós non nos íamos pronunciar.

Cando nós chegamos ó Goberno o primeiro que fixemos, a diferenza de vostedes, foi dicir claramente que asumiamos o documento e asumímolos con todas as consecuencias e coa responsabilidade política que iso leva. Coido que esa é a diferenza pero unha diferenza importantísima porque como vostede comprenderá estando nós na oposición, ¿cómo imos opinar dalgo que o Goberno non di claramente que o vai apoiar? Coido que sería un traballo baleiro, que non serviría para nada e que non tería nin sentido nin lóxica. Esa é a diferenza de matiz que vostede puxo enriba da mesa.

En canto ó Avance, eu non me quería meter nesta cuestión pero xa que vostede a sacou teño que o dicir: o Partido Socialista naqueles momentos vivía unhas diferenzas importantes dentro do seu seo. Non o quería sacar pero coido que se hai que facer historia tamén hai que deixar isto enriba da mesa. O Grupo Socialista estaba totalmene dividido, había un grupo de 3 concelleiros que pertencían á Xerencia de Urbanismo e que ían por libre e o resto opinaban doutro xeito totalmente distinto.

E non só iso, senón que -vostede non o sabe pero eu dígollo- houbo unha persoa á que cesaron da Xerencia de Urbanismo, houbo un importante conflito entre eles, pero nós niso non nos imos meter. Había unha parte do Partido Socialista que estaba en contra do Plan e outra que estaba a favor que era a que negociaba, pero por iso, como vostede comprenderá, terá que lle pedir responsabilidades ós seus compañeiros.

Hai algunha compañeira que está aquí presente que sabía desta cuestión, sabía que uns ían por libre e entre os dous grupos había posturas totalmente diferenciadas. Polo tanto esa é unha responsabilidade única e exclusivamente do Partido Socialista na que nós non nos imos meter. Pero o que si que ten que entender vostede é que cando chegaron ó Goberno no mes de maio-xuño, loxicamente deberían facer un pronunciamento sobre o que pensaban dese Plan pero non o fixeron, dixeron que ían estudar non sei qué pero mentres foron goberno obviaron ese posicionamento.

Eu comezo entender xa politicamente todo o que está pasando e por qué chegamos a esta situación. Vostedes, o Partido Socialista, dende o primeiro día e non se pronunciando sobre este Plan coido que a súa postura era claramente en contra. Cando estiveron no Goberno non o tramitaron, deixaron o tema aparcado e cando chegaron á oposición tentaron que ese Plan non se aprobase.

Lembro unha reunión aquí con vostede, Sr. Ruiz Ceniceros e pódoo facer público porque xa o dixen claramente tanto en privado, como na Comisión Sectorial de Urbanismo, mesmo algún día nalgún medio de comunicación, que eu lle tendín unha man, sentámonos unha tarde vostede e máis eu aquí, empezamos a falar e en plan coloquial pregunteille se podíamos falar deste tema e ata onde podíamos falar. Vostede díxome que todas estas cuestións e todos estes ámbitos eran innegociables; díxenlle que sabía que era imposible falar diso e estivemos falando un rato amigablemente das nosas cuestións, das nosas vidas e mesmo dalí naceu unha pequena relación persoal que coido que manteño con vostede no sentido do respecto máximo, tanto profesional coma persoalmente a vostede.

Evidentemente que politicamente temos unhas profundas diferencias que sempre manifestamos. Coido que se tentou pola nosa parte, por parte do Goberno, buscar un acordo e un consenso que non foi posible porque había posicionamentos políticos totalmente diferenciados e opostos. Diante dunha situación así evidentemente que era imposible chegaren a un acordo.

Logo houbo varios procesos máis dentro da elaboración deste documento e vostedes fixeron varias roldas de prensa. Coido que aquí xa se dixo

claramente que pensamos que malinformaron á opinión pública; non sei se foi intencionadamente ou non pero o que si está claro é que, baixo o noso criterio, a opinión pública recibiu unha mala información, información que houbo que contrarrestar cos nosos medios porque se estaba terxiversando a realidade do que estaba a pasar. Vostede coñece que en varias reunións da comisión de seguimento falouse de que xamais en ningún caso se ía chegar a estas alturas. Coido que hai manifestacións nosas que eu teño aquí recollidas no sentido de que se lles estaba dicindo ós cidadáns que o que se estaba comentando a través dalgúns medios de comunicación non era real porque naquel momento se estaba xerando un debate na cidadanía que non era o mesmo que se estaba producindo dentro da comisión de seguimento. A partir daí vostedes tomaron unha decisión que, co maior respecto, coido que teñen autonomía para o facer e os seus criterios opoñéndose a ese Plan teralos que explicar vostedes.

Calquera negociación, calquera posibilidade de avance era totalmente imposible, tentámolo por todos os medios. Vostedes tiñan clara a súa posición dende o primeiro día e esa decisión foi inalterable e, coma se mira, ó día de hoxe é invariable.

Dito isto, a min quédame un baleiro tremendo do debate de hoxe malia de que xa pasou a primeira hora da mañá. Eu pensei que vostedes ían facer unha exposición política, é dicir, son grupos políticos ou eu polo menos así o entendo. Dende logo eu estou aquí coma político e os políticos estamos aquí para tentar planificar, ter unha visión global da cidade, logo temos unha serie de técnicos que nos axudan a que poidamos levar a cabo esas propostas que temos enriba da mesa.

De verdade lle digo con toda honestidade que hoxe me defraudou porque coido que vostede se puxo no papel de avogado defensor dun cliente que lle di que ten que se opoñer a este tema e busca todos os resquicios legais e non legais para que non se poida votar. E iso foi o que fixo porque non nos deu unha explicación clara de cal é a visión de cidade do Partido Socialista, non nos dixo qué queren os socialistas dentro desta cidade, qué tipo de crecemento queren, qué planificación. Vostede colleu un informe da Xunta e empezou a analízalo punto a punto e a críticoalo coma se fose o avogado defensor do seu cliente. Iso eu enténdoo, pero ó meu modesto xeito de ver, pasouse.

Polo tanto eu o único que lle diría é que votasen isto tamén, pero cando este Plan ten os informes correspondentes do Secretario Xeral, os informes favorables dos técnicos municipais, pero por riba diso ten o asesoramento e

o apoio de dúas persoas que coido que ninguén cuestiona profesionalmente e vou ler os currículums que llos pedín onte porque coido que é importante tamén que a cidadanía se informe polos medios de comunicación qué persoas son as que están asesorando este Plan Xeral a nivel xurídico.

D. Francisco Jiménez de Cisneros, coido que todos vostedes o coñecen pero falo para que saiba a cidadanía: Profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, Doutor en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid, Premio extraordinario de doutorado 83-85, Profesor titular de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid. Entre os traballos que ten están: Plan Xeral de Huelva, Plan Xeral de Vigo, Plan Especial do Casco Histórico. É membro do equipo redactor de Ordenamento de Estradas do Estado do 91, da Lei de Portos do Estado do 90-91, Lei de abastecemento e saneamento de auga da Comunidade de Madrid, Lei de estradas da Comunidade de Madrid, Regulamento de execución da Lei de estradas da Comunidade de Madrid, Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, Lei do transporte urbano de Galiza... Non sei, teño 10 folios do seu currículum e voullos trasladar ós medios de comunicación porque coido que é importante que a cidadanía coñeza por quen estamos asesorados.

D. Enrique Sánchez Goyanes: Profesor-Doutor de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, Redactor-Relator de Leis urbanísticas da Comunidade de Extremadura, de Castilla-La Mancha, Profesor do Instituto Nacional de Administración Pública, etc., e como dicía o Sr. Toba, unha das persoas que máis axudou a este Concello nos últimos anos porque saberán que todas as sentenzas e todos os fallos xudiciais que hai, a meirande parte deles, eu diría que case na súa totalidade foron favorables a este Concello dende que este señor empezou asesoralo.

Estou convencido de que vostede é un bo profesional, pero coido que cando estamos falando de números un, de persoas que son auténticos especialistas, cualificados e respectados por todo o Estado, evidentemente un que é político e non coñece en profundidade coma vostede poida coñecer cuestións puramente profesionais ou técnicas, témonos que apoiar en profesionais.

Non imos repetir os argumentos. Eu tamén teño aquí hemeroteca pero ¿qué problema hai cando se tira dela? Que o efecto pode ser de "boomerang". Seino por experiencia e sempre lle digo ós meus compañeiros que en política cando utilizas algo hai que ter coidado porque se pode voltar contra dun. Vostede, Sr. Ruiz, hoxe fixo un exercicio do que estou dicindo e sacou a hemeroteca; correcto, as persoas ás veces se sinten implicadas en

declaracións ou posicionamentos que nun momento determinado poden ter pero que logo van variando, pero vostede atopouse co efecto “boomerang” e iso foi que hoxe o puxeron en ridículo diante da cidadanía porque un proxecto importante para esta cidade como pode ser a Plataforma de Salvaterra, vostede quedou nunha situación... Eu non coñecía este tema pero lle teño que dicir que me sorprende esa situación porque agora saco outra reflexión e outra análise que é que semella que aquí hai unha intención clara de que esta cidade non medre, que non se desenvolva. Ese argumento xa se produciu a primeiros de maio-xuño e mesmo eu fun unha das persoas que o trasladei ós medios de comunicación. Semellaba que se estaba tentando potenciar a outras cidades en detrimento desta e iso a min si que xa me preocupa.

Como comprenderá, que vostede sexa o avogado que defenda unha cuestión coma a que vostede ven de explicar, seguramente o terá que explicar, eu non son quen para o facer pero repítolle de novo que coido que vostede actuou nese tema con absoluta honestidade. Pero ó que ía eu é que o que si nos preocupa coma representantes desta cidade é que semella que hai unha manipulación, unha articulación para que outras cidades se vexan favorecidas en detrimento de Vigo e iso si que baixo ningún concepto, nin dende o Goberno, nin dende o Partido Popular, tanto a nivel individual coma colectivo do noso Grupo, ímolo permitir. Evidentemente que iso si nos preocupa.

Como dicía en canto ó estudo económico, repítolle o mesmo que o que vostede comentaba da seguridade xurídica. Xa llo dicía na primeira intervención porque maxinaba que ía ir por aí, pero cando un Plan está apoiado por personaxes tan cualificados como poden ser D. Joaquín Clusá, que repito de novo que é responsable do estudo económico deste PXOM, investigador e profesor do Centro de Político de Solo e Valoración da Politécnica de Cataluña, participou nos Plans de Barcelona, Salamanca, San Sebastian, Pamplona, Madrid e Valencia. Coido que non hai que cuestionar a cualificación e a profesionalidade destas persoas porque supoño que cando asinan este documento non o fan porque alguén lle diga o que ten que poñer nun papel, evidentemente teñen un prestixio avalado pola súa traxectoria e penso que non van facer ese documento para deixar ben a catro ou cinco políticos ou a dous ou tres técnicos.

Pero non só é iso, senón que ó carón deste personaxe está D. José M^a Carrera, autor do Estudo sobre vivenda do Plan Xeral de Vigo, arquitecto, contratado coma consultor, na actualidade é Director Xeral do Plan Territorial Metropolitano de Barcelona da Generalitat de Cataluña. Non está facendo calquera cousa. D. Xavier Vence, a quen coido que coñecen todos

vostedes, responsable de previsións económicas do Plan, Doutor en Ciencias Económicas, Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e Director de Instituto Universitario.

Coido que cando estas persoas maniféstanse e ademais publicamente, porque poderíamos ter a dúbida de que estiveran asesorando pero non se manifestasen, pero por exemplo o Sr. Clusá di claramente nun medio de comunicación do mércores 22 de decembro "...Coido que as 125.000 (referíndose a vivendas) dan folgura, é unha cifra prudente e razoable, é unha boa hipótese nun Plan que é bo". Esas son manifestación destes señores.

Pero tamén lle dicía na primeira intervención que cando un se vai ás ratios e as analiza pode dicir en canto a zonas verdes, por exemplo, que a Lei permite 15 m² por cada 100 m² de edificabilidade de solo residencial e o Plan contempla 21, ó final está nun 40% por riba do mínimo esixido, evidentemente coido que este dato é incontestable. Pero non só iso, senón que cando se vai falar de solos urbanos non consolidados igual, solo urbanizable exactamente igual. Entón ten que me explicar vostede onde está no conxunto do Plan esa edificabilidade tan monstruosa que vostede di, ten que o explicar porque se a Lei permite uns parámetros e nós estamos perto dun 50% por debaixo e en canto a zonas verdes 40% por riba, terá que o explicar porque isto si que o entenden perfectamente os cidadáns. Explique vostede onde está esa edificabilidade de máis ou esaxerada que vostede di, de verdade que coido que o ten que explicar porque a cidadanía non pode atender ó seu discurso porque penso que é demagóxico. Este é o dato real e vostede sábeo.

Incido de novo (e agora si que falo para os cidadáns) porque é importante en que hai un 40% máis do mínimo esixido en zonas verdes e perto dun 50% menos da edificabilidade permitida pola lei. Explíquenos vostedes onde está esa edificabilidade porque ó mellor estamos enganando a todos os cidadáns aínda que eu coido que non.

Dicimos con toda a honestidade dende o Grupo de goberno que Vigo precisa dun plan o máis axiña posible. Vigo ten que seguir desenvolvendo todas as súas potencialidades, a falla de planeamento é un freo importante para o desenvolvemento desta cidade e ademais como xa se dixo hai que poñer solo residencial e industrial no mercado, hai que poñer solo terciario.

Nos vindeiros días xa verán coma a esta cidade van vir cantidade de investidores importantes para tratar dos temas que teñen entre mans. Hai empresas, motores de importantes investimentos, que coma as deixemos

marchar será algo totalmente irrecuperable e iso non se o pode permitir unha cidade coma Vigo cando está nun proceso de expansión. Loxicamente de se xerar este tipo de solo vanse crear empregos, vanse precisar vivendas e vai medrar a cidade. Coido que o discurso que vostede fixo é catastrofista, eu non me identifico en absoluto con el cando di que semella que esta cidade recua, que non vai medrar, que non vai ter incremento de industria, que non vai crear emprego... Coido que o seu é un discurso catastrofista que non podemos permitir baixo ningún concepto.

Hai que tentar de facer un discurso positivo de pensar no crecemento da cidade, de que esta cidade é competitiva a nivel económico, a nivel industrial con outras, que coma aquí se falou é unha cidade importante a nivel de servizos, que segue crescendo, que temos unha área metropolitana potente e forte. ¿Por qué están crescendo Concellos limítrofes co noso coma Pontearreas, Tui, Redondela ou O Porriño? Porque en Vigo evidentemente o prezo da vivenda é alto, non hai solo para poñer no mercado e isto xera que a xente se vaia a outros Concellos a vivir. Coido que ese é un razonamento moi lóxico e que o entenderán.

Pedimos o apoio de todos os Grupos políticos, agora haberá unha exposición ó público e animamos a todos os veciños para que presenten alegacións que imos estudar con detemento e unha a unha, imos seren sensibles nesa exposición ó público porque coidamos que agora é o momento de que falen os cidadáns e ó final isto vai repercutir no beneficio de toda a cidade e de todos os cidadáns. Estou totalmente convencido de que este vai ser un bo Plan para a cidade de Vigo e de que ó final todos nos imos sentir satisfeitos do traballo que fixo Consultora Galega á que lle imos dar o noso apoio os Grupos que neste momento consideremos oportuno facelo.

Dende o Goberno nós pedimos ese esforzo de comprensión de todos os Grupos e que vostedes recapaciten na súa postura e tenten apoiar este documento que é importante para todos.

SR. PÉREZ MARIÑO: En primeiro lugar queredría falar da honorabilidade do meu compañeiro, Sr. Ruiz Ceniceros. Calquera que diga que fixo unha soa actuación coma avogado, algún asesoramento coma avogado ou asinado algún documento logo do día 13 de xuño do ano 2003 ata a actualidade está incorrindo nunha falsedade. Iso xa saíra nos xornais e é certo que na Sentenza pon o seu nome pero quen saiba coma funcionan os Xulgados e coma do primeiro escrito que se presenta se deriva que apareza o seu nome en escritos posteriores, sabe que iso é absolutamente incerto. Nós erramos

hoxe, mañá, podemos errar moitas veces pero non mentimos e iso non sei se o saben os Corporativos que están aquí.

Sr. Figueroa, nós non malinformamos, informamos con toda a transparencia que poidemos tal e como acaeceu esta mañá. O esforzo deste Grupo, protagonizado polo Sr. Ruiz Cenicerros, esixía un debate sobre todos os problemas porque é posible que diga vostede que usou a técnica dos avogados de buscar todos os problemas e que non presentou ningún, pero é que non é o noso papel presentar hoxe ningún Plan Xeral. Nós dixémolles moitas veces ós voceiros en materia urbanística de empezar a negociar Beiramar, ¿por qué non negociamos Beiramar esta mañá aquí? En concreto, porque iso si que o entenden os cidadáns, ¿por qué non podemos negociar Beiramar con 3,58 de edificabilidade, con 4 torres de 20 andares? Avanzariamos algo en concreto. Nós viñemos aquí esta mañá sen "mamporreiros" de ningún tipo, descalifiquen vostedes o que queiran pero saberán, para quen o queira entender, que este Grupo municipal non organizou, nin trouxo, nin avisou, nin recomendou de ningún dos xeitos que viñera xente para crear problemas; máis ben pola contra mesmo lles dixemos que se nós coñociamos a alguén lle dixeramos que por favor parasen, como fixemos noutras ocasións.

Nós viñemos aquí cos nosos argumentos e tentámoslos debater. Gustaríanos que se nos contestasen porque poderíamos estar errados. Poderíamos discutir con vostede ou co Sr. Toba o problema da área metropolitana, de se están avisados os Concellos e de se ten importancia ou non o do Eixo Atlántico. Podemos falar tema por tema e nós tamén estamos dispostos a seguer e seguer ata que se poida aprobar.

Coidamos, e permítanme que sexa unha opinión subxectiva, dende o noso punto de vista, que aprobar un Plan Xeral dunha cidade é probablemente a tarefa máis importante que teñen uns representantes dos cidadáns, máis aló dos temas de conxuntura porque deseña e trata dalgún xeito o futuro do que vai ser a súa cidade e a cidade dos seus fillos.

Nesa medida nós non estamos en contra de ningún Plan, erran vostedes ¿por qué nos queren colgar o "sambenito" de que estamos en contra do Plan, da cidade, da vida, do mundo, dos partidos, ¿de qué máis estamos en contra? ¿estamos en contra dos orzamentos? ¿dos prezos públicos? ¿seméllalle, Sra. Alcaldesa, que adoptamos posturas políticas ou coida que o facemos probablemente en detrimento dalgunha outra historia, a favor do que cremos que son os intereses da cidade?

Eu escoitaba ó meu compañeiro, Sr. Ruiz Cenicerros, quen quizais por inxenuidade dicía que nos tiñan que contestar a estes argumentos que serían

de avogado ou do que se queira pero son argumentos e probablemente habería que os debater e logo cada quen votar o que queira. Pero non se debateron, pouca importancia nos dan e póñennos "sambenitos". Poñan o que queiran, eu non sei que lles dicir cando alguén nun Pleno fala dos "mamporreros" do PSOE, ¿queren que nos levantemos da mesa? ¿convertir isto nunha feira? ¿a quen vituperamos nós en ano e medio que levamos nesta Corporación? ¿de quen puxemos algo aldraxante enriba da mesa? ¿non saben vostedes que non o facemos? Xamais falamos mal de ninguén. Uns dannos leccións, outros consellos pero nós xamais falamos mal de ninguén. Tentamos facer unha mensaxe positiva para esta cidade que tan necesitada está, que ten un urbanismo tan malo, tan caótico, cidade da que vostedes din que non se pode perder nin un segundo.

Hoxe quixemos facer un acto de responsabilidade coma o que vimos facendo e coma o que faremos malia todo o día 14 cos orzamentos. Dentro deses actos de responsabilidade gustaríanos establecer un debate sobre o urbanismo desta cidade porque, por exemplo, vostede di que participaron persoas moi importantes; pois non me faga poñer exemplos da historia de persoas moi importantes que cometeren as maiores tonterías, non quero poñer exemplos pero podería poñer uns poucos dos mellores filósofos, pintores, músicos e políticos que abrazaron causas; falemos en concreto dos temas e non de argumentos "ad personam".

Eu coñezo a algunhas das persoas que vostede nomeou e non dubido da súa capacidade profesional pero ¿qué se dixo con iso? ¿que convencemos porque o fai determinada persoa? Case todos os Planes que se fixeron nos últimos anos nesta cidade viñeron avalados polo mesmo, pero ¿qué temos na nosa cidade? ¿estamos orgullosos da nosa cidade? ¿estamos orgullosos de aprobar hoxe o Plan Xeral? ¿vostedes cren realmente que hoxe damos un paso positivo? Voulles dicir unha cousa: se o aproban, que o aprobarán, ogallá acerten. Nós preferimos errar pero vemos moi claro, non xa dende unha perspectiva de avogado ou de político, senón de inxenuidade que cando estamos todos os grupos a favor de que non se faga o edificio da Laxe ¿cómo podemos facer o de Beiramar? ¿ou é que nós xa non entendemos nada? ¿cómo podemos construír 1.500 vivendas en Álvarez cos problemas sociais que iso produciu ou producirá? ¿cómo podemos cambiar a perspectiva da Praza de España, da praza da nosa cidade? ¿qué necesidade hai de cambiar? ¿qué achega ó progreso da nosa cidade?

Xa ó final, Sr. Figueroa, tenme que perdoar, eu son bastante pouco agresivo ou coido iso, pero nos di vostede que estamos na contra da cidade. Pois

mire vostede, eu teño aquí ós meus fillos, todos temos ás nosas familias e queremos a mellor cidade posible para todos, outra cousa é que disentamos no tipo de cidade. Pero ¿non coida que xa somos maiores para que nos diga que non queremos á cidade? Cando eu miraba onte nos telediarios que nunha cidade gobernada polo seu partido, Ourense, facían unha exposición de esculturas de Javier Conde pensaba qué bonito e qué ben. Cando aquí se fai calquera actividade como pode ser o que no seu día fixeron outras Corporacións municipais, o de Urzáiz, nós dicimos que que ben. ¿Vostede escoitounos dicir despois dun ano de balance, que qué mal algunhas cousas...?

Poño a miña honra sobre a mesa e digo que non chamamos a nin unha soa persoa, pero aínda que as trouxeramos tampouco seríamos responsables das súas algarabías, bastante comúns neste Concello e que eu tiven que padecer unhas poucas doutros grupos políticos, por certo, e non os califiquei, calei pola honorabilidade que me merece esta cidade na que nós temos nestes momentos unha responsabilidade.

Eu pedinlle a vostede hai uns días nunha Xunta de Voceiros que non se realizase este Pleno o día 30, pedinllo porque eran as festas de nadal e porque non pasaba nada con que se esperase 10 días; pedinllo porque me gustaría que viñera moita xente ó Pleno, calada, en silencio, respectuosamente, pero moitísima xente; estaría encantado de que non se furtara o bo ou mal debate que fixeramos e que deramos un exemplo de debate, estaría encantado de que se fixera na sala grande de abaixo.

Non o quixeron facer vostedes polas razóns que sexan, non quixo cambiar a data do 30 de decembro. Unha vez que vostede non cambia a data do 30 de decembro non é loxico que poidamos pensar en qué razóns haberá. Estaríamos encantados de que todos os cidadáns de Vigo poideran caber e escoitar ó Sr. Ruiz Cenicerós, fíxense vostedes as gañas que temos de problemas, Sra. Alcaldesa, estaríamos encantados para que tomaran unha opinión que a nós gustaríanos que a tomaran a favor das nosas teses pero en calquera caso a favor das que queiran. Se mañá as teses son favorables ás súas opcións nós aceptaremos a realidade democrática con moitísimo gusto, coma a aceptamos sempre.

Como vostedes saben non poidemos seguer gobernando a cidade e, cando polos nosos principios crimos que non era posible, puxemos nas súas mans cesar na cidade presentando unha cuestión de confianza. Voltaríamos facelo porque estamos aquí para cumprir a nosa misión e o noso compromiso con nós mesmos e coa cidade e por mor dese compromiso defendimos as nosas teses e as

segueremos defendendo aínda que nos insulten, nos inxurien coma ó meu compañeiro, Sr. Ruiz Cenicerros, que xa o dixen dúas veces pero me van permitir que o diga unha terceira: non asinou ningún escrito dende o día 13 de xuño de 2003 e dígolle dende agora que dimita inmediatamente se asinou un só escrito coma avogado a partir do 13 de xuño de 2003. Outra cousa sería saber o preito, ó mellor era unha expropiación, un prezo xusto, un avogado penalista defende asasinatos, aquí nas nosas e noutras fileiras hai avogados que defenden temas urbanísticos, defenden os temas dos seus clientes pero non se comprometen con eles.

Dicía o meu compañeiro, Sr. Ruiz Cenicerros, que co talante co que vostedes recibiron ás nosas obxeccións, non sabía coma ían recibir as alegacións. Eu pídolles a vostedes un esforzo de comprensión coas nosas obxeccións e alegacións, escóitennas. Non escoiten as alegacións coma se xa viñeran determinadas, aínda que sexan do PSOE porque tamén teñen dereito a vir ós Plenos a protestar pola súa conta porque, aínda que algúns non sexamos do partido, coidamos que non é unha secta de obrigado cumprimento, eles virán, dirán ou farán.

En definitiva, queremos que a cidade creza sostiblemente, queremos unha cidade habitable, da que poidamos estar orgullosos e tocounos programala entre todos. Pídolles que fagan un esforzo por desgranar todas e cada unha das obxeccións do Sr. Ruiz Cenicerros para as desbotar se así lles semella, pero rebátanas, rebatan unha por unha. Moitas quizais non serán as máis axustadas pero dende logo que son froito dun esforzo intelectual enorme que fixemos de xeito autónomo, independente porque lles podo dicir a vostedes que non de xeito interesados nin de xeito político, non estamos na política para eses mesteres, estamos para facer un ben no que a nós nos semelle e poidamos pola cidade de Vigo.

A PRESIDENCIA: Só facer un clarexamento. A súa petición, Sr. Pérez Mariño, consistía en lle dar entrada a todas as persoas que estaban fóra; as persoas que estaban fóra eran os violentos, os que romperon as portas deste Concello e asegúrolle que o esforzo pola comprensión, o diálogo e escoitar absolutamente a todos, vai estar garantido tal e como di a Lei, tamén respectando o período no que entraremos se aquí se aproba inicialmente o Plan Xeral.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Pérez Mariño, falou vostede con énfase en canto ó Eixo que ningún dos que estamos aquí convocamos, apelou á credibilidade e

dixo que o créramos. Pois mire, ó mellor eu son un inxenuo pero agora cando o escoitei falar así creino. Pero eu pódolle crer iso pero sen embargo non comprender ás súas actitudes porque o Partido Socialista non é calquera cousa que se poida engadir a calquera algarada de calquera xeito nin por activa nin por pasiva. Dígolle iso porque de verdade que eu lle creo tal como o dixo agora, ó mellor son idiota pero palabra de honra que lle creo. Agora ben, créndolle déixeme que lle faga dúas preguntas: ¿Por qué quedaron sentados alí cando todos os demais nos íamos? ¿non era unha situación violenta? ¿eran os máis valentes, os máis guapos, non querían defraudar ós que estaban alí? ¿os demais eramos covardes e vostedes valentes? ¿cal é a explicación para que tres Grupos políticos nos retirásemos do lugar do Pleno e vostedes, só vostedes, quedaran alí sentados? ¿para demostrar qué? A segunda pregunta é ¿por qué non condenan?, é dicir, todos os que estabamos alí condenamos esas actitudes. Fala de que vostede non convocou pero ¿seméllalle ben o que fixeron? ¿fágao quen o faga?

Terceiro, a actitude política. Sr. Pérez Mariño, vostede non se decata de que hai cousas na vida que se hai que escoller, en política como en tantas outras cousas e nun momento determinado coa responsabilidade que hai que ter e no lugar no que estamos hai que escoller a seguridade. A min tamén me gustaría escoller unha praza de touros que é o sitio máis grande para debater politicamente con todos vostedes, créanme que me gustaría e mesmo no estadio do Celta porque seguramente entraría moita xente e eu non lle teño medo a ningún debate. Pero tamén do que estou convencido é de que lugares así dexarían a seguridade nun lugar absolutamente precario. Xa máis concretamente na situación política que había hoxe, a máis elemental prudencia aconsellaba o que fixemos: non mantérmonos alí para non seguer instando a que poidera haber violencias peores, senón retirármonos dalí para que as augas foran ó seu sitio e non houbera o que por desgracia podería ter acaecido hoxe.

Que eu non os vexa a vostedes nesa actitude de responsabilidade alucíneme e vostede en particular, porque tivo unhas responsabilidades altas, estou convencido de que non lle consinte nin levantar a tose a un señor que se lle levante nun xulgado. Entón créame que crendo o que dixo, que o creo, esas actitudes son culposas ou cando menos gravemente erradas. Isto é un tema moi grave e por iso volvo sobre el, porque tento que entre todos, e tamén llo pido a vostede, o atallemos, que non se cree agora aquí unha competencia dun tanto e o outro máis porque mala cousa para esta cidade se iso ocorre.

Eu pediríalles a todos un esforzo para frear ese tipo de cousas que non se poden frear doutro xeito se non é unha condena rotunda e absoluta deses feitos, fixéraos quen os fixera e a partir daí poderá haber credibilidade, senón non lle estrañe de que, crendo coma mínimo na súa palabra, podo chegar pensar que vostede non chamou pero como lle viña ben a súa causa cedeu.

Antes como non quería falar moito esquecínme cando vostede citaba ós Manhattan e o tema das alturas e eu falaba en broma do vértice polas alturas, pois repito que non me gustaría que Vigo fose un Manhattan, gústanme máis as cidades construídas in extenso que en altura, repito iso que dixen; pero digo tamén que non me importaría en absoluto nin poría atrancos porque me podería encantar un edificio singular feito por Norman Foster que tivera, xa non digo que 20, senón 60 alturas nun parque duns 200.000 m², por exemplo

O problema non son as alturas e cando lles escoito a vostedes dicir que non queren máis de 10 alturas seméllame ridículo e non o digo para os molestar, senón para definir a sensación que me produce este tipo de definición urbanística. A ver se no tema das alturas para enriba ou para embaixo imos poñendo as cousas no seu sitio. Agora pregunto ¿gústanlles as alturas que hai ciscadas? Non. Pero ¿é que non falei aquí xa de alturas que me arrepían coma as de beiramar?

Pois é certo que hai contradicións; a Sra. Alcaldesa di que non sei qué e agora di que non sei canto, serán as alturas do Bloque porque ¿quen apoia entón Beiramar? A ver se agora o ordenamento que aparece aprobado non vai ter nin pai nin nai, a ver se imos estar todos en contra e vai aparecer pintado así. Hai que asumir responsabilidades nese sentido pero non nos mesture a todos. Estou encantado de explicar a miña posición e ó mellor podo estar trabucado, seguro que en cousas que digo estou trabucado e ademais o digo con toda a tranquilidade.

Eu boto de menos unha cousa. Respecto a súa intervención e ademais por certo que coido que foi bastante boa, semelloume unha intervención bastante boa no traballo que vostede fixo pero boto de menos absolutamente que vostedes me digan que Vigo ben porque iso non fun quen do entender. Fun quen de entender que para vostede con toda a lexitimidade, con razón ou sen ela, había unha chea de pegas, ademais a min moitas sonábanme ata ben, quero dicir que ata tiña vostede razón e coido que fixo vostede e o seu Grupo un traballo moi de respectar, guste ou non e eu así o recibo, pero boto moi de menos que o Partido Socialista non diga o modelo de Vigo que

quere porque iso para min é infinitamente moito máis importante de discutir que outras cousas porque se o seu modelo, por exemplo, é o que o Sr. Pérez Mariño citou nalgunhas parroquias dicindo que non quería que Vigo medrara, aí hai un caso de absoluto confrontamento comigo e podo explicar por qué: hai que crear emprego, por moitas cousas. Non sei qué modelo teñen vostedes porque hoxe non o explicitaron nin o fixeron nos debates. Respecto absolutamente a súa intervención, coido que é pertinente pero dende logo boto moito de menos que me dixera o tipo de Vigo que quere o Partido Socialista, que digan se lles gusta con 10 ou 12 alturas, iso non define nada.

Digo isto en canto ó debate do fondo do tema. Logo escoitei tamén moi atentamente o compromiso do Sr. Figueroa; con todos os respectos porque créame que mos merece e vostede sábeo, pero coma ata agora o Plan é cousa de dous a min gustaríame sentir que pensa o Bloque neste tema e antes de tomar decisións.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sr. Pérez Mariño, vostede o pasado martes día 21, sementou ventos e hoxe recolleu tempestades. Digo isto e a seguer digo que o Grupo municipal do BNG quere que conste en acta a súa solidariedade cos policías locais feridos polos vándalos que romperon patrimonio municipal, desfizeron as escaleiras e as portas e ós que se lles incautaron armas brancas. Quen sementa ventos e anuncia nubarróns recolle tempestades e ás veces aterrorízase das tempestades que sementou.

Neste intre se produce unha intervención do Sr. Calviño Rodríguez que non quedou recollida na cinta gravada da sesión ó tela feito fóra do micrófono.

A PRESIDENCIA: Non ten a palabra, Sr. Calviño.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Que consten en acta as declaracións do Sr. Calviño que ó meu entender revelan claramente esa especie de dobre linguaxe cínica á que nos está acostumando o Grupo municipal do PSOE cando di que non tirou a pedra e mirámoslle coa man agachada.

En todo caso, se me permiten continuar, cando alguén lanza mensaxes apocalípticas unha de dúas, ou quere desestabilizar ou sinxelamente non ten discurso, ten un baleiro político e non sabe facer outra cousa.

Nós estamos dispostos a integrar todo o que haxa que integrar no debate do que é planificación e ordenación desta cidade para os próximos vinte anos,

e digo isto porque coidamos que ó que lle imos dar a aprobación hoxe é iso é o suficientemente importante coma para integrar a todo o mundo, pero para iso nos teñen que dicir que é o que queren.

¿Queremos ou non a Ronda? Non vale dicir que xa chega tarde ¿ímola facer ou non? ¿é importante ou non? Hai toda unha filosofía detrás diso. Se a queremos ¿podemos estar todos de acordo en que hai algún tramo que mellorar? ¿algunha característica que mellorar? Propoñan. ¿Queremos a depuradora? Propoñan. O Sr. Soto fixo unha proposta que estamos dispostos a estudar antes da aprobación definitiva, dende logo o noso interese e a nosa intención é que exista na aprobación definitiva do documento unha obriga para a depuradora, pero se alguén coñece lugares, á parte de vostede, Sr. Soto, que os diga non vaia ser que unha vez situada a depuradora alguén se suba ó carro do colectivo de afectados. A ver se nos entendemos que xa somos maiores.

Non vale dicir que falla unha depuradora no documento do Plan Xeral, que se nos diga ónde se colocaría e logo o discutiremos. Nese sentido o Partido Galeguista así o fixo e nós estamos dispostos a estudialo, a estudar cada unha das propostas que se fagan e cunhas estaremos de acordo e con outras non.

Pero evidentemente hai algo que clarexar dunha vez se queremos que o debate non sume no confucionismo á cidadanía porque semella que todo o mundo está empeñado en que á cidadanía hai que a escoitar e semella que o único problema é que veñan a un Pleno. Tamén hai que informar á cidadanía para que teña as cousas claras.

Polo tanto, ¿estamos ou non de acordo na estrutura do Plan? ¿estamos ou non de acordo na filosofía do Plan? Non é o mesmo dicir que queremos que Vigo sega dentro de 20 anos sendo igual ó que é agora que dicir que queremos outra cousa. Non é o mesmo dicir que queremos que medre e prever que medre e se non medra ¡vaia por Deus! pero non será porque non haxa solo dispoñible para medrar, que dicir que non, que un se quere quedar coma está. Son filosofías diferentes, imos ver se nos clarexamos.

¿É un problema de alturas ou de filosofía de fondo? ¿Estamos utilizando as alturas para escandalizar a alguén que se presigna coas alturas ou hai un problema de filosofía de cidade de fondo? Pois teñamos o valor político do dicir claramente e se no fondo o problema é ese recoñezamos a nosa diferenza na filosofía política de fondo. Se non é así, se todos coincidimos no fundamental o resto para o BNG é accesorio e enténdase accesorio no sentido amplo e non literal.

Polo tanto imos ver se nos clarexamos, ¿Vigo ten que seguer ofertando solo industrial? Si ou non, ¿tense que ampliar Citroën? Porque iso supón unha superficie na parroquia de Matamá dedicada a solo industrial, entón ou si ou non, nada máis. Se ten que haber unha mellora no tráfico terá que haber unha ronda ¿qué características ten unha ronda? Propoñan as que queiran e se estamos de acordo na filosofía estaremos de acordo en qué características vai ter esa avenida. ¿Qué ten que ter a ronda para que sexa aceptada por todo o mundo? Dígase, propóñase, débúxese e inclúase no Plan. O que dende logo o BNG non está disposto é a dicir que a Ronda non é necesaria porque a estas alturas que temos un impresionante problema de tráfico nesta cidade, estamos todo o día queixándonos do tráfico, resulta que os viais agora non son necesarios. Dígase cómo queremos o vial pero non digamos que non, que alá outros, que debuxen que nós seguiremos dicindo que non porque a cuestión é que xa tiñamos pensado dicir non hai moito tempo, danos vergoña dicir non porque a ver se quedamos mal. Non se pode quedar ben con todo o mundo e nós sabémolo.

Imos votar afirmativamente, coidamos que este documento é mellorable e é mellorable pola cidadanía e por calquera achega de calquera Grupo municipal, colectivo profesional que queira achegar en positivo. Co que dende logo non imos seren tolerantes é con ninguén que queira parar isto, ou queira cambiar a filosofía, con iso non imos seren tolerantes, como tampouco o imos ser coas algaradas. Para nós hai uns interlocutores veciñais, sociais, profesionais e políticos concretos e con eles imos falar. Quen pense que coa algarada vai acadar algo dende logo xa lle pode advertir no nome do Grupo municipal do BNG que con nós vai dado, diso xa vivíu moito esta cidade e quen pense que calquera tempo pasado foi mellor alá el porque para nós o tempo pasou. Estamos nun Vigo máis maduro que quere que os seus representantes públicos debatan pero que tomen resolucións mesmo dende a discrepancia e estamos nun Vigo que quere avanzar e seguer liderando Galiza coma eurorrexió

No Plan do 93 eu era o único concelleiro daquela do BNG e dixen si o Plan; aquela Corporación dixo si estando todos en desacordo con algunha parte do Plan e esa tamén é a grandeza daquela Corporación e daquel Plan Xeral porque todos coidabamos que era necesario, imprescindible e ademais estabamos obrigados porque nos suspendera a Xunta o anterior, e en 9 meses fomos quen de nos poñer de acordo e de renunciar. Pois ben, se en tres anos e pico que é o que lle queda ó Plan esta Corporación non é quen de se poñer de acordo ou algún Grupo municipal non é quen de facer un esforzo por se

poñer de acordo, coido que mal imos pero dende logo non será polo BNG porque xa digo que para nós ese tempo nesta cidade pasou.

Nese sentido, polémicas á parte, tensións derivadas do debate, dalgo tan importante como é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, independentemente do escaerio violento que sufrimos esta mañá, eu quero dicir que estou satisfeito, que este é un grande día e que ademais o Plan Xeral pasou o rubicón. Non hai volta atrás, remataremos dentro do tempo que sexa necesario o traballo de ver as achegas cidadás, de debater, de consensuar pero dende logo que Vigo vai ter un Plan Xeral e coido que esta é unha boa nova para a cidade, que somos quen de avanzar un pouco máis. ¿Qué nos puxemos de acordo algúns? Ogallá que dentro duns meses e logo das alegacións nos poñamos de acordo o 100% e o compromiso do BNG, Sr. Soto, Sr. Pérez Mariño, é poder chegaren á integración de todas as propostas dentro sempre da filosofía que alumea dende o Avance este planeamento.

Polo tanto, nós estamos satisfeitos do debate, do seu proceso e temos a satisfacción que sempre implica un grao de anxeio porque se perfecciona e que sexa no período de alegacións, que esperamos que sexa o máis amplo posible, ogallá veñan moitas alegacións que perfeccionen todas aquelas cuestións que seguramente os técnicos deixaron esquecidas ou mal debuxadas ou mal entendidas, pero para iso está o período de participación cidadá e que dunha vez Vigo teña ese Plan Xeral que dea unha seguridade xurídica á nosa xestión urbanística pero que tamén garanta que nós poidamos seguir sendo a cidade que fomos pero mellor, seguir sendo esa cidade dinámica, activa, en crecemento, en bule-bule, acollidora con toda a xente que ven de fóra e por iso imos crecer e é mellor porque, coma prevemos ese crecemento, poderemos ter eses espazos, esas dotacións, esas zonas verdes, esa previsión de crecemento en vivendas e en solo industrial.

Esta é a esperanza do BNG e animamos a todos os cidadáns a que de xeito democrático se acheguen a coñecer o Plan Xeral. Haberá moito tempo para debater o Plan Xeral, aquí non remata nada, pero que o coñezan e non o que dicimos nós, senón o que din alí, que se informen e opinen. O Grupo municipal do BNG informará a quen queira, estudará todas e cada unha das propostas que no período de exposición pública se fagan de xeito procedimental, é dicir, con nome, apelidos, entrada polo Rexistro Xeral do Concello e a cara descuberta, non en algaradas.

Moitas grazas e pola parte do BNG, se non hai máis alusións evidentemente, esta é a última intervención.

SR. IGLESIAS CARRERA: Eu queredría seguir vindo ó Concello e mirar a todo o mundo á cara e non quero pasar por mudiño.

Teño que lle dicir dúas cousas ó Sr. Ruiz Cencieros. Empecei hai moito tempo coa Plataforma loxística e teño que dicir no seu bo nome que xamais ouvín que estivera metido en temas deste tipo, obstaculizando a Plataforma loxística ó chamado porto seco.

Segundo, que eu cando informei aquilo fíxennos baseándome nuns asesores que eu tiña. Eu tiña unhas competencias delegadas na Delegación e a min aconselláronme aquilo, non foi unha opinión persoal, nin siquera estética, era sinxelamente que tiña que informar iso e non o contrario e coido que non se pode comparar un informe dun PERI dentro dun Plan Xeral antigo, co que se debate hoxe que é un Plan novo, provisional e que indubidablemente terá moitísimas matizacións e correccións porque por exemplo o PAU de Navia aprobouse en febreiro de 1992 e aínda se está facendo e estamos no 2005, entón resulta que todo vai moi a modiño.

Eu sei que estas palabras poden semellar que quero ser o bo. Non, coido que aquí hai moi boas persoas que defenderon as súas posicións e coma son o de máis idade pido, por favor, cordura porque cara a Vigo isto é o que se precisa. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Antes de pasar á votación e para pechar queredría dicir que Vigo precisa unha regulación ordenada para unha nova cidade, non é posible resolver as esixencias da cidade con formulacións de hai máis de vinte anos. A cidade cambiou e nós temos que estaren á altura desas circunstancias. Vigo precisa desenvolver as súas potencialidades, a falla dunha planificación axeitada é un freo para o seu desenvolvemento. Vigo precisa potenciar o seu papel coma cabeceira da área metropolitana e tamén coma centro da eurorrexión. Vigo precisa ordear e completar a rede de infraestruturas que permita unha axeitada comunicación consigo mesma e tamén co resto do territorio. Vigo precisa resolver os déficits derivados do extraordinario crecemento do último século sen unha axeitada planificación para mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns. Vigo precisa dotar ó planeamento da seguridade xurídica que permita dar garantía ó investimento no desenvolvemento da cidade.

O que non precisa Vigo é a xudicialización da vida municipal. Vigo precisa resolver o seu desenvolvemento preservando e potenciando o seu patrimonio natural e cultural como sinais de identidade e legado para as futuras xeracións de vigueses. Iso chámase crecemento sostible.

Vigo precisa dispoñer dunha oferta de solo suficiente, tanto para uso residencial coma para as actividades productivas que demanden os roles que Vigo ten que desenvolver nun sistema de cidades no que a cidade está inmersa. Vigo precisa acadar unha cidade para vivir, para convivir, unha cidade próspera que xere emprego e riqueza para os seus cidadáns.

Por todo isto é urxente que Vigo teña un Plan e que non sofra ningún parón máis e por isto agradezo que todos, ou case que todos, souberamos facer cesións para que Vigo tivera un plan e non enquistar a cidade. Por todo isto hoxe é un día importante para Vigo.

Quero agradecer o traballo feito, as achegas de todos e a xenerosidade de moitos para acadar ese consenso cidadán que quedou reflectido no Consello Sectorial de Urbanismo.

Hoxe comeza a conta atrás para que a nosa cidade non sega crescendo de xeito desordenado, improvisado, en precario e coa inseguridade que sufrimos nos últimos anos. Para que o seu resultado final acade o maior acordo posible quérolles dicir ós vigueses que escoitaremos as súas alegacións, que realizaremos o esforzo necesario para incorporar suxestións e alegacións dos cidadáns e ánimoelles dende aquí a participar a todos. Xuntos seremos quen de mellorar o documento final se compartimos o obxectivo principal que é facer cidade e facela ben.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Toba Girón e a Presidencia, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, na súa última versión de decembro de 2004, elaborado pola entidade mercantil "Consultora Galega, S.A." mediante contrato de asistencia técnica, así como os convenios urbanísticos unidos como anexo á súa memoria. (expte. 7266/411).

Segundo.- Suspender o outorgamento de licencias urbanísticas en toda a área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatible coa establecida no planeamento vixente.

Terceiro.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación na provincia, neste último caso en dous días consecutivos.

Cuarto.- Conceder un trámite de audiencia polo mesmo prazo ós municipios limítrofes, notificándolles individualizadamente este acordo.

Quinto.- Recabar os informes sectoriais e municipais relacionados no informe do 15.12.2004 do arquitecto xefe e do técnico de administración xeral da Oficina de Planeamento obrante no expediente.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezaseis horas e corenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmá. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.
kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.